
48 abril maio xunio 1975

GRIAL



XOSÉ FARIÑA XAMARDO: A parroquia rural galega.

EDUARDO MOREIRAS: Vivencias galegas nas narracións de Guimarães Rosa.

ANA M.ª DIACONESCU: El narrador en la estructura de la novela "Xente ao lonxe" de Eduardo Blanco-Amor

CLAUDE LÉVI-STRAUSS: As matemáticas do home.

BERNARDINO GRAÑA: Sinfarainín contra don Perfeuto.

JOSEPH M. PIEL: Mánduas: Un problema de toponimia histórica galega.

VIGO

GRIAL REVISTA GALEGA DE CULTURA
N.º 48 — ABRIL, MAIO, XUNIO 1975

SUMARIO

Páxinas

ENSAIOS

A parroquia rural galega, por XOSÉ FARIÑA XAMARDO 153

Vivencias galegas nas narracións de Guimarães Rosa, por EDUARDO MOREIRAS 168

El narrador en la estructura de la novela "Xente ao lonxe" de Eduardo Blanco-Amor, por ANA MARÍA DIACONESCU 175

As matemáticas do home, por CLAUDE LÉVI-STRAUSS. Tradución de SALVADOR LORENZANA 192

ESCOLMA

Sinfarainín contra Don Perfeuto, por BERNARDINO GRAÑA 201

Escolma de poemas, por ELADIO 218

PENEIRA DOS DIAS

Mánduas: un problema de toponimia histórica galega, por JOSEPH M. PIEL 227

Estudiosos do galego: Don Xan Manuel Pintos Villar, por AURORA MARCO 231

Grandezas del Reino de Galicia 237

A crise da cultura acumulativa, por XOÁN XULIO ALFAYA 241

Xesús Ferro Couselo 243

A lingua e a cultura galega alén das nosas fronteiras, por XOÁN X. SANTAMARIA CONDE 246

O Profesor Machado da Rosa 250

As catro línguas nacionáis de Suiza, por CARL DOKA 252

O I Festival Folk Galego, por X. FERNANDEZ FERREIRO 258

LIBROS, por *A. Basanta, R.C.C., Salvador Lorenzana, X. de Castro Arines, Carlos Durán, Xosé M. R. Pampín, Alvaro Cunqueiro, S. Seoane* e *Francisco Pérez Santalices* 261

O REGO DA CULTURA 276

REDACCION E ADMINISTRACIÓN
Editorial Galaxia — Reconquista, 1 — Vigo

Director periodista: **Xosé Landeira Yrago.** — Codirectores: **Ramón Piñeiro López e Francisco Fernández del Riego.**—Consello de Redacción: **R. Carballo Calero - D. García Sabell - C. Fernández de la Vega - X. M. López Nogueira - M. Dónega Rozas - Camilo G. Suárez Llanos - Basilio Losada Castro - Ricardo García Suárez.**

A PARROQUIA RURAL GALEGA

Moitas veces téñome perguntado encol do feito da pervivencia da parroquia rural galega. Os meus primeiros contactos coa vida e a organización campesiña na Galicia fixéronme acadar a importanza que a vella freguesía tén. Xa no ano 48 dín ao prelo un libriño de "Istrucciós" pra os alcaldes-pedáneos ou de barrio —asegún o termo leigario— sabedor de que calquera laboura municipal non é posíbel no meio rural galego, senón se teñen en conta as parroquias.

Mais, nas leises vixentes do réxime local da Hespaña, a parroquia rural galega é unha institución iñorada, a pesares de que os Nomenclatores oficiáis sinalan a existencia na nosa terra de 3.811 parroquias, tendo cadansúa delas: un territorio, uns montes veciñáis, un cimiterio, un santo patrón, unha eirexa, unha festa, un pedáneo, unha vecindade de feito, e unha conciencia parroquial. Nembargantes, a parroquia rural galega foi esquecida polos petrucios tratadistas galegos, hastra o encomezo deste século, anque sempre estivo presente na realidade campesiña e mantuvo a súa forza e importancia a traveso dos séculos.

O artigo 14 do Proieito de Estatuto do 1932 sinalaba que a organización e réxime local da Galicia fundamentaríase no recoñecimento da personalidade xurídica da parroquia rural. E iste artigo fíxose logo letra de lei no Estatuto Galego. Por certo que daquela houbo algúns asambreistas que quixeron sustituir o nome de "parroquia" polo de "tierra" ou o de "agrupazón rural con nome propio", dando probas dunha xenreira que hoxe chamaríamos parva, pois eu coido que o mesmo dá dicir, poño por caso, sereo que vixiante nouturno, e que pouco adiantaremos chambando parolas, si os defeitos e as funcións siguen sendo os de sempre. O lóxico houbera sido chamarlle á parroquia: freguesía, que foi o seu nome devanceiro na Galicia e o que aínda conserva en Portugal.

Foron os homes do Seminario de Estudos Galegos os que puxeron de manifesto a importanza da nosa parroquia rural. Pra Risco "a unidade económica en Galicia é a casa, e o fato social-trasfamiliar é a parroquia". Cuevillas dínos que a parroquia é a "auténtica

molécula social do noso campo". Pra Otero Pedrayo a parroquia supón "a forma natural, espontánea, inmorrente da poboación campesiña". E o noso guieiro Castelao adoutrina: "a parroquia sigue sendo a úneca célula vital do noso país, a úneca entidade natural da poboación campesiña. A parroquia rural é unha das máis punxentes caraiterísticas da nosa Terra, e de ningunha maneira se debe prescindir da súa eisistenza".

E seguindo o camiño que Otero Pedrayo asinalara de que pra coñecer a xeografía humán galega era perciso o estudo de todas as parroquias —i el foi o primeiro en estudar a súa de Trasalba— xurdiron algunhas monografias locáis como a "Parroquia de Velle", de Cuevillas, ou a "Santa Marta de Moreiras", de Xosé Ramón Fernández Oxea, poño coma exempro das máis sinificativas.

Pola outra banda, a parroquia rural galega acadaba tamén o seu recoñecimento coma entidade natural nos escritores i estudosos das novas xeraciós dende Isla Couto a Moure-Mariño, pasando por Beiras, Miguez, Salvador Lorenzana, Cambre Mariño, Sandomingo, Barreiro Fernández, Rial López, Fernández Suárez, Sierra Franco e moitos máis, sin esquecer, no orde doutrinal a Villar Grangel, Elías Barros, Peña Novo, Agustín Díez, Eugenio López, Dantín Cereceda, Cores Trasmonte, Niemeier, Gómez-Tabanera ou Carmelo Lisón. Galegos e non galegos postos en contacto coa realidade da nosa terra recoñecen, sen dúbida, a existencia da parroquia rural coma entidade social, orixinal e ben difrenciada.

Non veño, por tanto, a falar eiquí dunha istitución morta ou que anda a morrer, senón dunha istitución viva que perdurou a traveso dos séculos, escontra os atoches dos nobres, dos bispos, dos cregos, dos reises, e das leises absolutistas ou liberáis que se aproveitaron dela sin oferecerlle siquera recoñecimento xurídico, e que aínda hoxe amostra a súa vivencia i existencia nas páxinas dos xornáis galegos ou nas dos Boletíns Oficiáis cando falan de prestacións ou de concentracións parcelarias, poñamos por caso.

Pra min, a parroquia rural, do xeito que agora se nos oferece na realidade galega, é unha istitución ecresiástica aproveitada tamén no orde civil e adeministrativo e que costitúe unha agrupación social característica.

No encomenzo a palabra "parroquia", no senso da freguesía cristián, trabúcase coa palabra "diócesis". Esta identidade é lóxica nos anos iniciáis, pois, coma sinala Corazzini: "nos primeiros 250 anos do Cristianismo non se pode falar de parroquias". En cada diócesis a catedral era a úneca parroquia, e o bispo o úneco párroco. Somentes a catedral tiña pía bautismal, e somentes nela se bautizaba. Poriso parroquia daba o mesmo que diócesis. A pía bautismal determiñaba a existencia dunha freguesía. Tan foi deste xeito que, na linguaxe adeministrativa, ás parroquias chamábanlle "pías", e co este nome aparescen nos documentos e "Relaciós", coma a que os bispos galegos remitiron a Felipe II no ano 1587, orixinándose a denominación castrense-adeministrativa de "soldados pilones".

Nos seus primeiros tempos o Cristianismo foi somentes urbán. O nome paganos ven dos "pagus", ou sexa, dos que tiñan as súas moranzas no rus. "A parroquia rural xurde coma unha manación súpeta do "pagani" convertido ao cristianismo". A orixen da primitiva parroquia temos que buscala na eirexa rural, e o primeiro documento que fala dela é un canon do Concilio de Arlés do 314.

Nas cidades, ao medrar o númaro dos cristiáns, erguíanse outras eirexas dependentes da Catedral, único logar con pía bautismal e onde se adeministraban os sacramentos, pro, nas aldeias e pobos do rus, polas distancias á catedral, iso non foi posíbele. Poriso a parroquia, con pía e direito de bautizar, culto, cregos e patrimonio seu, atopámola denantes no campo que na cidade. O nascimento da parroquia rural creba a unidade da diócesis, do culto, e do patrimonio.

Pierre David, dinos que as freguesías rurales en Francia xurden no século IV. Na Hespaña no V, inanque documentalmente non aparescen hastra o VI. ¿E ónde se asentan? Corazzini, sinala que nun "vicus" ou nun castro. Imbart de la Tour demostra que no século V aparescen eirexas asentadas: 1. Nun "vicus" ou nun castro, polo bispo ou polos veciños. 2. Nun terreo da eirexa, polo bispo. 3. Nunha vila, polo dono dela. 4. E nun logar deserto polos frades. Son pois os castros e as vilas logares preferidos pra o asentamento das freguesías ruráis.

As fundacións das eirexas fanse entón polos bispos ou frades, pro tamén polos donos das vilas ou polos veciños dunha aldeia ou "vicus". Esto prantexa a custión de quén eran os donos das eirexas, deste xeito estabrelidas, á coal resposta Ulrico Stuzt coa súa doutrina das "eirexas propias", dicíndonos que as eirexas foron na Edade Meia visigótica e da Reconquista de propiedade privada. Son moitos os que aseguran que as eirexas de propiedade particular, nos séculos VIII e IX, eran moitas máis que as freguesías entón existentes. Nestas eirexas privadas que os donos podían vender, doar ou herdar, o mesmo que si fosen unha leira ou un casal, poñían un crego pra o culto, inanque os bautizos e os enterramentos tiñan que faguelos na parroquia.

Son os donos das vilas os que estabrecen estes "oratoria villarum", e nomean ao crego que ha de servilos. Despóis, estes oratorios ou "baseligas", coma lles chaman nos diplomas, vanse convertindo en parroquias, xa que deste xeito os donos delas fanse donos dos dezmos e incruso das primicias, dispoñendo da eirexa, feita xa freguesía, coma dun herdo máis. É poriste herdo que xurdéu pra acadar benfeitorías espirituáis, pro que os homes convirten nunha benfeitoría terreal, rifan e loitan, señores e bispos, reises e abades, e fanno máis que polo "fuero", polos ovos das oblatas e os cartos que supoñen os dezmos, primicias e outros direitos que van dende o da lutuosa ao de múa e culler.

As fundacións de eirexas e freguesías abondaron, pro moitas delas coma din Cornejo e Sampere, nono foron por motivo relixioso, senón de gaño, pra disfroitar non soio das rendas das terras da

freguesía, senón das rendas chamadas espiritoáis incruidas as oblacións voluntarias dos fregueses. E a cobiza adequiréu tal magnitude que o Concilio de Braga do ano 572, veuse obrigado a dispoñer que polo menos lle deixaran aos cregos a mitade das oblacións i esmolas.

A contar dos derradeiros anos do século XII foi desaparecendo o direito de ceibe disposición que os donos tiñan enriba das eirexas, e a pasaren as mesmas a propiedade da Eirexa Católica. En compensación, os donos da fundaxe adequiriron o direito do padroazgo, non somentes pra eles coma fundadores ou donos, senón pra os seus herdeiros. Este direito supoñía dispor dun logar de preferencia na eirexa e nas procesións; propoñer o reitor ou abade da freguesía ou benfeitoría, e compartillar co bispo e cregos os dezmos e rendas da parroquia. Os padroeiros estiveron sempre coa man aberta pra recoller, pro co ela pechada cando tiñan por obriga que compor a fábrica da eirexa, ou faguela de novo. E foron os fregueses, coma sempre, os que tiveron que peitar por eles.

O dito encol da parroquia cristián en xeral, é de aplicación á galega tamén, pro, entón poderan dicir vostedes ónde se alcontra a súa singularidade. ¿A parroquia rural galega é somentes ecresiástica? ¿Cándo nace a freguesía en Galicia e de qué xeito o fai? Á primeira das perguntas resposta un crego, Barreiro Fernández, dicindo: que "a parroquia en Galicia é algo máis que unha mera división adeministrativa da Eirexa. E isto nunca o acertaron a ver os gobernos cando dende 1812 crearon a figura artificial e básica, do concello".

En canto á data do seu nacimento pódese dicir con seguranza que, no senso de agrupación territorial e social, a parroquia rural galega é devanceira da parroquia cristián, tendo a súa orixe nos castros e logo nas vilas, como agora demostraremos.

En certo modo, a que agora chamamos parroquia, en canto supón un territorio demarcado, no que tén veciñanza un fato humán fixo e avincallado a el, existía en Galicia incruso denantes dos tempos chamados históricos. Cuevillas, segura que "son moitas as parroquias galegas e do norde de Portugal cuio orixen ai que buscalo por acima do encomezo da historia. O castro érguese nelas coma un testemuño do pasado, e a súa presenza permite estabrecer unha xeanoloxía e deixa albiscar un parentesco antre o aitual e o lonxano".

Cando os homes do Seminario de Estudos Galegos catalogan os castros do Val de Vilamarín, observan unha vecindade e xuntoiro antre os castros e os túmulos dolménicos que demosa que a invasión celta non tiróu dos seus asentos aos pobos máis antergos que poboaban a bisbarra; o que fala dunha continuidade da civilización dolménica na dos castros. No Val de Vilamarín atoparon once castros nas terras de trece parroquias. Na Terra de Melide, non atoparon tantos. Niemeier conta que os labregos galegos dicíanlle que cada parroquia tiña o seu castro. E non andaban fallos de razón,

xa que si os castros existentes en Galicia son arredor dos catro mil, as parroquias suman 3.811.

Niemeier fixo un mapa coas correspondenzas: castro-freguesía na bisbarra de Monforte, i eu outro do Val de Vilamarín. Os dipromas falan de eirexas feitas riba dos castros, ou na súa veciñanza. Mais compre ter en conta que pasaron máis de dous mil anos dende entón, e as equivalencias non poden ser totales, polo crecemento da poboación, o nacemento de novos núcleos, e as reformas parroquiais.

Neste senso, e polo que á orixe da freguesía respeita, é perciso considerar, coma dín os do Seminario de Estudos Galegos, que si cada castro costituía o centro dunha colectividade política autónoma de certa importanza, estas colectividades ou fatos sociáis, ordenábanse na terra galega dun xeito moi semellante ao das actuáis freguesías. Debéu ser poriso que o Moure-Mariño segurou que o territorio que abranxaba cada tribu castreña convertiríase dempois nunha parroquia, pois as parroquias galegas son fillas dos castros, ou millor, da tribu que moraba nun castro. Tamén o francés Dumas e o asturián Prieto Bances, antre outros, falan de que a "gens" continúa na "vila" romana, e máis tarde, ao cristianizarse, faise parroquia. Otero Pedrayo oferécenos, nunhas belidas imaxes, as semellanzas castro-parroquia: "o castro é a forteza dun clán, a eirexa é o santuario dunha parroquia", e a súa evolución: "a ermida trocaba vagarosamente ao altar de pedra; o castro chamaba coa vos das campás".

Cando o Cristianismo chega a Galicia existe xa, no que fora fogar de Breogán, unha organización social, territorial e relixiosa. O Cristianismo nonas destrúe, no que coida que son aproveitables. O que fai é montar riba delas, e utilizalas pra os seus fins. Coma dixo Castelao: "a estirpe celta atopóu na eirexa un novo castro, máis nobre, máis rideiro, máis seguro". Aínda no ano 601 o Papa Gregorio el Magno, dalle istrucións ao abade Mellitus pra a conversión dos anglo-saxóns, dicíndolle "que non debían derrocar os tempros paganos, senón consagralos e convertilos en eirexas cristiáns, despois de derrocar as imaxes dos deuses paganos, de erguer altares, e de poñer neles as reliquias dos santos".

A conversión ao Cristianismo da xente do rus podemos concretala con Pérez Pujol, como a sustitución dos templos xentilicios polos templos cristiáns, e a desinación dun crego pra rexir espiritoalmente a comunidade. Deste xeito xurdéu a parroquia rural cristián, a coal xa existía denantes de Cristo no senso denantes dito, coma unha creación espontánea, popular, nada das relacións seculares antre os cultivadores dun mesmo predio ou de predios veciños, coma segura Alberto Sampaio, en relación coas de Galicia e o norde de Portugal, hastra o Douro.

En Galicia polo tanto, e como escrebe Barreiro, a organización eclesiástica non foi unha creación. A Eirexa Católica instalóuse nunha organización devanceira, esencial e indestrutible, de orixe celta.

Agora ben, cando as doutrinas de Cristo chegan a Galicia, xa os romanos eran donos dela, e a organización campesiña, pra o millor aproveitamento da terra, era a das vilas ou "villae" as coales, coma herdeiras dos castros, axeitábanse ás demarcacións déstes, e tiñan por cultivadores os mesmos homes e fatos sociáis, obrigados polos romanos a baixar dende os castros ao val, pra deste xeito derrocar as súas fortezas e resistenza.

Nas vilas, as relacións de parentesco e amistade estabrecidas no decurso dos séculos antre os labregos de cada unha, non permitiron, coma demosa Sampaio, a desaparición das demarcacións primitivas, e anque se dividiron logo e deixaron de pertencer a un soio dono, non perderon a súa individualidade histórica, que pervivéu cando se convertiron en freguesías. É un feito contrastado que, ao tempo que as vilas se descompoñen, as pequenas eirexas ruráis vóltanse máis sobranceiras, avincallando coma fato social ás xentes da antiga vila.

No estudo da parroquia galega, adequire unha meirande importancia a "Parrochiale" de Teodomiro, que o francés Pierre David coida auténtica. Esta parroquial dos suevos galegos está datada en Lugo no ano 569 e supón a primeira división parroquial existente no mundo cristián. Esta circunstancia fai que González López diga que "a estroitura parroquial de Galicia, pedra angular da vida do noso pobo hastra agora, promana da organización que lle deron, por indicación do rei Teodomiro, os concilios nacionaes suevo-galegos".

Eu coido que a Parroquial de Teodomiro, á que lle adico máis tempo e máis espacio na miña tesis do que vou a empregar eiquí pra falar da parroquia rural galega en xeral, é moi importante en canto pón de relevo que Galicia, no atinxente á organización da parroquia rural, adiantouse aos outros países, oferecendo ademáis unha credibilidade que non podemos ter na "Divisio Wambae" ou no "Liber Chronicorum" do argalleiro bispo de Oviedo, don Pelayo.

No tempo dos godos, e asegún se lé no canon V do XVI Concilio de Toledo, a dotación mínima que se esixía pra estabrecer unha nova parroquia eran unhas propiedades que contuveran dez servos da gleba. Pro Galicia foi un reino suevo independente hastra Leovixildo, e pra o seu territorio dispuxo o II Concilio de Braga, que era entón a metropolitana galega, que os bispos non debían consagrar as eirexas fundadas por particulares, a non sere que éstes costituisen por escritura a dotación percisa. Tamén lles mandóu que non deixasen erguer eirexas nas propiedades privadas con cautelas de pensións pra os fundadores.

Neste orde temos que referirnos agora aos, loubados por uns e criticados por outros, testamentos do bispo de Lugo Odoario, que levan a data do 747 e do 760, e aos chamados documentos odoarianos coma o de Aloito e o de Avezano. Neles refírese coma se costituían as novas eirexas nas vilas abandoadas, e coma se fixo a repoboación das terras galegas nos anos primeiros da Reconquista;

capiduo iñorado da nosa historia, que ben merece un estudo axeitado.

Avezano, olla lumiarias na vila que leva o seu nome e rescibe, xuntamente coa súa dona Adosinda, a ispiración de Deus pra costruir unha eirexa na vila Avezano. Faina, e ao remafala chama ao bispo pra que lla consagre, mais faguendo costar que el e a súa muller son os fundadores e os donos da eirexa, tendo obriga os que moran dentro dos destros, de pagarlle á eirexa os dezmos e primicias, asegún o costume leigario. Eles, coma fundadores, dotan á eirexa dos ornamentos e mobiliario litúrxico, e de casas, bestas, ferramentas pra a laboura, e terras; pro retendo o direito de posesión. Deste xeito nacéu no século VIII a que agora é a parroquia de Santiago de Meilán.

Os destros, que eran unha parte do patrimonio da freguesía, foron de oitenta e catro pasos arredor da eirexa, dos coales os doce primeiros costituían o adrio. As terras incruidas nos destros eran dezmo a Deus, como sinala Sandoval. O Concilio de Compostela do ano 1060, antre outros, prohibe que os segrares, as mulleres e os refuganos, teñan ningunha herdade ou direitos dentro dos destros das eirexas.

É sinificativa a evolución que se pode ollar a traveso dos documentos feitos nos séculos oitavo ao catorce, de como a vila se vai convertindo en parroquia, coincidindo ésta coa demarcación daquela, e coma o termo freguesía vai sustituindo ao de vila. Precisaríamos moitas horas pra examinar os documentos existentes, pro citaremos, por vía de exempro, a doación feita no ano 1297 ao mosteiro de Monfero, que abrangue: "parte da terça do casal que chaman das Fianças qual iaz en Vila Susso, freguesía de San Xurio de Torres", ou a de foro do mosteiro de San Pedro de Rocas do 7 de abril de 1299 referente "o noso meo casar que avemos na freguesía de San Miguel de Vilarchao, no lugar que chaman o campo"; ou noutra, do 12 de febreiro do 1347, encol "dous nosos casales que nos avemos en Esgos, na vila de Soutelo, na freguesia de Santa Vaya".

O nome "vila" deixa de aplicarse á unidade campesiña, pra nomear a unha entidade urbán, cando fina o século XIV i encomeza o XV. Nunha doación feita no 4 de decembro do 1400, un "peliteiro" morador na vila de Allariz, dalle á que vai ser a súa muller en arras en compra do vosso corpo o meu casal de Requeixo, que hé de dizemo a Deus, o qual ena freyguesia de San Breyxemo de Queiroás.

A parroquia é a organización territorial e social básica na Edade Meia, e tamén na chamada "moderna" hastra o século XIX en que se costitúen os nomeados axuntamentos constitucionáis. No orde eclesial a súa importancia é absoluta. Non fai falla máis que ollar os libros de Fábrica e Visitas, pra velo. A vida dos campesiños galegos xira ao redor da súa freguesía e atópase condicioda por ela. Son os fregueses a traveso dos maiordomos-fabriqueiros, os que sosteñen o culto e a eirexa; son os que adeministran a fábrica, rinden

contas cada un ano, e saen alcanzados da súa xestión. Eles teñen que coidar o adrio e a eirexa, tendo que arreglala ou faguela de novo cando ameaza roíña, doando os cartos, os materiáis e os acarreos. Eles organizan as Cofradías e sostéñenas, e coidan dos cimiterios, primeiro dentro da eirexa, e despóis fora. Eles peitan cos dezmos, as primicias, as oblatas e outros moitos servidumes e trabucos; véndose suxetos ás disposicións dos Concilios e aos mandados dos bispos ou dos seus Visitadores, que cada un ano aparescen pola freguesía.

Os Sinodos, coma o de Santiago do 1604, fan mandados que supoñen o regulamento da vida ciudadán, ordeando non soio que os fregueses cheguen con tempo á misa, senón que a oian en silencio, sin poder parlar os uns cos outros. E que tamén estean calados no adrio baixo a ameaza de ter que abonar penas de un ou dous reás, penas que son maiores pra os brasfemos, ou pra os que botan xuramentos, podendo chegar a sere descomungados. Pro tamén se refiren á vida dos fregueses fora da eirexa, e os pecados de adulterio, incesto, sodomía, furto, homicidio, meigallo, traballar nas festas, viaxar os domingos, ou xantar cos xudíos, son moi castigados.

No Libro de Fábrica e Visitas do século XVII da miña freguesía nadal de Sta. María de Caldas de Reis, aparece no folio 123, volto, o seguinte mandado: "No consienta en su Parroquia se den comidas que llaman de campo, ni pitanzas, pandeiradas, Bayles, y juntas de mujeres y mozos después del toque de oraciones con pretexto de hiladas, et de velar los cadáveres a los difuntos, ni otro alguno, porque de todo ello suelen resultar graves ofensas contra Dios Nto. Señor; y si después de amonestados no se contubieren multará en quatro reales vellón a los delinquentes para la Luminaria del Smo. que para ello y cobrarlos con auxilio de la Justicia secular se le dá jurisdicción en forma", e no da parroquia ourensán de Nosa Señora de Vilanova, coa data do 19 de febreiro do 1582, este outro: "Que los dichos feligreses los domingos y fiestas de guardar, antes de la misa, no se vayan a las tabernas a comer y beber, ni a jugar, ni los taberneros les den naipes para jugar, ni pan, ni vino, sino fuere para llevar a sus casas, y para ofrendas para la iglesia, que se dan por los difuntos, lo cual cumplan so pena de cuatro reales para la lumbre del Smo. Sacramento, e siendo rebeldes hagan una penitencia pública, como le es mandado".

Dende a data do seu nacimento, o párroco, abade ou reitor da parroquia, asegún demosa Sampaio, érguese coma padroeiro e líder dela, e aínda hoxe o sigue sendo, en certo modo, dacordo coas derradeiras enquisas feitas. Hastra que ponto este liderazgo foi positivo é cousa que aínda está por estudar.

Nembargantes, a parroquia rural galega, coma xa temos dito, además de unha unidade relixiosa ou ecresiástica, é unha unidade social, e coma tal adoita uns especiáis xeitos de vida e costumes comunitarias que lle doan a rexa persoalidade que neste aspeito ten. Compría falar con detalle dos traballos feitos en común: das espa-

delas, esfollas e fiadeiros; das carretadas, mallas, segas, rogas e axudas aos veciños; dos aproveitamentos pra rego en común, e dos montes parroquiáis, que hastra obrigaron ao poder central a ter que ditar pra eles a chamada "Ley de montes vecinales en mano común" do 27 de xulio de 1968.

Das axudas benéficas ou de caridade, coma lles chama García Ramos, e ás que se refire Elías Barros, e das que deixóu mostras sinificativas nas súas "Memorias" do 1607 o Cardeal de Santiago Xerónimo del Hoyo. Das accións escontra os animáis nocentes antre os que sobresaen as batidas aos lobos dende o tempo de Xelmírez, e quizáis denantes, que se lén na "Compostelana": os sábados era obrigación de todos os veciños sair á caza do lobo; pra este mester tiña que contribuir cada parroquia con sete chuzos de ferro, e o campesiño que non fose tiña que peitar un soldo ou unha ovella.

Estas disposicións foron completadas no Ordeamento do 24 de xunio de 1326, do Arcebispo Berenguel de Landoria, nas que se fala de que "negua friigesia non dé lobo a outra friigesia", pois "se fazian ennas friigryesias do noso arcibispado, grandes deguysados inurias et excesoes per aquelles que tiravan et levavan as penas das friigesias". No século XIX existían nas parroquias os monteiros, aos que lles correspondía a direción das monterías e batidas escontra os animáis nocentes.

En canto aos servicios comunitarios das freguesías, teríamos que falar das eiras, dos fornos, dos moíños, da res ou rebaño da parroquia, dos lameiros, do "cuno" ou curral, das avinzas, da contrata do gando, das tabernas e carnicerías. E no atinxente aos aspeitos sociáis, das festas, enterros, pelexas, comparsas do antroido, das sociedades agrarias parroquiáis, das de segadores e da seitura, das eleitrificacións, abastecementos dauga, camiños, estradas, fontes e abrevadeiros feitos polos veciños das parroquias, e dos mortos da Santa Compaña que non se estreven a sair dos lindeiros da súa freguesía, pois como dí Carmelo Lisón: "Conviene subrayar que "os da noite" limitan escrupulosamente sus andanzas nocturnas a las fronteras parroquiales, porque la parroquia constituye una unidad, no porque la parroquia tenga una iglesia con su cementerio; se trata primero de una unidad socio-cultural, esto es, real y simbólica, tal y como la concibe la gente, y sólo en segundo caso, de una unidad religiosa".

Noutro senso temos que dicir que a parroquia rural galega foi unidade de reclutamento, e que se pode establecer certo paralelismo antre a marcha dos clans celtas ao combate, e a dos homes agrupados por freguesías escontra os lobos na Edade Meia, ou nas loitas dos Hirmandiños no século XV, posto que a súa organización militar asentábase na parroquia; organización que lle copióu a outra Hirmandade establecida polos chamados Reises Católicos, do tanto monta.

No século XVI os alardes faguíanse por parroquias, e tamén os servicios de fachos e de fronteira. E no XVII, o reclutamento con carácter fixo faise xa por pías, e poriso lle chaman aos reclutados

"soldados pilones", tendo as parroquias respectivas que faguerlle os traxes, o coal, pra un soio dos seus pilóns, costoulle no ano 1663, aos fregueses de Santo Tomé de Freixeiro, no Fragoso, vinte ducados.

Dixen denantes que a parroquia endexamáis tivo recoñecimento leigario, e así foi. O que si tivo foi aproveitamentos leigarios e administrativos. E moitos. Sinala Gama Barros, que no norde de Portugal, despóis da Reconquista, e a pesares da moita poboación alí existente, non xurdiron municipios. E xustifícao pola forza e importancia que acadóu a freguesía. E o mesmo socedéu en Galicia onde, hastra que se argallaron despóis da Constitución do 1812 os novos municipios, somentes chegaron a existir nas entón sete provincias galegas, 57 axuntamentos ou concellos, dos cuaes 27 correspondíanlle á máis pequena das sete, que era Tuy. Pro coma dí Miñano, a maior parte deles non eran axuntamentos fixos senón que se compuñan dos maiordomos-pedáneos das parroquias que se axuntaban cando os chamaba o xuez da xurisdición pra comunicarlles as ordes. En Galicia contabanse 656 xurisdicións ou cotos, mais 599 non tiñan axuntamento. O coto, xeralmente, formábase con unha soia parroquia; a xurisdición de varias, pro cadansua, co seu maiordomo-pedáneo, e certa independenza.

Os concellos de parroquia ou asambrea dos veciños que se xuntan á saída da misa pra tratar dos problemas da freguesía, atopámolos en toda a rexión, e aínda hoxe siguen vixentes en moitas bisbarras galegas. Os Interrogatorios do Catastro de Ensenada están feitos por parroquias, e a delimitación parroquial foi a base da coñecida pola Real e Unica Contribución. Mais cando a parroquia rural galega pon de manifesto a súa verdadeira importanza coma entidade local, foi nos anos que van dende o 1812 hastra que no 1836 se costitúen os novos axuntamentos, pois ao desparecer cotos e xurisdicións, a freguesía quedóu coma úneco sostén de toda a organización adeministrativa e de goberno local do país.

Por certo que o Decreto do 23 de xulio de 1835 da Raíña Gobernadora, encol dos novos axuntamentos, non pudo ser aplicado en Galicia, e despóis dunha exposición do gobernador da Cruña Pío Pita Pizarro, a Raíña ditóu para a nosa terra a Real Orde do 28 de marzo de 1836 na que se establece: "que cada parroquia de los pueblos rurales nombre conforme al R. D. de 23 de julio un regidor pedáneo y un teniente", e, "que un número determinado de parroquias circunvecinas designado por el Gobierno Civil de acuerdo con la Diputación Provincial forme un Ayuntamiento, el cual se compondrá de un alcalde, un teniente, tantos regidores pedáneos cuantas sean las parroquias y un procurador general".

Deste xeito foron argallados entón os novos axuntamentos galegos que, quéirase ou non, somentes son unha agrupación de parroquias as cuaes, entón, tiñan representación direita no concello, a que pouco a pouco lle foi tirada polas leises municipáis feitas con carácter uniforme pra toda Hespaña.

Unha peza importante da organización parroquial galega foi o maiordomo-pedáneo, ou maiordomo-xuez-pedáneo, coma tamén lle chaman, e que arrinca dos "villicus" da época romana e suevo-goda, e dos xudex ou xoiz da Reconquista, que Sampaio atopa nunha inquirición do ano 915, que dí: "Item, estes devanditos omees erguen dantre si joiz, et outorga o sancto Jacobo de Galicia, et pois van al Rey que o confirme". Os primeiros xueces e maiordomos das freguesías foron desinados polos fregueses, logo polos señores ou polos reises.

No Código que Alfonso X dóu no ano 1252 pra a terra de Santiago, dise: "Et maiordomo de merino mayor non aya otro maiordomo so sí. Ricome que la terra tenga, ponga mayordomo; mas el mayordomo de su prestamero non aya otro mayordomo" .

Os maiordomos pedáneos, además do cobro das multas e o exercicio de outras accións fiscales coma a súa intervención direita nos encabezamentos e compartos de cupos, nos aproveitamentos veciñáis e na conservación dos camiños, tiñan outras funcións antre elas as de orde militar: alarmas e alardes, fachos e centinelas, recrutamento e bagaxes. E as de orde xudicial coma delegados na parroquia do xuez da xurisdición i executores dos seus mandados, además de exercer funcións propias da xusticia como as recramacións de hastra cen maravedís, o depósito e multa do gando collido nos terreos da freguesía, e outras.

Antre as formas de eleición dos maiordomos-pedáneos temos recollidas: a direita, feita polo señor civil ou ecresiástico, ou polo xuez da xurisdición; a feita polos veciños, con tiduo espedido polo xuez; a desinación de candidatos polos veciños pra que entre eles escolla maiordomo o señor, ou, coma orixináis, a da parroquia de Taboadela, na que o cargo adxudícase polo sistema de puxas ao millor postor, e logo cos cartos da puxa faise un xantar pra todos os veciños; ou a da freguesía de San Fiz de Quión, onde cada ano fan unha lista dos casados que aínda non foron pedáneos, e cuios nomes vai lendo un veciño ou o mesmo crego, ao tempo que o pedáneo saínte, coa baraxa na man, vai dando cartas. E o que lle toque o rei de espadas, é o desinado.

A parroquia rural galega arraigóu de tal maneira na terra galega que as mesmas advocacións dos santos tiduares das freguesías siguen sendo hoxe as mesmas que xa tiñan no século XI, coma demostra Pierre David, sendo os nomes dos padroeiros máis repetidos: Santa María, 741; San Pedro, 312; Santiago, 293; San Martín, 243; San Juan, 242; San Salvador, 172; San Miguel, 151; Santa Eulalia, 137; San Julián, 126, e Santa Mariña, 112.

Tamén o númaro das parroquias permaece cuase fixo a traveso dos tempos. No 1587 existían en Galicia 3.571 parroquias. Agora, incruidos os anexos, 3.811. As variacións maiores foron nas cidades. No rural houbo poucas. As freguesías da doación de Sisnando ao Mosteiro de San Martín, feita no ano 914, siguen sendo hoxe as mesmas, con máis tres novas en Boqueixón e dúas en Vedra, dun total de 28.

Coma resume do que levo dito e do que teño escrito na miña tesis doutoral "La parroquia rural en Galicia", chego á concrusión de que a nosa freguesía tén as seguintes características:

1. *Unidade histórica.*—A istitución da parroquia no rural galego, a traveso da súa fundaxe, estabelecemento e permaecer no decorrer dos séculos, oferece unha longa e sinalada singradura que nos permite estudala coma unha unidade histórica no ámeto do territorio rexional, con unhas características e xeitos de actuación e vida, semellantes.

Oferece, polo tanto, un conxunto de riscos comúns ou xeráis que esixen un tratamento histórico axuntado, sin perxuicio da existencia de certas especialidades nadas da súa propia personalidade; da súa condición de ente local territorial incruido nun ámeto específico xeográfico e físico; do seu conceito de fato social tradicional.

O decorrer histórico: castro-vila-freguesía, xurde coma lóxico, envolto nun trasfundo racial e xeográfico. Existe xa unha demarcación, un ámeto territorial fixado, un fato social establecido nel e xunguido por certos avincallos, cando o cristianismo aparece. I é enriba deste basamento territorial e social onde se asenta a freguesía cristián. O avincallo relixioso xúntase entón cos da terra e da sociedade, pra darlle forza á parroquia rural galega e convertila nunha istitución singular.

Ao xefe do clán, ao "domus" da vila, socédelle o párroco ou reitor, no goberno espiritoal, e o maiordomo-pedáneo no goberno temporal. A istitución perfílase xa coma fundamental no ordeamento territorial e social do país e vaise segurando no decurso do tempo coma unha agrupación indiscutible no ámeto local aproveitada non soio no orde ecresiástico, sinón no político e adeministrativo e, un pouco menos, no xudicial.

A súa nota histórica máis característica é o permaecer. Non morre, por sere dende a seu nacimento unha istitución natural, e non oficial, que xurde polos mesmos condicionamentos do habitat, e do meio físico e social. Poriso a súa historia seméllanos gris, non refulxente. É a historia dunha comunidade de labregos que, nas freguesías de acarón do mar, además de labregos son mariñeiros.

De cando en vez, afroran resistencias parroquiáis, cuase sempre en relación cos trabucos, pro son desfeitas. Existe un istante importante: o levantamento dos Hirmandiños, mais a represión foi tan feroce, que deixóu amósega. Tamén os movimentos parroquial-agrarios dos cabeiros anos do dazanove e dos primeiros do vinte, tiveron a súa groria, a súa caiñeza, e os seus mártires.

Mais o acontecer histórico da parroquia rural galega, coma lle compre a unha entidade local primaria, está formado polo conxunto dos pequenos sucedos que asinan a vida dos fatos sociáis naturáis. A devandita historia oferece riscos comúns nas freguesías da beira do mar e do interior, nas da montaña e nas do val. As mesmas ordeacións, os mesmos problemas, as mesmas inquedanzas e dese-

xos. A mesma vida nunhas e outras condicioada polo meio físico no que se desenvolve.

2. *Unidade territorial.*—Existéu sempre. Os lindeiros das freguesías galegas óllanse craros, naturáis, definidos, respeitados. Foron defendidos con forza sempre, e permaecen invariábeles a traveso dos séculos. Respétanos os vivos e tamén os mortos. Tómanse coma referencias nos actos oficiáis e nos particulares. O ámeto parroquial nas freguesías ruráis galegas, que acadraba nos tempos devanceiros cos de unha explotación agraria autárquica levada a cabo por un fato social axeitado á súa dimensión, non soio infruie e condiciona a vida dos seus veciños no decurso dos séculos, senón que foi idealizado por eles, sirvindo como unidade-base nos tencioamentos de reorganización do territorio, por sere o máis concreto dos existentes.

Esta unidade territorial que é a parroquia supón un logar de convivencia e de intreses comúns: eirexa, camposanto, montes, augas, fontes, pastos, camiños, eiras, leiras, ermidas. Pra moitos fregueses, e hastra unha data recente, os lindeiros parroquiáis cinguían o seu propio mundo terreo no que trascurría a súa existencia; pro, representaba tamén, o logar onde acougaría despóis de morto.

3. *Unidade económica.*—Cando a freguesía nace, o territorio no que se asenta, e a organización social e de traballo nel existente, orixinan que o faga como unha unidade económica autárquica. Fórono o clán e tamén a vila. Foino a freguesía no decurso dos séculos coma herdeira da vila romana. A devandita unidade infrueu no avincallo do fato humán que nela moraba.

Cando no 1932 Niemeier percorre as provincias galegas, observa no interior e con preferencia na montaña, que as parroquias siguen sendo autárquicas no económico. Esto permitéu no decorrer de moitos anos e dacordo a un feitío de vida, certamente cativo, probe e pouco evolucionado, que a parroquia rural galega abondase a sí mesma no económico, estabrecendo pra acadalo e con carácter comunitario os servicios básicos: fornos, eiras, moiños, teares, baiucas, carnicerías. I esto trouxo consigo un acrecentamento do senso de independencia, encol das cousas que existían fora dos termos parroquiáis, e un senso de xunguimento no fato social asentado dentro dos ditos termos.

4. *Unidade fiscal.*—O feito de sere a freguesía rural galega unha unidade económica orixinóu o seu tratamento coma unidade fiscal. Os señores, e máis os reises, ollaron na parroquia unha unidade que simplificaba a imposición e a cobranza dos impostos e trabucos. E naceron os cupos e os encabezamentos, os concertos e as igualas. Fixábanlle cupos ás parroquias e logo estas compartillábano antre os veciños. Eisí, reises e señores, aforraban tempo e traballo, e máis adiante aforrárono tamén os Intendentes. Esto á freguesía supoñíalle o recoñecimento que coma agrupación social tiña, e impinxía a velar polos intreses dos veciños que axuntaba. De eiquí

xurdiron as liortas e os preitos cos señores e coa Facenda, dos que temos deixado abondosas mostrâs na nosa Tesis. Poriso, aínda hoxe, a nosa parroquia rural sigue sendo unha unidade fiscal en certos aspectos contributivos.

5. *Unidade relixiosa.*—Ao estabrecerse a freguesía cristián coma herdeira direita da vila romana, no que de unidade territorial e social sinificaba, engade o vencello relixioso i espiritoal aos temporáis xa existentes. Pro compre sinalar que o vencellamento relixioso foi fondamental, e a unidade que xurdéu del antre os novos fregueses e antigos veciños das vilas, vai a sinar pra sempre a unidade total da parroquia, e a fixar as principáis características da súa existencia, e da existencia mesma dos parroquianos ou fregueses.

O orde relixioso dispón a vida e infruie dun xeito noto no desenrolo da freguesía rural galega. O crego ou abade foi no decurso de moitos séculos o verdadeiro reitor da comunidade parroquial. A súa infruencia vai máis alá da eirexa e do adrio. Existe un conxunto de regulacións; de visitas e mandados; de libros e contas; da Fábrica e das Cofradías, dos destros e dezmos; das festas e dos camposantos, que suxetan e ordean a vida social da comunidade. Trabúcanse o civil e o relixioso, o terreo e a divindade. Os fregueses terman e manteñen a parroquia e poriso coidan que é súa: a súa eirexa, as súas campás, a súa cruz, o seu santo patrón, o seu adrio. Vézanse coma maiordomos-fabriqueiros ou lucernarios na representación dos fregueses. Atópanse suxeitos ás faternas relixiosas ás que lle teñen máis medo que ás civiles, pois nelas fálase da pauliña e do inferno.

Todo esto orixina a unidade relixiosa que lle dá forza á freguesía i estabrece antre os veciños un vencello de solidaridade ao sabérense fillos dunha mesma eirexa, practicantes dun mesmo credo, protexidos polo mesmo santo patrón, acristianados na mesma pía, e, usufrutuarios no vindoiro do mesmo cimiterio. A freguesía rural galega non é soio ecresiástica senón civil, pro o aspecto relixioso ten sido nela sobranceiro. E si ben hoxe tén menos forza, a unidade relixiosa sigue sendo un factor de avincallo e integración dos fregueses coa súa freguesía.

6. *Unidade social.*—Si a parroquia rural galega sin encosto leigario pervivéu a traveso dos séculos, esto obedecéu ao seu carácter de fato social, a costituir dende o intre mesmo do seu estabelecemento unha agrupación natural de persoas axuntadas polo avincallo da veciñanza e asentadas nun termo craramente delimitado. Esta unidade orixinóu unha chea de prácticas comúns, un conxunto de feitos sociáis difrenciativos, proietados incrusive á emigración coa creación das sociedades parroquiáis, principalmente nos países de Iberoamérica. A iste feito de sere unha agrupación social característica, débelle a parroquia rural galega o seu permaescer e, sen dúbida, a súa forza.

7. *Unidade adeministrativa.*—Teno sido de feito, aínda que non

acadara un recoñecemento leigario. E teno sido non soio nos aspectos dos que falamos, en canto supoñen unha actuación adeministrativa sinalada, sinón incrusive no orde burocrático. Foino no militar co recrutamento por pías; no territorial, coma unidade de asentamento encol da que xiraron compartos, cupos i encabezamentos; no estadístico coma unidade censal a efeitos dos recontos da poboación, das colleitas, do gando, e das leiras.

O primeiro rexistro da veciñanza nela estivo, e no decurso de moitos séculos non houbo outro. Foi, e sigue sendo, base das accións do ensino e da saúde, e das labregas de calquer orde.

Aínda hoxe, coma dixen ao encomezo, os concellos ruráis galegos pouco poden faguer sinón contan coas parroquias, xa que elas e somentes elas, son as que fan os concellos.

Compre, pois, que as leises do réxime local as teñan en conta. Non facelo, sinificaría iñorar unha realidade que temos diante dos ollos; descoñecer unha istitución que quizáis sexa a máis orixinal e característica de Galicia.

XOSÉ FARIÑA XAMARDO
M a d r i d

VIVENCIAS GALEGAS NAS NARRACIÓNS DE GUIMARÃES ROSA

Non sei de ningunha cultura mestra europea onde se vexa, tan craro coma na galega, o feito curioso da transmisión das vivencias dun pobo pola linguaxe en terras e culturas alleas. Neste caso, concretamente, na brasileira.

Non hai antecedentes deste xeito na literatura francesa. A área de expansión, moi vasta, da lingua francesa determiña máis unha zona política de influencia que unha verdadeira semente da singularidade do ser francés. *O siglo das luces*, de Alejo Carpentier, é a demostración da incapacidade de penetración da cultura francesa nas terras vírxenes do Haití. Nas literaturas receptoras non sobreviven as pulsións vitáis que fan única a índole particular dun pobo no mundo.

A lingua anglosaxona tampouco "transmitíu" a esencia do ser saxón. Hai coma un valado insalvable, incomunicable, no miolo das culturas que protexe a súa diversidade, impedindo fecundar as culturas receptivas. América, filla da Inglaterra, dona da mesma linguaxe, está tan lonxe do ser inglés coma nós. É un tópico o seu arredamento da cultura orixinaria, até tal punto que fixo exclamar a un escritor inglés, con ironía: "O que máis separa aos dous pobos é a linguaxe común".

Tampouco a lingua castelá na América latina enxertóu o ser "homo hispanus" da meseta no amoao fervente das novas culturas. As obras literarias sudamericáns e centroamericáns están escritas en castelán coma lingua de prestación, non de fecundación. O mundo que elas expresan, contrafacendo moitas veces a linguaxe, coma si ese vehículo ideal de cultura fose inaxeitado, non teñen nada en común co mundo castelán. En troques, os seus resultados literarios son alleos, "estranxeiros", a un lector castelán de hoxe.

Axiña imos ver, con exempros vivos, coma esa singularidade, irrepetible na vida, do "ser galego", soupo legar coa linguaxe o seu mundo segredo, latexante, vivencial, nun vasto e iñorado país, o Brasil. E coma xurde na literatura brasileira, no galego-portugués literario de hoxe, esa confluencia e fecundación.

Escollemos a figura máis representativa das letras brasileiras, Xoão Guimarães Rosa, por dous motivos: primeiro,

pola súa calidade literaria sin par. Despóis, porque as súas pescudas infatigables lingüísticas, recollendo direitamente do pobo formas peculiares de expresión, aforismos, consellas, cancións, léndas, fan del o meirande investigador da lingua viva dunha parte concreta do Brasil: o Estado de Minas Gerais, creando literariamente o idioma do sertão.

Porque, contrariamente ao que dí Costa e Silva —"ninguén fala o romance de Rosa, mas, podería falar"—, adiviñamos, intuímos, que no "arraial" ou casal sertanexo, nas lindes do mato, ao pé das outas serras núas onde a vida espritoal ten continuidade nun tempo sin medida humán plausible, a xente fala esa lingua tradicional arrecuada nos séculos que leva en sí, latexante, o miolo da raza.

A linguaxe de Rosa non é unha linguaxe literaria elaborada e xustaposta á realidade do pobo. É a expresión direita dun xeito de ser. O mesmo Costa e Silva engade, contradecíndose: Guimarães Rosa chega atinguir... "o proceso de transformación da lingua tradicional, cuja idade-média ainda se vive nas terras de dentro do Brasil".

A edade media da lingua: Xusto o intre de agromar o froito soterrado e xurdir, frescas, ao ár as follas delicadas do novo ser. Todo o que abondará despóis na lingua literaria, está ahí, nese intre de froración primeira. E ahí catóu e caletróu Rosa, bebendo nas fontes tradicionáis do pobo. Poderíamos decir que Rosa enchéu o seu ámeto vital de escritor na fonte viva popular, a cachón.

É curioso cóma se perden, polo menos pra o portugués brasileiro de hoxe, verbas vixentes pra nós. Unha amostra: A edición de *Sagarana* necesitóu un glosario, acrarando i explicando o siñificado de verbas coa axuda do *Diccionario brasileiro da lingua portuguesa,* supervisado polo especialista en brasileirismos Buarque. Tamén botóu man dos traballos de Arthur Neiva *Estudos da Lingua Nacional,* etc. Neste glosario atopamos términos que pra nós, galegos, non necesitarían ningunha explicación. Dou unhos poucos exempros pra non alongar este pequeno ensaio.

"Adivertir" = divertir; "Átimo" = instante, momento; "Nun átimo" = nun instante; "Atoiña" = dim. de "á toa"; "Azulego" = tirante a azul; "Baldroca" = trapaça; "Bicheiria" = ferida con vermes; "Bisca" = coisa que non presta; "Boieco" = boi pequeno; "Candonga" = intriga; "Capado" = porco castrado; "Cloquear" = soltar a voz a galinha; "Desdeixado" (recollido por G. R.) = abandonado; "Destamaño" = grande, enorme; "Diaño" = diabo; "Meizinha" = remedio, mezinha; "Pandorgas" = individuo tolo, idiota; "Pitar" (coma no Caurel) = fumar; "Relar" = tocar de leve (Franco Grande recolle a acepción "desmenuzar"); "Riba, por" = por cima; "Rodeira" = roda dos carros; "Torar" = cortar, ir embora; "Tranqueira" = porteira; "Dar trela" = conversar con. Etcétera.

A presencia no glosario destas verbas, xunto a outras específicas do brasileiro-Nheengatu, ¿quere decir que están perdidas pra o lector meio de hoxe? ¿Incomprendidas, desusadas na evolución da lingua? Mas, non é este o noso problema —aínda que moi intresante— sinón suliñar cóma aparecen mesturadas coa linguaxe, no mesmo xeito de narrar de Rosa, formas do ser galego, que poderíamos enxergar de tres xeitos:

I. Humor; II. Tristura; III. Fusión coa terra.

I. Velahí un conto breve —pra que non conoza a Rosa, tamén é intresante un primeiro e brevísimo contaito co seu estilo direito de narrador—, que recolléu Rosa da tradición oral popular e intercalóu na narración *A volta do marido pródigo*. Podería ser agasallada con risadas labregas galegas, mentras prende un bon lume de cozas na parrumeira:

— La situación conflictiva: abuela-madre de Suso, episodio E, elimina el narrador tercera persona. Se nota por los posesivos empleados: "a miña aboa", "a miña nai", la participación como testigo del "yo principal". Relata una fuerte discusión, consecuencia inmediata de la situación conflictiva anterior: cura-madre. El cura había tomado represalias contra la vieja, le había negado la comunión. En su furia y desesperación la abuela llega a la violencia con su hija.

— Por fin la última situación conflictiva: madre-padre, episodio F, está relacionada y es el resultado de todos los anteriores. En cuanto al narrador hay dos suposiciones: el "yo principal" —si ha sido testigo— o una tercera persona, el escritor. No cabe lógicamente el "yo principal" indirecto, porque no existe la posibilidad de relato de parte de ninguno de los protagonistas de la conversación.

De repente, como si le cansara la insistencia en el mismo tema, el "*yo principal*" hace una pausa, no recordando en nada la Escuela Laica en el capítulo II (segunda parte). Aparentemente continúa la línea del recuerdo: consideraciones sobre su padre, los periódicos que lee —pasa por asociación a los que él empieza a leer y comentar con su amigo Paco da Vendolla, ocasión para presentarle —pequeño rebelde, hijo natural, devorando la prensa anticlerical y haciendo planes anarquistas (subcapítulo A). Y —otra asociación que parte de la mención de amistad con su hermana, ya una activista política, —libros, nombres, palabras difíciles de entender para un chico de su edad, mucha confusión, (subcapítulo B).

La fuerza asociativa se pone de relieve entre los subcapítulos B y C —se hace una digresión cuyo punto de partida es simplemente la palabra *cosas*. El episodio B termina:

"conque... eisi eran as *cousas*..." (pág. 190).

Y el comienzo del C aprovecha:

"Unha das *cousas* que más me magoaba..." pág. 190).

Lo que el "yo principal" relata en los subcapítulos C, D, E, (capítulo III, segunda parte) no tiene ninguna relación temática con lo anterior. Estos tres episodios forman otro pequeño momento, el de los niños huérfanos de la Inclusa.

El narrador "yo principal" oscila entre lo muy subjetivo —transcribe sus impresiones dolorosas al ver los niños desamparados del monasterio inclusa, especie de miserable casa-cuna, siente la tristeza, el hambre, el frío que sufren ellos; o llega a objetivarse de tal manera que parece una tercera persona, testigo de una discusión entre un socialista y un republicano (generada por el desfile de los huérfanos), con consideraciones sobre masones y bastante ironía en el tono.

La acción da saltos en el tiempo pero dentro de los capítulos avanza con lentitud. Se reanuda el hilo central de la segunda parte, el de la Escuela Laica (capítulo IV). El narrador "yo principal" presencia la tirantez entre sus padres que después de aquellas situaciones conflictivas no se hablan. El narrador nota sólo las consecuencias que siente él como niño, no juzga ni condena, parece incluso que mira con indulgencia sobre todo a su madre cuyas salidas son infantiles. El final lleva la decisión del padre de resolver el asunto.

El comienzo del subcapítulo A, todo el subcapítulo B (capítulo V, segunda parte) y el subcapítulo B (capítulo VI, segunda parte) rematan el problema central: el "yo principal" y la Escuela Laica. Todo esto podía formar por unidad temática un capítulo, pero está dispersado en dos capítulos e interrumpido como siempre por divagaciones.

El narrador "yo principal" quiere llegar a presentar la reunión de los compañeros del padre en su casa para discutir el problema ya mencionado. Por eso, coloca una especie de introducción en el comienzo del subcapítulo A (capítulo V): recuerdo de las reuniones de todos los sábados en su casa, le hace divagar el sábado excepción en el que ardió la casa del panadero Dimas y relata la historia de esta casa —recuerdo en recuerdo. Se ciñe más al tema en el subcapítulo B —a aquel sábado— un presente relativo del pasado, pero tampoco se limita a él, lo relaciona con lo que se solía hacer y hablar en los demás, las personas que venían. El narrador "yo principal" pasa de *testigo aceptado*, callado, sin participar —a *testigo no aceptado*: sigue presenciando como *testigo escondido*. Obligado a abandonar la habitación, la curiosidad le hace espiarles sin ser visto, procedimiento que ya había empleado antes y que le ocasiona otros recuerdos en recuerdo de los cuales el más extenso es la historia de Nemesia la Cebolla. Sólo el episodio C entre los dos que tratan este asunto es del narrador "yo principal", testigo escondido de lo que la señora Andrea y otras mujeres hablaban con su madre. Referencias sobre Nemesia —chica pobre, medio atrasada, hija de un barrendero, lavando ropa para diversas casas. El caso expuesto en la casa del "yo principal" era que había sido engañada y esperaba un niño de Manolito Boente, estudiante de Derecho, pequeño burgués arrivista. Se le pedía a la señora Andrea que resolviera la situación con un aborto. El "yo principal" reproduce la conversación en estilo indirecto esta vez, sin dejar ver su impresión.

Lógicamente la continuación y la resolución del problema Nemesia (subcapítulo D, capítulo V, segunda parte) no lo puede contar el "yo Jesús"; es una conversación entre la señora Andrea y Manolito en un mesón. Sí, estaba enterado de ella porque menciona el pepelito de Manolo en que se concertaba la cita, pero testigo no ha sido. El narrador es una tercera persona, el autor. La conversación bastante tensa llega a terminarse como una farsa. Se descubre al lector el misterio "señora Andrea", el nombre verdadero y lo que era:

> "primeira estudante de Medicifia na facultade do Porto, prófuga nun proceso por estupro, xa prescrito, sospeitada de traballos políticos no extranxeiro..." (pág. 216).

Sólo una primera fase del secreto se descubre y únicamente de tercera persona al lector; el "yo principal", en su tiempo de relato, lo ignora; va a descubrir la segunda fase que va a ser general para

él y el lector. Hablando del "yo principal" me refiero al "yo niño", "yo joven", por eso respeto la cronología incluso en el saber.

Decía que en el subcapítulo A, (capítulo VI, segunda parte) se resuelve el problema: "yo Suso-Escuela Laica". Después de las digresiones, el narrador "yo principal" vuelve al presente relativo del pasado, al momento en que espiaba la reunión de su padre y sus compañeros. Oye, ve, observa la confusión, la falta de decisión de hablar claramente. El padre les provoca a decir la verdad. La madre corta la discusión anunciando la decisión de enviar a su hijo a la Escuela Laica; se adelanta para no ser vencida.

El "yo principal" acaba la segunda parte con sus impresiones entre despierto y semidormido, fragmentos de conversación, despedida de su hermana con Elixio, un final amoroso esbozado depresa.

La tercera parte de esta obra tiene como problema central "el baldaquino del monasterio de Cea" —un robo oficial de un monumento de arte que no consentía y al cual se oponía todo el pueblo. Es el "yo principal" el que presenta otra reunión en su casa donde el primo Quintín les informa sobre lo que ha pasado (subcapítulos A, B, capítulo I, tercera parte).

El episodio B contiene un relato dentro de otro y dos "yos" narradores:

— el "yo principal" — para el recuerdo general
— el "yo Quintin" — para el recuerdo que se refiere a la revuelta pacífica de los aldeanos de Cea que se negaron a entregar el baldaquino a los enviados de obispo.

El *"yo Quintin"* es muy accidental como narrador, más bien protagonista, dándose el caso de que como carpintero fue uno de los obreros enviados a Cea. Su *"yo" de segundo plano* como narrador se manifiesta dentro del relato del "yo principal", está interrumpido por la intervención de otros participantes a la reunión; se comenta lo que él cuenta. Puede y no-ser tomado como *narrador yo* porque el dominante es el "yo principal Suso".

Caben de nuevo dos suposiciones en cuanto al narrador de los subcapítulos C y D (capítulo I, tercera parte):

— la primera posibilidad es del "yo principal" hecho ya un jovencito que lee los periódicos, reflexiona, hace comentarios políticos o sobre el estado de espíritu en la ciudad después de los acontecimientos de Cea —todo esto con demasiada objetividad, sin ninguna mención de algo suyo o de los suyos.

— la segunda posibilidad que me parece más verosímil es la del *autor tercera persona.*

La misma *tercera persona* autor, —describe el mitin político, en el cual se afirma como oradora socialista Evanxelina, la hermana del "yo principal" (capítulo II, tercera parte); el choque entre los aldeanos de Cea y el ejército (subcapítulo A, capítulo III, tercera parte), las consecuencias del escándalo en la ciudad: cambios políticos, persecuciones, —Aser, el padre del "yo Suso" arrestado, Evanxelina, escondiéndose del peligro, (subcapítulo B, capítulo III, tercera parte).

¿Por qué se ha preferido el narrador tercera persona?

Mi opinión es que se buscaba la objetividad, la imparcialidad para poner de relieve la precipitación de los acontecimientos.

Siguiendo la línea, el "yo principal" vuelve a ser el narrador de los dos últimos capítulos IV y V de la tercera parte con la excepción del subcapítulo B (capítulo V). Se nota enseguida la diferencia: con la participación afectiva y con las divagaciones el ritmo se hace más lento al pasar de la tercera a la primera persona. Son unos encuentros lo que relata: con José María Cerdeira, hijo de un oficial mayor del Juzgado y con Evanxelina. Los dos le traen sorpresas. El primer encuentro, porque no conocía ni apreciaba a los jóvenes de la clase de José María y que citándole le promete decir algo de su padre encarcelado (subcapítulo A, capítulo IV, tercera parte). El "yo" cambia de opinión haciéndole buena impresión José María como joven intelectual militante para la misma causa (subcapítulos B y C, capítulo IV, tercera parte).

La segunda sorpresa experimenta al encontrar a su hermana escondida en la casa de la señora Andrea —gran dama rodeada de riqueza y lujo. Se revela para el "yo principal" el secreto señora Andrea al mismo tiempo con otro: el de Evanxelina que esperaba un niño de Elixio a quien ya no quería. La señora Andrea se niega a abortarle el hijo, pero entreve una solución de ayuda para Aser el padre de los dos.

El narrador de la entrevista-chantaje: (subcapítulo B) señora Andrea-el juez (exseductor Manuel Boente puede ser-el *"yo principal" indirectamente,* relatando lo que le ha contado la señora Andrea o —una tercera persona, imparcial— el autor. Me inclino por la segunda suposición basándome en el estilo diferente y, desde luego, el ritmo más rápido.

De otro estilo me parecen los recuerdos del "yo principal" de la cuarta parte de la novela. Se ha dado como siempre el salto en el tiempo, pero esta vez el narrador no coge un momento que se pueda relacionar con otros, no tiene un tema único que una los tres capítulos.

Son enfoques fragmentarios: el "yo principal" a los diecisiete años, problemas de pubertad, su hermana, su vida en común (subcapítulo A, capítulo I), el padre enfermo en el destierro, la actividad política de Evanxelina, agitación, confusión de palabras no admitida por la generación de Suso (subcapítulo B, capítulo I, cuarta parte).

Interesante posición de tercera persona tiene el narrador "yo principal" donde se describe un Primero de Mayo en general, celebrado como fiesta socialista. En la escena de masas que presenta, el *"yo Jesús* con su hermana está dentro, pero muy disimulado, objetivado hasta confundirse con una *"tercera persona"* —testigo imparcial. El objetivo se fija en la multitud con sus mítines, romerías, manifestaciones. El narrador no se arrincona como otras veces cuando se objetiva su recuerdo, sino que habla de dentro como un participante más y todo el relato llega a tener características informativas de un artículo de periódico.

Del Primero de Mayo de la multitud pasa a uno vivido por él (capítulo III que acaba en su primera experiencia sexual). Pudiera ser vulgar, naturalista este recuerdo del "yo principal" sino fuera tan delicado y hondamente humano lo que siente y presenta.

El "yo Evanxelina" concluye su segunda Carta, que yo he analizado como capítulo IV. El autor la separa como epílogo, queriendo que el punto final del verdadero hilo narrativo lo ponga el "yo principal".

Impuestas por el estilo epistolar, las informaciones del "yo Evanxelina" son muy subjetivas —se refieren a ella: qué hace en el destierro, qué siente— a su familia, a sus amigos, también todo pasado por su ser. Tiembla de miedo por la vida de su padre enfermo en el penal de Burgos, por su madre trastornada de tantos sufrimientos. Es sentida la carta pero no es un llanto. El "yo Evanxelina" asombra por su fuerza en medio de los fracasos de la actividad política, de su familia, de su vida sentimental. No sólo no se lamenta sino que encuentra apoyo moral en el trabajo, en su hijo, en la afirmación de su hermano como militante. Es triste su carta pero revela un "yo" de una gran dignidad.

¿CONCLUSIONES?

La parte expositiva de este intento de estudio crítico las lleva implícitas. Para puntuarlas subrayo que:

— la novela *Xente ao lonxe* de Eduardo Blanco-Amor tiene una falsa apariencia autobiográfica porque hay un narrador dominante: el "yo principal".
— el presente trabajo ha demostrado la existencia de otros narradores:
  — el yo Evanxelina
  — el yo hombre testigo
  — el yo alumno compañero del yo principal
  — el yo primo Quintin —de segundo plano
  — una tercera persona;

ha tratado a todos como autores de los fragmentos que les correspondían, ha analizado su participación en los hechos que relataban, las relaciones entre ellos y con los demás personajes, entre el tiempo individual de cada uno y el tiempo general del recuerdo —el de la obra.

ANA M.ª DIACONESCU
Madrid

AS MATEMÁTICAS DO HOME

Claude Lévi-Strauss é antropólogo francés, nado en Bruselas no 1908. Realizóu importantes estudos encol dos chamados pobos salvaxes, nos que ten aplicado como principio científico as concesións estruturalistas do grande lingüista suizo Ferdinand de Saussure (1857-1913). A partir dos estudos de Lévi-Strauss, e tendo como base os costantes e ininterrumpidos hachados lingüísticos, desenvolvéuse o movimento estruturalista *que abrangue de cada vez máis, múltiples eidos das chamadas ciencias humás (o análise e crítica literaria antre eles).*

Na historia da ciencia todo acontez como si o home tivera estabrecido moi axina o programa das súas pescudas e, unha vez fixado éste, houbera tido que agardar longos séculos pra ser capaz de realizalo.

Xa ao comezo da reflexión científica, os filósofos gregos prantexáronse os problemas da física en termos de átomo; vintecinco séculos máis tarde e, sin dúbida, dun xeito que non imaxinaron, emprincipiamos a encher os marcos que eles tiñan trazado. Sucede o mesmo coa aplicación das matemáticas aos problemas humáns, pois foi cara o home máis ben que cara o mundo físico, que se orientaron as especulacións dos primeiros xeómetras e aritméticos. Pitágoras estaba compenetrado da siñificanza antropolóxica dos números e as figuras; Platón imbuído das mesmas preocupacións.

Dende hai uns dez anos esas antigas matinacións teñen cobrado actualidade. E non son problemas que atingan esclusivamente ás ciencias sociáis. Atópanse tamén nas chamadas ciencias humás (en canto poden distinguírense éstas de aquélas); diréi aínda máis, é quezáis nas ciencias onde se ten manifestado primeiro a evolución máis sensacional, quizaves porque esas ciencias semellan, á primeira ollada, as máis alonxadas de toda noción de rigor e de medida; pero tamén, sin dúbida, por mor do carácter esencialmente cualitativo do seu ouxeto, que lle impedía aferrárese, como as ciencias sociáis fixeron durante tanto tempo, ao remolque das matemáticas tradicionáis e impúñalles, pola contra, apelar a certas formas destemidas e anovadoras da reflexión matemática.

No dominio lingüístico é onde millor se poden seguir as etapas desta evolución e percibir o seu carácter fundamental. Dende o punto de vista que aquí nos interesa, a lingüística ocupa unha posición privilexiada: está, por unha banda, clasificada antre as ciencias humás; pero ten por ouxetivo un feito social: a linguaxe non só implica a vida en sociedade, sinón que a funda; ¿qué sería unha sociedade sin linguaxe? Ao cabo, a linguaxe constitúe o máis perfeito e complexo deses sistemas de comunicación nos que consiste toda a vida social e que as ciencias sociáis —cada unha no seu nivel particular— se propoñen estudar. En consecuencia, pódese

decir que toda trasformación dentro da lingüística, posee valor tópico, tanto pra as ciencias sociáis como pra as humás. Antre 1870 e 1920 introducíronse neste dominio dúas ideas fundamentáis: unha, que a linguaxe está constituída por elementos discontínuos, os fonemas; a outra, que a análise lingüística permite estabrecer sistemas, é decir, conxuntos rexidos por unha lei de coherencia interna en que, por tanto os cambios que ocurren nunha parte conducen necesariamente a outros que son, por elo, previsibles.

Estes principios teñen dado orixe á lingüística estrutural, a cal se basea no carácter discontínuo dos elementos microscópicos da língua, os fonemas, primeiro pra os identificar e, despóis, pra determinar as leis da súa coexistencia recíproca. Estas leis presentan un grado de rigor comparable de cheo aos das leis de correlación nas ciencias esactas e naturáis.

Ora, as pescudas de laboratorio efeituadas independentemente polos inxenieros de comunicacións debían levar, cara 1940, a concecións moi semellantes. Tanto na realización de aparellos pra analizar a palabra como na formulación teórica dos métodos intelectuáis que gobernan o traballo dos especialistas en comunicacións (espostas por primeira vez de xeito sistemático polo inxenieiro e matemático Claude Shanon), atopamos os mesmos e importantes principios de interpretación que a teoría lingüística tiña formulado, a saber, que os mecanismos da comunicación antre os homes apousan sobre da combinación de elementos ordeados; que as posibilidades de combinación están rexidas, en cada língua, por un conxunto de compatibilidades e incompatibilidades; de remate, que a libertade do discurso, tal como se define no límite destas reglas, está suxeita, no tempo, a certas probabilidades.

Así por unha conxunción que permanecerá memorabre, a sonada distinción de Saussure antre a linguaxe e a palabra coincide coas dúas grandes orientacións do pensamento físico contemporáneo, dependendo a linguaxe de interpretacións mecanistas i estruturáis e abríndose en troque a palabra, pesie ao seu carácter aparentemente imprevisible, libre i espontáneo (ou quezáis a causa del) ao cálculo de probabilidades. Por primeira vez na historia das ciencias humás era posible, ao igoal que nas ciencias esactas e naturáis, facer esperimentos de laboratorio e verificar empíricamente a hipótese.

Por outra banda, Saussure introducíu unha comparanza antre linguaxe e certos xogos de estratexia como o axedrez. Esta asimilación da linguaxe a unha especie de xogo combinatorio permitiría á lingüística recurrir decontado á teoría dos xogos, tal como a tiñan formulado J. Von Neuman e O. Morgenstern ("Theory or Games and Economic Behaviour", 1944). Pero a teoría dos xogos, como o tíduo do libro indica, foi publicada polos autores como unha contribución á ciencia económica. Este encontro antre unha ciencia chamada humá e outra considerada máis ben social, pón de evidencia ese carácter fundamental da comunicación sobre do que apousan todas as relacións humás, pois o intertroque de mensaxes, en que consiste a comunicación lingüística, e o intertroque de bens e servicios, ouxeto da ciencia económica, ao depender dun mesmo formalismo empezan a parecer fenómenos do mesmo tipo. Finalmente, rexíndose o estado do discurso a cada intre, polos estados imediatamente anteriores, a linguaxe resultaría depender tamén daquela

teoría dos servomecanismos, toda compenetrada de consideracións biolóxicas que ganóu sona baixo o nome de cibernética. Así no espacio dalgúns anos, especialistas en aparencia tan alonxados os úns dos outros, como biólogos, lingüístas, economistas, sociólogos, psicólogos, inxenieiros de comunicacións e matemáticos, atópanse súpetamente beira a beira e adonados dun formidable aparello conceitual, o cal de a pouco descobren que constitúe pra eles unha linguaxe común.

Compre sinalar, por outra banda, que a evolución cuias etapas rematamos de trazar rápidamente, sigue. Despóis do encontro de lingüístas e inxenieiros no terreo da fonoloxía, un novo desenrolo independente conduz arestora aos lingüístas a unha formulación máis rigurosa dos problemas da gramática e o vocabulario en tanto que o problema técnico das máquinas de traducir impón aos inxenieiros preocupacións do mesmo tipo. Hai algúns anos o estadígrafo inglés Yule espuxo un método matemático pra a crítica de textos ("Statiscal Study of Literary Vocabulary", 1956). Hoxe, certos meios relixiosos, tradicionalmente alertas a todo intento de reducir ao home a puros mecanismos, non dubidan en empregar métodos matemáticos pra o estudo crítico dos textos evanxélicos. Nun congreso internacional de filoloxía realizado na Inglaterra en 1954, sinalóuse a crecente importancia do pensamento matemático pra a filoloxía, a crítica literaria e a estilística. Certos sinos precursores amosan que a historia do arte e da estética (as que, por outra banda, a miudo e dende hai séculos teñen acariñado este soño) non están lonxe de se aventurar polo mesmo camiño.

Cando os especialistas en Ciencias Sociáis se espoñen á aventura matemática poden sentírense reconfortados e alentados ao saber que non son os únicos en correr tales riscos. Na realidade, son conducidos por un imenso pulo cuia orixe élles esterior. Si tantos especialistas en Ciencias Sociáis manifestan hoxe a súa fe nos métodos matemáticos non o fan tanto polos resultados outidos por eles mesmos con tales métodos sinón en razón da imensa axuda aportada polas matemáticas a outros eidos, especialmente ás ciencias físicas.

Con todo, compre evitar algunhas confusións e precisar a orixinalidade do achegamento do cal somos testigos dende hai varios anos.

Os especialistas en ciencias sociáis non agardaron xa que logo estes derradeiros dez anos pra se decatar de que a ciencia non é verdadeiramente tal, sinón cando consigue formular un riguroso encadeamento de proposicións, e de que as matemáticas constitúen a linguaxe máis axeitada pra acadalo.

Dende hai tempo a psicoloxía, a ciencia económica e a demografía recurren ao razonamento matemático. E inda que é certo que pra a primeira destas discipriñas a aplicación de métodos matemáticos quedóu limitada á psicotecnia e á psicoloxía esperimental (e aínda alí sempre sometidas a críticas), pódese decir que pra as outras dúas a aspiración ao rigor matemático e ao emprego de métodos matemáticos son contemporáneos do seu nacimento e desenroláronse ao mesmo tempo que elas. ¿Debemos así concluir que a novedade redúcese a estender procedimentos, usados dende hai

tempo noutras partes, a novas discipriñas: socioloxía, psicoloxía social, antropoloxía? Esto sería desconocer de cheo a revolución en marcha.

Si dende hai polos menos 50 anos (e aínda máis verbo da ciencia económica e da demografía), as ciencias sociáis teñen recurrido ás matemáticas, foi sempre, nefeito, coa mesma preocupación cuantitativa. Tratábase pra elas de medir as magnitudes que, nos seus dominios respeitivos, emprestábanse a semellante tratamento: cifras de poboación, recursos económicos, masas de salarios, etc. Cando, como no caso da psicoloxía, as realidades observadas non parecían presentar decontado un carácter cuantitativo, procedíase indireitamente esforzándose en sinalar, por meio dunha escala cuantitativa creada polas necesidades do asunto, variacións orixináis onde só o aspeito cualitativo era percibido direitamente, v. gr., os métodos tendentes a reducir as diferentes manifestacións da intelixencia aos valores numéricos dunha escala. Todo o esforzo de matematización reducíase así a dous tipos de operacións. Estraguer por unha banda o aspeito cuantitativo das observacións e, por outra, medilo coa meirande precisión. Esta doble ambición é perfeitamente lexítima cando os feitos presentan efeitivamente un carácter cuantitativo. E cando se tenciona deducir os conocimentos deste aspeito cuantitativo é indudable que a demografía e a ciencia económica atopan a súa maior xustificación na aplicación dos ditos métodos. Desexamos conocer os datos cuantitativos referentes á evolución numérica da poboación, ao crecimento ou disminución dos seus recursos, etc., e non hai razón algunha pra supoñer que no futuro as discipriñas mencionadas non siguen a realizar análises deste tipo.

Noustante, aínda neste terreo limitado xurden dificultades. Pra abstraer os aspeitos puramente cuantitativos dos fenómenos de poboación están obrigados os demógrafos a empobrecelos. As poboacións de que tratan non teñen sinón unha relación lonxana coas poboacións reáis; están compostas de individuos asexuados aos cales se confire indistintamente a capacidade de se reproducir. As sociedades dos demógrafos son por eso conxuntos artificialmente homoxéneos; rasgos fundamentáis da súa cultura son inorados deica tal punto que cada vez que é posible a observación global dunha sociedade a conduta real da poboación en moi pouco concorda cos modelos abstractos dos demógrafos.

Os economistas atopan dificultades do mesmo orde. Tamén eles pra se permitir un tratamento cuantitativo deben empobrecer, descoidar e desformar. Aínda así a cousa non é sempre doada. Nos estudos económicos advertirase adoito a mención dun faitor esóxeno cuia intervención pode a cada intre trasformar o orde de manitude e a natureza das previsións. Este faitor esóxeno é mesmamente aquelo que o economista está condanado a inorar ou a refugar dos feitos observados pra os poder tratar como cantidades. Por outra banda —i este é un segundo aspeito do problema— as extrapolacións dos economistas non poden fundárense sinón en longas series de observacións. Pero as series de que dispón o economista sempre teñen carácter histórico.

Atopámonos, pois, dediante dun dilema: ou ben se amplían as series cuios elementos se voltarían en consecuencia, cada vez me-

nos comparables, ou se reducen pra salvar a súa homoxeneidade interna sopena dun crecemento concomitante do marxe da incertidume das previsións. O que se gana en sinificanza pérdese en precisión de medida, e inversamente.

Apalpamos aquí unha dificultade esencial da medición nas ciencias humás e sociáis. Nas nosas discipriñas hai, sin dúbida, moitas cousas que se poden medir de xeito direito ou indireito; pero non é de cheo certo que as ditas cousas señan as máis importantes. Dende hai anos a psicoloxía esperimental ten batido con ese obstáculo maior: ten medido, por así o decir, a destra e sinistra. Pero mentras que a esperiencia nas ciencias físicas probaba que o progreso da medición estaba en relación direita co do conocimento, en psicoloxía medíanse millor as cousas menos importantes e a cuantificación dos fenómenos psicolóxicos non ía emparellada co descobrimento da súa sinificanza. Chegóuse a unha crise aguda da psicoloxía chamada "científica". Rematamos de ver que se ten presentado esa antinomia, inda que en menor grado, noutras discipriñas que dende había tempo aspiraban a un rigor científico de tipo matemático.

Debemos chegar á conclusión de que antre as ciencias esactas e naturáis, por unha banda, e as humás e sociáis por outra, a diferencia é tan fonda e irredutible que hai que perder toda esperanza de estender algunha vez ás segundas os métodos rigurosos que teñen asegurado o trunfo das primeiras. Semellante actitude parécenos marcada por un verdadeiro oscurantismo, tomando o termo no seu senso etimolóxico: escurece o problema en troques de crarexalo. O que se lle pode chatar aos psicólogos esperimentados de comezos de século e aos economistas e demógrafos tradicionáis non é o ter ollado demáis cara a banda das matemáticas sinón máis ben o non telo feito dabondo: o térese limitado a tomar os seus métodos cuantitativos, que nas propias matemáticas ten o seu carácter tradicional e antiguado, e o non ter advertido o nacimento das novas matemáticas, en chea espansión na hora de hoxe, matemáticas que case se poderían chamar "cualitativas", por paradóxico que este termo pareza, xa que inxiren a independencia antre a noción de rigor e a de medida.

Con estas novas matemáticas, que polo máis non fan sinón fundamentar e desenvolver antigas especulacións, adeprendemos que o dominio da necesidade non se confunde inevitablemente co da cantidade.

Este distingo apresentóuselle craramente ao autor destas liñas en circustancias que quizáves lle será permitido lembrar aquí. Cara 1944, cando emprincipiaba a se persuadir de que as régoas do casamento e a filiación non eran en tanto régoas de comunicación, fundamentalmente diferente nas que prevalecen en lingüística e de que polo tanto sería posible darlles un tratamento riguroso, os matemáticos esperimentados aos que se dirixíu en primeira istancia tratárono con desdén. Dixéronlle que o casamento non é asimilable nin a unha suma nin a unha multiplicación (menos aínda a unha resta ou a unha división), en consecuencia era imposible darlle formulación matemática. Esto durou deica o día no que un dos xóvenes mestres da nova escola enteirado do problema esplicóu: que o matemático pra formular a teoría das reglas do casamento non tiña siquera necesidade de saber qué era o casamento. Todo o que pedía era, primeiro, que os casamentos observados nunha sociedade de-

terminada poideran ser reducidos a un número finito de crases; decontado, que esas crases estiveran xunguidas antre sí por vencellos determinados (por exemplo, que existira sempre a mesma relación antre a "crase" de casamento do hirmán e a "crase" de casamento da hirmá, ou antre a "crase" de casamento dos pais e a "crase" de casamento dos fillos). A partir deste intre, todas as reglas de casamento dunha sociedade poden seren formuladas en ecuacións i esas ecuacións poden ser tratadas dacordo a métodos de razonamentos rigurosos i esperimentados, en tanto que a natureza íntima do fenómeno estudado —o casamento— queda fora de discusión e mesmo pode inorárese de cheo.

Por simple e resumido que seña, este exemplo ilustra ben o camiño ao que tenden a entrar xuntos as matemáticas e as ciencias do home. No pasado a dificuldade meirande proviña do carácter cualitativo dos nosos estudos. Pra nos someter a tratamento cuantitativo había ou que facer trampa con eles ou que os empobrecer sin remedio. Pero hoxe son abondosas as ramas das matemáticas (teoría dos conxuntos, teoría dos grupos, tipoloxía, etc.), cuio ouxeto é establecer relacións rigurosas antre crases de individuos afastados úns doutros por valores discontínuos, i é mesmamente esa discontinuidade unha das propiedades esenciáis dos conxuntos cualitativos en relación úns cos outros, e nelo reside o seu suposto carácter "inconmensurable", "inefable", etc.

Estas "matemáticas humás" que nin os matemáticos nin os sociólogos saben esactamente ónde percurar e que, sin dúbida, están por facer, a longo prazo serán, xa que logo, moi diferentes daquelas meiante as cales as ciencias sociáis trataban antes de dar forma rigurosa ás súas observacións. Queren decididamente fuxir á desesperación dos "grandes números", esa balsa onde agunían as ciencias sociáis perdidas nun mar de cifras; xa non teñen por ouxeto derradeiro iscribir en curvas monótonas evolucións progresivas e contínuas. O seu dominio non é o das variacións infinitesimáis descobertas meiante a análise de vastos amoreamentos de datos. O cadro é máis o que amosa o estudo dos pequenos números e dos grandes cambios provocados polo paso dun número a outro. Deciríase —si se nos permite a comparanza— que se non preocupen tanto das consecuencias teóricas dun crecemento demográfico do 10% nun país de 50 millóns, canto das trasformacións de estrutura que interveñen cando un "casamento de dúas persoas" se troca nun "casamento de tres persoas". Estudando as posibilidades e dependencias atribuíbles ao número de participantes de grupos moi pequenos (que dende este punto de vista siguen a ser "moi pequenos" mesmo cando os participantes constitúen eles de seu conxuntos que abranguen cada ún millóns de individuos), reanúdase, sin dúbida, unha tradición moi antiga, xa que os primeiros filósofos gregos, os sabios da China e da India e, tamén, os pensadores indíxenas no corazón mesmo da África precolonial e da América precolombina, estiveron todos preocupados pola sinificación e as virtudes propias dos números; a civilización indoeuropea, por exemplo, tiña predileción polo número tres, en tanto que os africanos e os americanos pensaban de preferencia no catro. De feito, esta escolla vencéllase con propiedades lóxico-matemáticas ben definidas.

Seña o que for no terreo do pensamento moderno esta revalorización dos pequenos números debe ter consecuencias inagardadas.

Non nos compete de certo evalúar a amplitude da conmoción inxerida na ciencia económica polos traballos de Von Neumann e Morgenstern. Pero o sociólogo e o historiador das ideas teñen dereito a tencionar comprender os cambios xeneráis das aptitudes mentáis provocados pola introdución de novos puntos de vista, i esto non somentes nos economistas. Ate hai pouco os traballos dos economistas fundábanse esclusivamente na estadística e a análise funcional. Consideraban os grandes números, as longas series de variacións no tempo e o espacio; deducían curvas i empeñábanse en establecer correlacións. Tíñase e síguese lexítimamente a ter moito respeto por tales pescudas; que permiten proveer ou previr certas correlacións pouco desexables ou manter ou suscitar outras consideracións axeitadas. En certa medida esas especulacións sirven pesie a que aínda non se esteña dacordo encol da súa importancia, pero atópanse situadas a tal nivel de abstración, fan intervir conxuntos de variables tan vastas que, por unha banda, se non está enxamáis seguro de que a interpretación proposta seña a única posible, ou simplemente a millor (e, mesmo, moi adoito, nin aínda si terá éxito); e por outra banda, inda na hipótese máis favorable aquela na que a esperiencia confirma de cheo a previsión non se entende cómo ocurriron as cousas porque enxamáis atopamos na nosa esperiencia persoal eses seres de razón cos cales o economista compón a súa sociedade acostumada e que se chaman: utilidade marxinal, produtividade e intereses...

Abramos, pola contra, a "Teory or Games", ¿e qué atopamos? Denantes de nada, sin dúbida, un aparello matemático máis complicado e refinado que o dos tratados económicos e aínda que o dos tratados econométricos. Pero ao mesmo tempo, e por singular paradoxa, os ouxetos dos que aquí se fala son moi simples. Xa non son nocións abstractas sinón homes e grupos de homes; máis adoito, pequenos grupos de dous, tres ou catro parellas, semellantes ás que se forman ao xogar ao axedrez, bridge ou póker. Por outra banda, estas parellas están empeñadas en operacións que corresponden a esperiencias vividas: combátense ou únense, conspiran antre sí, están os úns contra dos outros, cooperan ou esplótanse. Trátase aquí dunha economía que aspira a un rigor matemático moi estremado e que, ao mesmo tempo, prohíbese contemplar outra cousa que non señan seres concretos, dotados dunha existencia empírica, e que ofrezan unha sinificanza inmediata ao doble punto de vista histórico e psicolóxico.

Definitivamente, ¿cál é o valor desta nova economía? Ese é asunto dos especialistas. Nós contentarémonos con sinalar aquí que compartilla simultáneamente das dúas grandes correntes que compartiron a ciencia económica deica o presente: por unha banda, a economía pura, o que se pretende tal, a cal tende a identificar o "homo aeconomicus" cun individuo perfeitamente racional; por outra, a economía sociolóxica e histórica según a creóu Karl Marx e que quere ser ante todo a dialéctica dunha loita. Ambos e dous aspeitos atópanse presentes na teoría de Von Neumann. Dispoñemos así por primeira vez dunha linguaxe común tanto á chamada economía burguesa e capitalista como á economía marxista. Por certo, esto non sinifica que van a se entender, pero sí que se fai, polo menos, posible o diálogo antre elas, i é o tratamento matemático o que ten permitido esta solprendente evolución.

Tomaremos emprestado un segundo exemplo ao dominio da psicoloxía social: máis en particular aos traballos de Louis Guttman, presentados primeiro no moimental "American Soldier" e, máis recentemente, no traballo coleitivo "Mathematical Thinking in the Social Sciences". Cando o Estado Maior dos Estados Unidos decidíu, ao se encetar a Segunda Guerra Mundial, chamar en grande escala a especialistas das ciencias sociáis co fin de inxerir un algo de craridade e orde nos problemas psicolóxicos do reclutamento e a escolla, os investigadores bateron cunha dificultade limiar: ¿Cómo dar ás respostas na apariencia heteroxéneas, recollidas nos custionarios, valores numéricos que permitiran a súa comparanza?

Namentras de Lazarsefel proseguía as súas pescudas esforzándose por dar unha base ouxetiva á noción do carácter, fundada nunha interpretación probabilista, Cuttman abría unha vía completamente diferente e dun alcance, sin dúbida, máis revolucionario. Observóu que a escala numérica pode ser establecida decontado en certos casos privilexiados, nos cales as preguntas están redactadas e crasificadas por orde de estensión crecente. Así en custionario relativo á estatura, si se pide unha resposta á pregunta seguinte: ¿Mide vostede máis de 50 cms.? ¿Máis de 160? ¿Máis de 170?, e así sucesivamente, un individuo calquera non podería responder "sí" á terceira pregunta sin responder automáticamente "sí" ás precedentes (pero non necesariamente ás seguintes). A esperiencia proba que as escalas numéricas obtidas nesta forma presentan certas características, notables de armonía e regularidade que poden seren percibidas decontado; traduz neste xeito intuitivamente a craridade da estrutura lóxica e psicolóxica dos custionarios correspondentes. Guttman acadóu invertir, pois, esta relación antre ciencias sociáis e matemáticas. Demostróu que mesmo con custionarios concebidos doutro xeito e cuia estrutura psicolóxica e lóxica non é conocida previamente, sempre é posible reorgaizar as respostas de xeito que se atope o equilibrio ideal. As manipulacións realizadas pra acadar tal cousa, permiten, á súa vez, unha análise do custionario inicial nos seus compoñentes lóxico-psicolóxicos; é decir, que un tratamento na apariencia puramente formal dos resultados dun custionario calquera permite facer a súa crítica, convírtese así en istrumento de descobrimentos no terreo das propias ciencias sociáis.

Ao volver Guttman, nas súas derradeiras publicacións, sobre de certos problemas tradicionáis da psicoloxía social i, especialmente, encol de certos temas fundamentáis do pensamento dos grandes precursores —Spesman e Thurstone— bota nova luz arredor dos problemas psicolóxicos tratados en forma clásica pola análise factorial; abre perspeitivas orixináis aos métodos de escolla por meio de tests e a interpretación teórica do papel e valor dos derradeiros. Ao mesmo tempo, xa que logo, sin télo desexado conscentemente, pón ao dispór de historiadores, sociólogos e antropólogos un método matemático, aplicable ao problema da evolución e xerarquización das culturas humás, ademirablemente axeitado, por primeira vez, pra resolver as dificultades e contradicións que a partir de Conderset e Comte bloquean sin esperanzas este xénero de pescudas.

Estes dous exemplos, tomados ún da ciencia económica e o outro da psicoloxía social, permitirán apreciar millor a amplitude e orixinalidade dos cambios que se están a operar nas ciencias humás

e sociáis baixo o influxo das correntes máis recentes do pensamento matemático moderno. Pero tamén comprirá tomar conciencia de dúas dificultades.

A grande maioría de especialistas en ciencias sociáis son aínda produto dunha formación clásica ou empírica. Moi poucos déles poseen unha cultura matemática e si a teñen é moi elemental e conservadora. As novas perspeitivas abertas ás ciencias sociáis por certos aspeitos da reflexión matemática moderna esixen por tanto delo un esforzo considerable de adaptación. Si as ciencias sociáis desexan convertírense realmente en ciencias e pra decilo sinxelamente, si desexan continuar a existir dentro de vinte anos, é indispensable unha reforma. Agora pódese estar xa seguro de que os xóvenes especialistas en ciencias sociáis deberán poseer unha formación matemática sólida e moderna pra non seren barridos da escea científica. Noustante, estaríamos trabucados si imaxináramos que o problema consiste simplemente en reorgaízar o ensino de xeito que os especialistas en ciencias sociáis poidan beneficiárense dos máis recentes progresos da reflexión matemática. Se non trata somente, nin tampouco sobre todo, de tomar en bloque das matemáticas métodos e resultados xa listos. As necesidades propias das ciencias sociáis, os rasgos peculiares do seu ouxeto impoñen aos matemáticos un esforzo especial de adaptación e dimensión. A colaboración non poderá ser nun sóio senso. Por unha banda, as matemáticas contribuirán ao progreso das ciencias sociáis, pero, por outra, as esixencias propias destas derradeiras abrirán perspeitivas suplementarias ás matemáticas. Neste senso, trátase, pois, de crear novas matemáticas... O home sofre tanto no seu ser íntimo pola especialización e os esclusivismos intelectuáis como, na súa existencia coleitiva, pola desconfianza e hostilidade antre os grupos. Ao traballar pola unificación dos métodos de pensar, que pra os diferentes dominios do conocimento non podería ser por sempre irreducible, contribúese á percura dunha armonía interior que quezáis seña a condición verdadeira de toda sabiduría.

CLAUDE LÉVI-STRAUSS
Trad. SALVADOR LORENZANA
V i g o

SINFARAINÍN CONTRA DON PERFEUTO *

A Carlota Oteo Mayayo, miña afillada reusense, que nascéu ao tempo que esta farsa.

PERSONAXES

O SÍNFANO SINFARAINÍN
A CURUXA CATUXA
O RELÓ DON PERFEUTO
O PACUCHO CAICHOVENTO
O TÍO
A TÍA
O PEQUINÉS
O CREGO

E A COLABORACIÓN ESPECIAL DE BARRIGA VERDE
e máis outros catro personaxes sin voz e eventuáis:
O SACRISTÁN
ZUMBIÑO
ZUMBIÑA
MOSQUINECHO

PRÓLOGO

(Co telón corrido, polo proscenio, lisgairo e inconsciente, ven Sinfarainín, especie de gran mosquito ou sínfano. Ten unhas pequenas aliñas ridículas de plástico transparente e un alfinete moi pinchudo sobor do narís. Coma o dos "Títeres de Cachiporra" de García Lorca, leva unha trompetiña de feira. É brincadeiro, ledo, despreocupado. O seu corpo é fino i estilizado. No peito, blusa de raias horizontáis, coma un mariñeiro aventureiro. Zoa e supla na cornetiña e, máis que recitar, canta):

SINFARAINÍN:
¡Pitiriti piripenzón!,
¡hola, amiguiños!
Eu sonvos un gran mosquito,

* Mención honorífica no "I Concurso de Teatro Infantil o FACHO" (1973).

ou, mellor dito:
sínfano son.
Chámanme o sínfano Sinfarainín,
fillo de Sinfunga e de Sinfainón.
¡Pitiriti piripenzón! (Toca a trompetiña).
E teño moitos irmáns:
Zumbaldungo, Mosquinecho,
Zumbairella, Zuguerraino,
Mosquinanda, Zumbiño, Zumbiña...
Sinfaniños a bulto,
moito montón.
E, coma todos,
teño este pinchiño,
pra dar de pinchadas
nos nenos que velan
ou nos que durmen
moita ración.
¡Dou máis proído
que un sabañón!
¡Pitiriti piripenzón!
Cando xa todos están na cama,
aos moi nugallás que durmen con gana
píncholles firme, sin compasión.
¡Pitiriti piripenzón-zón!
Escoitade, amiguiños:
hoxe estóu moi contente,
pois sentín falar que hai xente
que de aquí
acordóu voar
prá emigración,
gracias a mín,
que, á mañán, ben cedo,
pincheinos no cogomelo,
dándolles xenio
i espavilación (Semella sentir, tocándose unha orella, ruxe-ruxe entre o público, e pergunta):
¿Quén rosma por ahí?
¿A ver si mando a algún outro
prá emigración?
Sí, sí, señor.
Gracias a mín,
o Sinfarainín,
fillo de Sinfunga e de Sinfainón,
gracias ao pinchiño (Siñálase o narís)
que lles dá delor,
fuxen lonxe, lonxe,
nin queren vivir
co meu "pititiriti piripenzón".

(Cando estaba SINFARAINÍN a punto de rematar a súa parrafada, foi saíndo xa CATUXA, figura de gran curuxa con capa e pluma brillante, cara redonda, ollos coma cebolas, pero non con aire aterrecedouro, sinón maina, maternal. Sorrí cara o público bondadosa, e pón un dedo nas tempas indicando que SINFARAINÍN está tolo. Case cantando):

CATUXA:

Eu sonvos Catuxa,
a vella curuxa,
a que de noite
nunca descansa/e mira o qué pasa.
Agora sentín
as cousas toliñas/de Sinfarainín...
Non me río del,
que a todos quero ben,
pero ¡fai falta ter o cacholili
ben piritirili
coma un cascabel!
Parece parviño...
Pero é que chupa e chupa,
e, ¡claro!, non ven...

SINFARAINÍN:

Parva tí, tí,
pitiritirí,
Curuxa brancuxa,
tí non ves o sol,
cos ollos cal croios,
cara de ollo-mol.

CATUXA:

Tés tola a cachola.
Cómpreche ver.
Eu vexo de noite,
e, sin ir á escola,
sei moito saber.

SINFARAINÍN:

Eres moi fea,
coma unha estadea,
e andas moi soia.
Tí sí que eres tola.
Eu vou pola vila
e ao campo e á aldea.
Ando antre os vellos
e ando antre os mozos,
e métome incluso
no pelo dos mestres
e zugo o saber.

CATUXA:

Tanto zugas, Sinfainiño,
que hasta andas...
borrachiño.
¿Queres que che amostre
unha cousa que eu sei?

SINFARAINÍN:

Non teño medo a ninguén.
Así que... amostra... e veréi...
E, si acaso, chuparéi.

CATUXA:

¡Ven! (Leva a SINFARAINÍN e saen os dous)...

TEMPO I

(Ao abrirse o pano hai unha habitación coma dormitorio e cuarto de neno. Algúns alzadeiros con libros e balóns. Fotografías de paisaxes suizas. Na cama está Pacucho Caichovento remexéndose, embrullado, con mostras de querer durmir e non acougar. Porta á esquerda e porta á dereita. Unha gran fiestra en frente, aberta, pola que se ve un anaco de lúa da que ven a iluminación. Ao pé da mesiña de noite está Don Perfeuto, que é coma un gran reló despertador, redondo, cunha cabeciña coma tapada por un plato cara abaixo, sempre abaneándose lixeiramente cun taca-taca, taca-taca e unha musiquiña. Da banda da esquerda ven remusmús de televisión, aplausos, risas, anuncios. Oise:

Responda outra vez,
responda outra vez...
Premio para éste.
Premio para aquél.
Catro, cinco, seis...
Responda outra vez.
De trinta mil catrocentos
a cincuenta mil novecentos tres...
Felicidades e facilidades pra todos...
Simplemente responder...
Gana sin saber...
Un gran viaxe a Suiza.
Todo pagado no hotel...
Premio para éste.
Premio para aquél.

(Mentras tanto, pola fiestra van entrando CATUXA e SINFARAINÍN, o PACHUCO CAICHOVENTO sigue remexéndose no leito, metendo a cabeza embaixo da almohada).

DON PERFEUTO (En tanto CATUXA e SINFARAINÍN acadan pousar os pés no piso descolgándose con tento da fiestra e recomendándose ún ao outro silencio. Con rítmico acaneo e cantaroleo):

Martes trece,
xa son as once e cincuenta e ún.
Non bula ninguén
e durma Pacucho,
que ás oito en punto
o despertaréi.
Martes trece,
ás once e cincuenta e dous.
Non perdan segundos,
non perdan minutos,
produzan a bulto,
descansen e saian,
merquen outra vez.

(Esta musiquiña do reló oise máis ou menos sincronizada coa da televisión que se sinte pola esquerda).

SINFARAINÍN (Movéndose coa súa lixeireza i espantándose antre bufidos ao pé de DON PERFEUTO).—¡Pitirri! ¡Zúmballe-zon! ¿Qué é eso? ¡Mi madriña! E aquí un neno..., que, polo que se tapa, tenme máis medo que a un león...

CATUXA.—Velahí unha das túas fazañas. Pra que te gabes. O que ves é por culpa túa.

SIN.—¡Culpa miña! ¡Recoiro! ¿Qué teño eu que ver?

CAT.—¡Xa podes estar contente, cabeciña de alfinete! Pra que te gabes agora. Co teu pincha-pincha, espabilaches aos pais deste neno. Deixárono cuns tíos... e máis (Siñalando á esquerda)... coa televisión... E fóronse lonxe.

SIN.—¿Prá emigración?

CAT.—Eso. Pra Suiza. Moi lonxe... Ahí tes o neno... Seus pais dende Suiza, coma unha gran cousa, mandáronlle ésto...

SIN.—¡Qué monstro máis raro! ¿Qué demo é?

CAT.—Chámanlle reló.

SIN.—¿E qué fai aquí? ¿Dices que veu dende as nabizas?

CAT.—Veu desde as Suizas.

SIN.—Su-i-zas. ¿E cómo veu?

CAT.—Escoita.

DON PERFEUTO:

Martes trece.
Once cincoenta e catro.
Fixéronme esauto
útil e barato
coma outros tantos,
tres millóns vinteséis.

SIN.—¡Arredemo!

CAT.—Éche Perfeuto. Nunca se equivoca. Eso é o peor que ten.

SIN.—(Ollando atentamente a Don Perfeuto por detrás). Non é perfeuto. Fáltanlle as alas pra voar.

CAT.—Así e todo veu desde as Suizas voando.

SIN.—Pero si non ten alas... E tampouco lle vexo pincheiriño nin boca pra zugar comida nin viño... ¿Cómo lle podes chamar Perfeuto?

CAT.—Veu nun gran sinfarainón que lle chaman avión. Xa che dixen que o mandaron os pais deste probe rapaz desde as Suizas. É un regalo.

SIN.—E ¿a esto chámanlle un regalo?

CAT.—Pois chámanlle.

SIN.—Increíble. E ¿ao neno? ¿Cómo lle chaman? E ¿cómo o deixaron solo?

CAT.—Chámanlle Pacucho Caichovento. É un neno achacío e algo furricas, que un día tiróuno o vento das pedras da costa embaixo e caíu xunta o mar, e por pouco o leva unha ola, e os pais tiñan medo que alá nas Suizas, que hai moitos ventos e moitas montañas e lagos, o puidera coller unha lufada e facelo desaparecer.

SIN.—E preferiron desaparecer eles... Pero (siñalando o reló) este deño ou como se chame ¿mandáronllo pra que o garde do vento ou qué?

CAT.—Non. Mandáronllo pra que non durma moito.

SIN.—Non entendo nada. Si o rapaz está delgado coma un garabizo o que interesa é que coma e durma arreo, que se afarte de durmir coma un porco a ver si engorda.

CAT.—Pois xa estás a ver. Non durme ben. Hai varias noites que levo vendo por ahí (siñala a fiestra) cómo tapa a cachola, reméxese, ten pasadelos. Está degaxando aínda máis... Eu penso

que, si sigue así, mirraráse e desaparecerá sin necesidade de se subir ás pedras onde bufa o vento.

SIN.—Pois, si tí, que eres unha sabia sempre pensando polas noites, mentras nós, os sínfanos, bailamos, non entendes ben o por qué desta historia, o meu caletre pinchudo aínda dá pra menos... Pero unha cousa sí me saberá decir: ¿qué diacho fai esto?

CAT.—Esto é Don Perfeuto. Sabe contar.

SIN.—¡Acabáramos! ¡É pra contarlle contos ao neno! ¡Pra que o neno durma! O que pasa é que lle conta contos modernos, de tiros e de medo, e logo o neno non pode durmir cos soños que ten, ¿non sí?

CAT.—Non, home, non. Esta andrómena sabe contar os días, os meses, os minutos. Pode decir si hoxe é luns ou martes ou mércoles... Non perdoa nin un minuto.

SIN.—Minuta... ¿Non é cousa de comer?

CAT.—Non, home, non. Quero decir que este bicho leva conta de cánto falta pró día, das horas..., dos minutos, do tempo. ¿Entendes?

SIN.—A verdade é que nin siquera sei qué son minutos. Pero ben que sei cándo é que ven o día e debo fuxir a esconderme sin necesidade de Perfeutos coma éste...

CAT.—Eu, a verdá, tamén podo decir o mesmo. Podo levar conta do tempo, de cómo remata a noite e ven o día sin perguntarlle nada a Don Perfeuto.

SIN.—E a Pacucho Caichovento parece que non lle cai ben... Eso tamén é verdade...

CAT.—Sí.

SIN.—En conclusión: que Don Perfeuto non sirve...

CAT.—Paréceme que non sirve, pero...

SIN.—Pero qué.

CAT.—Pero incordia.

SIN.—¡Pititiriti!

CAT.—Estóu tódalas noites a mirar, a guichar, a pensar, e de pouco me val. Non consigo comprender estas cousas que fan os homes.

SIN.—Dín que os sínfanos temos poucos miolos e pensamos pouco. Pero consólome oíndoche decir que tí despóis de tanto pensar non dás co aquel das cousas.

CAT.—É que, agora que xa vou vella, dame por pensar que os homes pensan que pensan e non pensan.

SIN.—E eu penso que todos os pensadores estades máis tolos que os mosquitos.

CAT.—Eso é a envidia que nos tés... Pero escoita.

DON PERFEUTO:

Martes trece.
Once cincoenta e seis.
Que durma Pacucho.
Dígoo outra vez.
Que colla máis forzas
pra, de mañán,
ir a traballar.

SIN.—¡Qué traballar nin qué nabos! (Bátelle ao reló sobor da cabeciña, que lle sai coma un gran sapo concho de pé). Dirás que a durmir e a calar. ¡Cala, demontre, cala! ¿Non podes parar dunha vez?

DON P.—Fixéronme esauto. Non podo parar.

SIN.—(A Catuxa). Pero, ¿cómo é que é Perfeuto e non pode parar? Os que non poden durmir ¿son perfeutos?

CAT.—Xa digo que levo varias noites matinando nos por qués deste bicho e non lle atopo o rabo. Non me astrevía a entrar aquí por non asustar ao neno...

SIN.—Agora, por fin, semella estar a durmir... ¡Probe!... Pero eu tamén penso, tal coma me dixeches antes de entrar nesta habitación, que máis medo lle debería dar durmir ao pé dunha andrómena destas que dunha curuxa. Pero eu non temo a ninguén. Verás agora como lle bato a esta besta redonda e lle ordeno parar (Bátelle a Don Perfeuto). Toma, toma... deixa durmir ao neno, besta do demo. ¿Non ves que, si non, tamén el vai emigrar? E, si emigran pais e fillos, ¿quén me alimentará?

CAT.—Non perdas o tempo, Sinfarainín. Xa teño eu visto pola fiestra cómo o rapaz tamén lle batía e o mandaba parar... e nada.

SIN.—Pero, ¿é que non oie? ¡Don Perfeuto!... ¡Don Perfeuto, atenda, home! ¡Estanlle a decir que pare, que pare, que pare! (Ao ir decindo esto sufla na cornetiña).

CAT.—Para tí, que o neno quer durmir e van vir os tíos e vaise armar un gran lío si nos ven aos dous eiquí na casa...

SIN.—(A Don Perfeuto, baténdolle) ¿Oiches, cacharrilis? Que pares, que o neno quere durmir e vaise virar tolo. Que deixes durmir á xente. (A Catuxa). ¿Non entende o cristiano?

CAT.—Non. Ó mellor é que sóio entende o suizo. Compre que marchemos deiquí.

SIN.—Non, Catuxa. Tí saberás moitas filosofías das que pensas polas noites, pero eu sei algo. Sei que este neno está desperto... Agora que me paro a ver, eu recordo que xa teño estado nesta habitación... Entro en tantas e píncholles o meu pincheiriño a tantos nenos e nenas... Eu sei xa quén é... É furricas, medoso, non quer dar a cara, pero quer que o libremos de Don Perfeuto. E non nos iremos de aquí sin facer calar a esta pantasma. Estóu nunha gran deuda con Pacucho Caichovento... Eu non temo a ninguén. Mira cómo lle bato (Bate en Don Perfeuto):

Recibe, Perfeuto,
cen mil palizas,
ou vaite direuto
prás túas Suizas.
Párate, Perfeuto,
que te fago trizas.
Párate, demontre,
e vaite prás Suizas.

(A Catuxa). Bátelle tí tamén. Non temas. Baténdolle os dous, quezáis pare. (Catuxa bate tamén, e os dous salmodian):

Párate, demontre.
Vaite prás Suizas.

(Mentras tanto, pola esquerda, remusmús de aplausos, risas, barafunda típica de concurso televisivo: "¡Ganado...! ¡Ganado...! Sí, señor, a Suiza... En magnífico hotel de primera... Ganado... Todo pagado... ¡A Suiza!").

SIN.—(Parando de bater e detendo a Catuxa). Agarda. O meu caletriño tamén ten ideas. ¿Non te dás conta, Catuxa, que a este

armatoste hai que lle falar en suizo pra que entenda? ¿Qué fas que non lle falas tí en suizo? Veña, fálalle. ¡Non me dirás que tí, que eres a sabia do bosque, non vas saber decirlle unhas palabras en suizo pra que entenda dunha vez!

CAT.—Xa estás a ver que é terco coma un sapo-concho. Aínda que lle fale en chino non me vai facer caso.

SIN.—Tí fálalle en estranxeiro, en suizo ou en chino, que ao mellor faiche máis caso.

CAT.—(Cara ao público: "Non sei suizo nin chino, pero haberá que disimular". (A Don Perfeuto): A ver si hai sorte...

Reloté cachirris,
minutiré:
como caques caquirris
abondo e descontrolis
sonos pacuchirris caicholventolé,
vouche descachares
os cachivachirris
e arrincachareichos
polo teu tupé.
¿Escoitas ou qué?...

(Quedan á expectativa uns segundos ollando o gran reló. Este sigue co seu abaneo, o seu taca-taca e a súa musiquiña).

DON PERFEUTO:

Taca-taca, tica-taca.
Mércoles catorce.
As cero e dous.
Non bula ninguén,
e durma Pacucho,
que ás oito en punto
o despertaréi.

SIN.—¡Zumba, catano! Non fai caso. Como si non existíramos...

CAT.—Nada. Xa che aviséi que non nos faría caso nin en suizo nin en chino.

SIN.—Nunca che vin outra. (A Don Perfeuto). Don Perfeuto, poña atención:

Faga o favor.
Pare a canción.
Pra sere perfeuto
fáltalle audición.

CAT.—Non te canses, Sinfarainín, ímonos fora. Olla. (Sinalando a fiestra). Vaise a lúa. (Mirando pró leito). Tal vez o neno poida durmir. Hase de acostumar a sentir a este armatoste. ímonos. Tí xa viches o ben que lle pronunciéi o suizo. Xa ves que os das Suizas son tercos...

SIN.—Pois os sinfanos, cando nos dá a gana, tamén somos tercos, e ou metemos o alfinetiño onde queremos ou morremos. Voulle dar unhas pinchadas a este reloteterile por un buratile que lle vin no lombo, a ver si o deixo teso.

(Sinfarainín ponse a darlle peteirazos a Don Perfeuto pola parte de atrás. Mentras tanto, Catuxa empoléirase no peitoril da gran fiestra).

DON PERFEUTO.—(Co seu ritmo de sempre):

Mércoles catorce.
As cero e catro.
A mín ninguén me torce.
Digo os minutos
e as horas digo.
I eu sigo.

SIN.—(Peteirando e revoando nervioso ao redor). ¡Mecachis nos cacharrilis das nabizas!/¡Qué nervioso me pón!/¡Acabaréi contigo!/¿Quedáronche os ouidos moucos de vir no avión?/¡Don Perfeuto! ¡Mamalón!.../¡Qué nervioso me pón!/¡Qué nervioso me pón!/Pínchote este corpo duro/como a testa de Sansón./Que te furo, que te furo,/cacharro sin corazón.

CAT.—(Dende o peitoril da fiestra na actitude serena de curuxa contemplativa). Cánsaste en van, Sinfarainín. Parece mentira en tí...

SIN.—Sí, parece mentira. Eu sempre ando despertando e incordiando á xente e hoxe dame rabia que este antroido sea quen desperte e incordie... Pero, ¿qué fas tí ahí empoleirada? ¿Por qué non me axudas?

CAT.—Eiquí empoleirada, penso mellor, súrdenme mellor as ideas. É polo costume de estar sempre en sitio alto, máis alta que os homes...

SIN.—E, ¿venche neste intre algunha nova idea á cachola?

CAT.—Agarda... Sí... Venme unha idea... Si falara chino...

SIN.—¡Cómo! ¡Qué dis! ¿Vaslle falar en chino?

CAT.—É que coñezo a un can pequinés.

SIN.—¡Ah, coñeces a aquel can pequeno e de malas pulgas que lle chaman Pequinés!

CAT.—Sí, eses cans pequenos, seriotes, pouco ladradores, din que son comunistas e cascarrabias e pouco de fiar, pero...

SIN.—¿Pero qué? Fala... ¡Qué pachorrentas sodes as curuxas!

CAT.—Lentas, pero seguras. As ideas hai que deixalas vir... Penso que quezáis sexa axeitado traer aquí ao Pequinés. Ao mellor el entende de qué está feito o cacharrilis reloterilis este. Dicen que é agudo coma un allo o tal Pequinés.

SIN.—Pois, ¿qué fas que non vas voando a buscalo? ¿Non ves que hai que axudar a Pacucho Caichovento?

CAT.—E, ¿por qué?

SIN.—¡Por qué! Os filósofos en lugar de aclarar sempre facedes perguntas. Tí mesma dixeches que eu espabiléi prá emigración aos pais deste neno. Agora sinto un espichiño dentro da conciencia... Nunha palabra: hai que axudar a Pacucho. Ademáis collinlle noxo a este monstro. ¡Trai loguiño ao Pequinés!

CAT.—Sí, pero ao Pequinés, como dín que é malo, cáseque sempre o teñen atado cunha cadea.

SIN.—Escoita. A mín polas noites, cando hai lúa, aínda que non o creas, tamén me veñen ideas á cacholiña: namentras tí tratas de traer aquí ao Pequinés, eu vou chamar, asomándome á fiestra, á miña familia. Xa sabes que teño moita espallada polos aires. E vou chamar ao meu amigo Barriga Verde pra que veña coa súa cachaporra e fenda a este diaño. Xa verás. Tí vai a onda o Pequinés. Voa. ¡Bule!

CAT.—Pois alá vou. Deica logo. (Desaparece pola fiestra).

TEMPO II

(Síntense pasos e voces na esquerda. Ábrese a porta desa banda. Asoman o TÍO e máis a TÍA, que quedan ollando prá cama, onde PACUCHO sigue coma enterrado na roupa, baixo a almohada. SINFARAINÍN escóndese correndo detrás de DON PERFEUTO).

O TÍO.—(Sin apenas entrar no cuarto, igual que a TÍA). ¡A ver! Ben. Coa fiestra aberta, tal como encargaron seus pais... Así acostumaráse aos aires e criaráse forte pra cando teña que ir pra Suiza.

A TÍA.—Fai igual que o pai. Sempre coa cabeza baixo da ala.

O TÍO.—Pero, ¿terá aire abondo? Voulle quitar de enriba a almohada...

A TÍA.—(Retendo ao TÍO). Déixao. ¿Non ves que está moi apreixado a ela c que é o seu costume e non lle fai mal por eso. Durme coma un penedo.

O TÍO.—Coma un penedo.

A TÍA.—(Mentras se oi música forte da televisión). ¡Vamos, vamos! Vai empezar ese programa de "Historias pra dormir mal". Ese non mo podo perder. Vente.

O TÍO.—Boeno. O reló encargaráse de despertalo pola mañán pra que poida ir á escola, pra que poida facerse home, pra que poida ir a Suiza.

A TÍA.—Eso. Xa o despertará o reló. ¡Vamos, que empeza "Historias pra dormir mal!"

O TÍO.—¿Tí crees que o rapaz come e durme e está ben san e non terán queixa os pais?

A TÍA.—¡É logo! ¡Por algo nos regalaron o televisor! Está coma un rei. Non lle falta nada. (Sinalando o cuarto). Libros, balóns, mapas, un reló perfeuto, ¿qué máis quere? Vente, hala, que empeza o programa. ¡Á televisión!

O TÍO.—Imos, pois.

A TÍA.—¡Hala! (Pechan e desaparecen os dous).

(Sae SINFARAINÍN de detrás de DON PERFEUTO e dá unha pitadiña de bulra cara a porta da esquerda coa súa trompetiña no mesmo intre en que desaparecen o Tío e a Tía).

SIN.—¡Á televichón! ¡Á televichón! ¡Papancilis! Despóis dicen que é aos mosquitos a quen lles falta o caletrili. Eles sí que están descaletrados. Un día heime de meter por un buraterili da súa televichoncili adentro i escachafareilla pra que se amolen e durman e deixen durmir, pra que durman "coma penedos", e despóis eu lles espiche o meu espicheiriño e lles zugue ben de zume. Agora vou ver si lle atopo ben os buraterilis a esta cousa do demo.

DON PERFEUTO:

Taca-taca.
Eu sempre sigo.
As cero e dez.
Ben volo digo.
Non bula ninguén.

SIN.—Deixa que xa che rebuligaréi eu. Xa verás... (Vaino mirando moi atentamente por arriba e por abaixo. Vaino tentando. Intenta tamén tumbalo, namentras Don Perfeuto sigue co seu aca-

neo, coa súa musiquiña monótona coma alleo a todo). A ver... Por aquí... A ver si podo... É ben pesado e gordo. Eu... cáseque podo, aínda que son delgadeiro. Xiria e rabia non me falta... É frío... Quezáis ten o Demo dentro. Pero eu non lle temo nin ao Demo... Xa verás, xa verás, Don Perfeuto do Demo... Virá Barriga Verde i escachifarache o corpo coa súa cachaporra e terás de saír queiras que non... E o Crego esconxuraráche e volverás ás profundas dos infernos... Verás... Agora que te vexo con máis calma, vexo que eres ben frío e malo... Agarda... (Vai á fiestra, olla pra fora e ponse a chamar con pitadas da cornetiña a outros sínfanos que irán enxergándose por baixo da lúa). Non perdamos máis tempo... A ver ónde andan... Por alí veñen... Teño tanta familia... Pola noite andamos todos... ¿Quén é aquél? ¡Somos todos os irmáns tan parecidos...! ¡Eih, Mosquinecho! Tamén veñen Zumbiño e Zumbiña. ¡Eih, volos dous...! ¡Siisss! ¡Calados...! Aquí teño a un neno ao que non deixan engordar nin durmir... Hai un deño moi grande dentro dunha cousa que chaman reló... Ten que vir enseguidiña Barriga Verde coa súa cachaporra. É cousa de vida ou morte... Sí, sí, que veña loguiño e disposto a dar un bó trancazo... E tí, Mosquinecho pequeno, amigo do viño tinto da adega do crego, vaite voando a todo voar e desperta, espabila ben ao vello Crego, e faino vir para aquí a desconxurar a este diaño. ¡Voa! (Vense desaparecer outros Sínfanos como Sinfarainín por debaixo da lúa). Boeno. Así xa se me vai encalmando a conciencia. (Vense pró proscenio, perto do público e fala cara éste despóis de botar algún suspiro). ¡Ai, Deus bendito, San Roquiño, Ánimas, qué arrepentiño vos estóu esta noite. (Mentras tanto vaise erguendo na cama PACUCHO). Amiguiños, nenos desta vila, pídovos que me axudedes a tranquilizar a miña conecencia, digo a conciencia. Xa nin sei qué digo. Estouvos acontecido, reconocido e arrepentido. Todo a un tempo. O meu corazón é voso. Ten sangue voso. Eu chupo e chupo. E algúns dicen que non teño cacholilis. Pero eu digo que algo teño. ¿Non creedes? E teño conciencia. E sei agradecer. Porque sobre de todo teño corazón. Teño sangue, claro. Téñovos pinchado moitas veces polas noites sin que vos decatárades. Non son coma este Don "Perfeuto", que ten todo frío por dentro... Axudádeme e decídeme: ¿Son eu culpable, como me indicóu Catuxa, a vella curuxa de ollos de cebola? Decídeme sí ou non. (PACUCHO vindo por detrás de SINFARAINÍN, cara o público indica con acenos que non, que SINFARAINÍN non é culpable, que digan que non). Decídeme sí ou non. ¡Ai, eu seica tolearéi esta noite si non consigo primeiro que me digades que non son culpable de que non durma Pacucho, que quedóu tan soio, e, en segundo lugar, si non acadamos facer parar a Don Perfeuto! ¿Son culpable?... (Oise decir que non a berros. Logo SINFARAINÍN viraráse pra ver a Pacucho e non o atopará na cama). ¡Ai, gracias...! Este probe de Pacucho quedará moitos días ceibe dos mosquitos, pra que durma ben... Eu agora quedo ceibe do mosquito que me roía aquí dentro... Pero, ¡non está na cama...! ¿Sería capaz de engulilo esta besta do Demo? ¿Ónde estás, Pacuchiño? ¿Estás na barriga de Don Perfeuto? (Descubrindo a Pacucho ao seu lado e apertándose logo a éste). ¡Ai, qué susto...! Pero, ¡ven! ¡Veña unha aperta! Sin medo, que hoxe non che

pincho. Así. ¿Perdóasme? ¿Perdóasme por todas as pinchadas que che temos dado os da familia sinfarainiña a ti e máis aos teus pais?

PACUCHO.—(Alto, delgado, inocente e medoso). Sí.

SIN.—¿Perdoas?

PAC.—Sí.

SIN.—Non eres moi faladeiro, ¿verdade? ¿Estás tristeiro?

PAC.—Non... É que estóu nervioso... Sentín todo o que lles decías aos teus irmáns e máis a Catuxa...

SIN.—¡Ah! Logo non estabas durmido. (Pachuco acena que non). ¿E qué pasa?

PAC.—Teño medo.

SIN.—¡Pero home! ¡Tí sempre andas con medo! ¡Non se pode vivir así! ¡Repara en mín, que son capás de me meter nos buratos do narís do dono desta casa ou do señor arcebispo. ¿Qué temes agora? ¿A Don Perfeuto? (PACUCHO acena que non). ¿Aos teus tíos? (PACUCHO acena que sí). E, ¿por qué? Eu sei que non sentirán nada do que falemos ou fagamos aquí neste cuarto. Agora están co gran programa da "televichón". E non se enterarán de nada. Aínda que me puxera eu a voar e zoar ao redor deles e máis a pinchalos, non deixarían de estar coma citotes cara a televichón. Seino certo. Así que non temas que veñan mentras non remate o gran programa televichiño. Falemos de outra cousa. ¿Por qué os teus pais non te levaron prás Nabizas?

PAC.—Non me levaron prás Suizas... porque seica son moi noviño aínda, e teño que ir primeiro á escola aquí e aprender moitas cousas. E mandáronme este reló de onde eles traballan pra que me acostume ás máquinas e aos relós e traballe moito e non caia co vento...

SIN.—Explícate mellor, faí favor. ¿Qué ten que ver eso de cair co vento...?

PAC.—(Coa súa timidez). Dicen que caio co vento porque non como ben. E dicen que non como ben porque non respeito as horas, porque vou por ahí comendo pipas, caramelos, chupa-chupas, desas cousas que anuncian pola televisión, e cando chega a hora de comer non como e, si como, gomito. Dicen que non teño orden e que o reló ensiñaráme orden.

SIN.—Dicen, dicen... E tí, ¿qué dices?... (PACUCHO encóllese de hombreiros) Fala sin medo.

PAC.—Eu... Eu voume deitar pra durmir pra madrugar pra ir á escola pra aprender pra viaxar...

(SINFARAINÍN queda un tanto abraiado, ollando en silencio, encollendo os hombreiros e facendo certo aire de desconcerto, namentras PACUCHO volve a meterse no leito).

SIN.—Pero. (Coma perguntándolle ao público e máis a Pacucho). Logo... ¿Qué facemos? (Nos intres de pausa síntese claramente a salmodia do reló):

As cero e dezaséis.
Que durma Pacucho,
que se erga en punto,
que eu o chamaréi.

SIN.—¿Qué facemos? ¿Queres que che escachemos o reló?, ¿sí ou nón?

PAC.—(Na cama, tapándose). É un regalo de Suiza. Eles fan relós... Mandáronmo en avión.

SIN.—¿Este armatoste do demo fixéronno teus pais?

PAC.—Non. Eles alá, naquelas fábricas de relós, andan con outras máquinas máis grandes... Mandáronme unha fotografía.

SIN.—¿Fan máquinas máis grandes?

PAC.—Montan nelas e van pola fábrica recollendo cochizo.

SIN.—¡Ah!

PAC.—E queren que eu estudie pra que sexa dos que fan relós e gañan moitos cartos pra que despóis me case e teña fillos e tamén lles dea estudio...

SIN.—Queren, queren... E ¿tí qué queres?

PAC.—(Meténdose embaixo da almohada). Quero durmir.

SIN.—Pero supoño que ouiches que a curuxa Catuxa vai ver si lle solta a cadea ao Pequinés, Zumbiño e Zumbiña van na casa de Barriga Verde e Mosquinecho espabilará ao Crego, así que xuntarémonos aquí moita xente pra ver de te ceibar a ti da cadea do reló... Tamén habería que te ceibar do chupa-chupa da televichón... ¿Tí queres que te ceibemos? ¿Sí ou non?

PAC.—Eu... vou durmir... Facede o que queirades. (Volve a meterse embaixo da roupa).

SIN.—Pero si dices que queres durmir, quererás decir que tamén queres que che fagamos parar ao reló... (Ao ver que Pacucho non contesta, fitando ao público). ¿Víchedes cousa igual nos días da vosa vida? Eu non vos vin caso igual. O peor deste rapaz non é que perda quilos de peso ou perda os pais, o peor é que perde a vontade. Non ten xenio. Non sabe o que quere. Si tuvera vontade nin lle faría falta o reló. ¿Non é certo? Si tuvera vontade non acetaría chupa-chupas ou caramelos ou chicles, ou lambizos tontos antes das comidas. ¿Non é certo? Si el tuvera vontade agora eu non tería que decidir por el. Pois, mirade, eu, un simple sinfainiño, vou ter vontade. Vou decidir polos seus pais, que están a recoller cochizo nas Suizas, polos seus tíos, que están apampanados na televichón, e por Pacucho mesmo, que está coma na lúa. Pra ter vontade hai que ter sangue no corpo. O meu corpiño é delgadeiro coma un bimbio, pero ten sangue quente sempre. Como sei, Pacucho, que estás oíndo canto eu digo, declaro que o reló, o Don Perfeuto das Suizas, farémolo parar. Así non terás máis remedio que ter vontade. Non te preocupes que te erguerás cada mañán sin necesidade de andrómenas suizas. Cando eu vexa que non te ergues ás horas viréi e pinchareite con este espichiño finiño... Fareite un home... (Sufla na cornetiña). Escuitade todos, rapaces. Prometo que non o incordiaréi a el nin vos incordiaréi a vós sin motivo xustificado. Sóio incordiaréi a tódolos nenos desta vila e de outras vilas cando sexades desordenados e desvoluntados. ¡Dixen! E agora. (Fitando ao público e reparando nalgún neno)... Agora que me estóu fixando, cando remate a operación contra Don Perfeuto, penso ir á casa de aquel neno, aquel que está alí con cara de lambereteiro, vínno antes comendo moitos manises e lambetadas e seguro que non terá gañas de cear en chegando á casa, e, como leva moito zucre de máis no sangue, iréi pola noite e... ¡pichiiín!, afíncolle o meu espicho coma un espadín, e el despertará e quererá espatelarme, pero eu, con estas aliñas, faréi un gran brinco e fuxiréi. Ninguén me pode pillar cando

voo. ¡Eu seí cándo haí que pínchar! E sei o que quero. Non coma este probe Pacucho, que perdéu a vontade, ou coma este que lle chaman Don Perfeuto e que todo é ferriños fríos. Tendes que ter vontade, rapaces, mesmo pra saber si queredes ir ás Suizas ou a ónde é que queredes ir.

(Ao estar rematando a súa parrafada SINFARAINÍN, aparece pola dereita BARRIGA VERDE coa súa gran cachaporra).

BARRIGA VERDE.—¿Quén non ten vontade? ¿Ou a quén queren mandar prás Suizas sin o meu permiso? ¿A quén teño que lle dar un mocazo?

SIN.—(Siñalando a algún rapaz do público). A aquél dalí... Non. Equivoquéime. (Detén a Barriga Verde que quería botarse onda o público e diríxeo a Don Perfeuto). A éste, a éste.

BARR.—Veña logo. Que me están agardando noutros sitios. ¡Hai tanta xente e tantos problemas en todas partes e tantos nenos que non durmen ou que non comen, e tantos pais viaxando...! Déronme aviso de que noutra casa queren que escache coa miña cachaporra outra cachafulla coma ésta. ¿A ver? (Fita a espalda de Don Perfeuto e dí coma leendo). Sí... Efeutivamente. Eiquí dí. Made in Switzerland. Don Perfeuto... Dous millóns catrocentos trinta mil quiñentos sesenta e seis... H. B. 1973... Haivos moitos Perfeutos coma éste... Nesta semana xa escachiféi catro ou cinco en diversos pobos... ¡Imos alá! (Ergue a súa gran moca mentras Don Perfeuto sigue coa súa canción).

DON PERFEUTO:

Taca-taca.
As cero e vinteún.
Eu nunca minto.
Non bula ningún...

BARR.—(Coa moca en alto por enriba de DON PERFEUTO). Eu che vou facer bulir. Xa verás.

PAC.—(Tirando a almohada e sentándose na cama de sotaque). ¡Non! ¡Non faga eso, señor Barriga Verde!

SIN.—¡Vaia! ¡Menos mal que ten unha arroutada de xenio!

BARR.—(Baixando ao chan a cachaporra). Xa dixen que non teño moito tempo que perder. ¿Sí ou non?

SIN.—(Vendo que Pacucho duda). Decide pronto, Pacucho. ¡Vontade!

PAC.—Si é que o paran sin rompelo..., sin ruido, sí...

SIN.—(A Barriga Verde). Ahí ao lado están os tíos... (Sinalando a Pacucho). Ten medo que sintan e veñan...

(Pola esquerda sigue o remusmús da televisión. Por veces óise forte. Hai berros, chíos de muller histérica, golpes. Voces confusas: "Invasores. ¡Invasores! ¡Maldición! ¡Unión!... Exterminación!").

BARR.—¡A televisión! ¡Esa sí que é unha invasión...! Si me deixaran, escagallaba un cento delas nunha noite. Máis de un cento de persoas durmirían mellor...

PAC.—Están a ver unha película de invasores...

(Entra o Crego acompañado dun pequeno sacristán mudo que porta o caldeiriño co hisopo. Veñen moi lisgairos).

O CREGO.—(Con gran rapidez de movimentos e de verba). ¿Ónde está? ¡Teño moita presa!

SIN.—¡Aquí ven o Crego...! Señor Crego, élle pra desconxurar este

muíño que nunca para e parece que leva un gran demo. A ver si o fai parar, pra que durma este neno.

O CREGO.—(Xa colléu na man o hisopo mollado e molla ao neno e despóis a Barriga Verde, que está parado coa cachaporra ao lado. Leva unhas gafas que lle van caíndo. Mira por riba délas. Na man esquerda leva un libriño no que lee mentras salmodia). ¡Esperimicus! ¡Esperimicus! ¡Bobicos!

SINF. e BARR.—¡Eih, eih!... ¡Aquí non!... ¡Aquí tampouco!... ¡Eih! Aquí... (Tápense a cara pra evitar os remollazos).

O CREGO.—(Sobor de Don Perfeuto, contendo a caída das gafas, lendo a toda presa e dando hisopazos):

Esperimicus, micus-mé.
Demo pequeno
ou demo maior,
fuxe de neno
por Noso Señor.
Esconxúrote,
arrenégote.
Micus me,
arrenegoté.
Demo do inferno,
vaite en avión
ou vaite por tren
ou, si non, a pé
co kirieleisón.
Mataiotes mataiotetos,
vaite cos fillos,
vaite cos netos,
Per sécula
seculorón.
Lorón, lorón.

(Todos quedan un intre estantíos. Pero aínda pode ouvirse a televisión: "¡Invasores sembrando desolación!" E óise o taca-taca de Don Perfeuto, que sigue tan campante co seu abaneo):

Mércoles catorce.
As cero e vintecatro.
Fixéronme esauto,
útil e barato,
coma outros tantos...

(Entran pola dereita CATUXA e máis O PEQUINÉS. Éste ten cara de can de malas pulgas. É escuro, pequeno. Leva unha pequena carteira baixo do brazo esquerdo. Parece un doutor algo sinistro, un pequeno funcionario tristeiro pero eficaz).

SIN.—(Alporizado de ledicia). ¡Ahí ven Catuxa co Pequinés! ¡Por fin!

(Pacucho, sentado na cama, dí ao tempo que SINFARAINÍN: "¡Por fin!, ¡A ver qué fai agora o Pequinés...!").

CAT.—Aquí estamos. Traballo me levóu... (Polo baixo a SINFARAINÍN e a BARRIGA VERDE). Facédelle reverencias, facédelle reverencias. Sinón enfádase.

(Fanlle reverencias, que son correspondidas en silencio por outras por parte do Pequinés. Quedan un intre ollándose o Crego e o Pequinés coma sin saber qué facer ún e outro. Catuxa fai unha

presentación: "Aquí o Señor Abade... Aquí o Señor Pequinés". Hai máis reverencias, incluso antre o Pequinés e o Pacucho dende a cama, mentras Catuxa actúa de mestre de cerimonias. Por fin a Curuxa mostra a Don Perfeuto, mentras éste sigue coa canción monótona das horas e minutos. O Pequinés ponse a cheirar a Don Perfeuto, serio. Amóstranselle pola boca uns dentes pinchudos e brancos. Semella moito interés por un buraquiño na parte baixa do reló. Saca rápido un fonendoscopio. Aplícao i escoita, e volve a gardalo lixeiro. O reló acanéase sempre co seu taca-taca).

CAT. e SIN.—¿Qué tal?, ¿qué tal? ¿Poderáse calar a andrómena? ¿É moi grave? ¿Hai solución?

PAC.—(Dende a cama). ¡Coa cachaporra non...! ¡Coa cachaporra non!...

PEQUINÉS.—(Con acento estranxeiro, coma de chino):

Mecano macaco,
pelo hai solución.
Pois ten un bulaco
pla unha indición.

CAT., SIN., PAC.—(Namentras o Crego e o Sacristán axexan calados nun cornello). ¡Ai, qué ben...! ¡Cunha simple indición! ¡Sin cachaporrazos!

BARR.—(Servicial). Pero si falla a indición, aquí está a miña xeringa. (Sinala a moca).

PEQUINÉS.—(Deixa a carteira no chan. Non ten nada nas mans. Móstrase moi tranquilo. Acércase por detrás a Don Perfeuto mentras todos ollan pra el solprendidos de non verlle levar nada prá indición):

Pla unha planta,
ou pla algún queblanto,
semple levo un tanto
de indición.

CAT.—¿Ula?

SIN.—¿E non lla vai poñer agora mesmo?

PEQ.—Agola mesmo... Cun pouco de anís. (De sotaque vese claramente que levanta de perna e cíchalle unha mexada ao reló: Todos fan algunha exclamación ou aceno ou risa: "Caracho, o seu anís éche o pis". "Solprendente". "¡Arredemo!"). "¡Estes pequinés!"

DON PERFEUTO.—(Con voz coma de disco que vai parando i estropeándose):

Mércoles catorce.
As ceero e vinteseeis.
Quee duurmaaann todoooos,
queeee volvoooo ooutra veeeez.

(Párase pra sempre antre o gran asombro e silencio de todos).

PEQ.—¡Xa está! Agola ese anís que leva dentlo enfeluxalálle os feliños e non volvelá a dalle ao taca-taca endexamáis.

SIN.—(Brincando de alegría e sacando da cama a PACUCHO e facéndoo bailar con el polo cuarto). Xa está. Xa está. Baila comigo. Agora sóio dependerás de ti, da túa vontade. Eu axudareiche. Eu axudareiche. Baila comigo. (Os outros baten palmas).

CAT. e BARR.—¡Qué sinxelo foi! ¡Estes pequineses...!

O CREGO.—(Empurrando ao sacristán). Boeno, boas noites. (Bendecindo coa man a todos). Esperimicus, bobicos.

(SINFARAINÍN colle en roda a todos. Fai que se collan das mans e brinquen el, PACUCHO, BARRIGA VERDE, O PEQUINÉS ao redor do asombrado Crego e o Sacristán. Despóis estes dous últimos tamén collen as mans dos outros e fan unha gran roda. Pola porta da dereita amóstranse curiosos MOSQUINECHO, ZUMBIÑO e ZUMBIÑA. Pola da esquerda aparecen e entran alarmados cara o leito O TÍO e A TÍA, que son collidos no medio da roda, mentras lles cantan).

A TÍA (berrando coma tola ao entrar). ¡Os invasores! ¿Qué pasa eiquí? ¡Son os invasores!

Todos cantando ledos, non sendo os sínfanos que ollan pola porta da dereita e O TÍO e A TÍA, que están no medio da roda aparvados:

Gracias á invasión
de nós e do "anís".
Gracias a un can
do que falan mal.
Durmiremos ben
deica mañán.
Gracias á invasión
de Sinfarainín,
fillo de Sinfunga
e de Sinfainón.

(Baixa o PANO)

BERNARDINO GRAÑA
Zaragoza

ESCOLMA DE POEMAS

1

O vento tece rinchos
entre as mágoas que me rachan
un corazón metálico
feito a destallo
nas faitorías X. Y. Z.
A serán concrúe en amarelos,
frechas do universo
que tinxen de sangue
os tellados da aldea.
A roibén dos campos
enxendra remuiños de desexos
máis alá do meu corpo.
E eu, naiciña,
calzo chancos de uranio
pra calcar o verde neolítico
da nosa terra.

2

Nunha revolta do tempo
vinte serme tan núa,
tan tí, tan pel da miña pel
que me morrín na lembranza.
Ti, meu privado universo,
eres unha alada ideia,
unha pingada de mañán
esluída en sangue e ferro.
Galiza,
isolado sonroxo
que, soio, briva e trema
docemente na miña revolta!

3

Houbo noutro tempo
unhos homes que camiñaban
e medraban na Terra-Paradiso,
agallopaban nas alas da paisaxe
e copulaban nunha adolescencia
aquelada pola Xusticia.

Unha noite, ouviron soar
ao vento chamado Vixía;
il, falóulle nestes termos:
—Tras das montañas,
aló, onde eu estóu fitando
chegóu un Outavoce
e chismóume ao ouvido:
En nome do Dereito,
meu poderoso señor,
tómovos como escravos—
Aquiles homes non entenderon.
O Vixía, metéu o rabo entre as pernas
e choróu bágoas de xiada.
Na Terra-Paradiso
falábase outra lingua!
O tempo foi roulando.
Un aramio infindo
iba encadeando as linguas.
Impúxose a lei do Dereito.
Máis aló da ideia
cantóu o moucho
agoirando morte.

4

Polo peirao espállase a brétema;
barquechos que frotan no seu seo,
pantasean gaseosos.
Parecedes ávedos verdugos,
asilos penitentes da nada,
limiares misteriosos do destino.
Irreales!,
na noite
sonámbulos cascarós.
Sóio preñados de día,
surcados, meticulosos,
os mares da razón.

5

¿Esperará a morte
tan nobremente coma o labrego?
¿Será un crarescuro pensamento,
un derradeiro monólogo da alma
gris como a propia vida?
A razón está cansa de agoireiros,
de refollar na súa esencia,
de dobregarse sen folgos,
de fundirse nun anatema.

É ren a nube no seu ser
cando a soidade é sombra.
É fender puntos indivisibres,
unidades sen forma.
Podia que na inmensa quietude
dos eternos camiñantes,
caian unhas pingadas de morte,
unha soia pingada de alma.

6

Onte entoñaron á Xusticia
baixo unha lousa de prata
nunha aldea esquecida.
Morréu de preguiza;
seu derradeiro laio
quixo ser un nugallán
aceno de negamento.
Sóio nun reprego do mundo,
ouviuse o ecoar dunha campá
con voz cáseque inouvible,
cáseque asubiante:
Onte entoñaron á Xusticia
baixo unha lousa de prata
nunha aldea esquecida.

7

O val rexurde,
tolo de anguria,
en escadas de fumo.

Febreiro arrecende
a mimosas amarelas.
Postes de pedra,
mostran a xénese inmobre
dunha bisbarra.
O Ribeiro é un cento de testas
buligando nun adeus,
é unha ringleira de laios
tanxidos por estrelas xornaleiras.
Os arbres, as pedras, os homes,
somos, eiquí, líquidos,
esluentes esqueiros
dunha cultura aterecida,
detratores doutra inservibel
que nos formigueiros urbanos
nos queren impoñer.
No ar,
choutan as ideias individuaes;

átomos históricos
dunha terra tixeirada,
repreta de fogo íntimo,
onde as maus
pregan a un deus ondeante;
os cornos e as fenestras estruturadas,
xerarquizadas,
cheiran nas raigotas
dun novo home.
O val dos verdes ollos
dorme que dorme
na ansiedade cotián.
Fendido en versos dubidosos,
tremo con iste pobo
co que pautéi unha eternidade
de beleza e tristura:
eles sin os tinteiros acesos,
eu co traballo invertido en mágoas.
Ribeiro húmido de ríos,
orballado de viño.
Homes despoxados
de concencia futuricional,
vellos dun século novo.

Ao manantío da serra
vou de cando en vez,
e nas súas verdosas augas
bebo pequechos sorbatos de silenzo.
Camiño polo sendeiro
entre carballos e castiñeiros.
Todo é esmeralda!
De súpeto fuxen os arbres;
as eixadas ollan o derradeiro cultivo,
oxe hermo:
dous testemuños no sucalco
dous que son un millón,
o primeiro apunta ao ceo,
o outro chanta agonía na terra;
ambos son un millón.

8

Riba do peito
unha bola paradóxica.
Bola lumegante de raiolas
trascendendo no devir,
raiolas frechando á natureza.
Longura de realidade e espírito
opostos en loita a morte:
leises xerales da natureza,
leises xerales da alma, contrapostas.

A libertade,
penedo do monte,
baila nos cárceres do tempo
ao son dun tic-tac traidor.
O Home,
bola paradóxica,
vese afuciñado na terra
can sono estremecido
nun intre da eternidade.

9

As augas andan aflitas
de tanto enferruxar.
A libertade,
a estreita libertade,
pendura sóio
das pampolas.
.....
Nós sómola noite perfeuta:
lúa minguada,
estrelas de nacre,
lombos gachos...
Xa estamos cansos
deste limbo dos nenos
senlleiro e mouro!
Inmobres na beleza arrecendente dos campos,
das ondas armoniosas,
semellamos estacas
chantadas nunha ansiedade patolóxica:
iste é o camiño dos esqueletes,
das derradeiras vacas,
estrelas de pés inchados,
maus sangrando verbas moucas,
liñas ou arañeiras,
fel,
coroas de loureiro na testa.

10

Cando se sinte no ar
o lume que sulaga;
cando o ramallo das ideias
vaise murchando arreo,
entón non se debe cantar á frol
nin ao intre sotil,
nin á cor sublime.
Hai que cantar á terra,
á vida orgánica;
sugar a enerxía do universo
e inxectala no home
que viaxa no tempo
cun equipaxe de terra.

11

Vou fuxindo do aceiro,
das cousas inertes,
das risadas ocas.
Ando a facer un burato
na codia da Terra,
un fondo buraco sen término
onde meter as angurias.
.....
Os farrapos que me cobren
endexamáis me taparon os latexos.
Teño o sangue do escarapote.
Teño o aguillón disposto
pra chantalo nun papel
nun pequeno papel branco,
pois, montados no papel,
imos frotando no ar
e no ar nos esluímos.

12

Son cinsa os ouxetos
que me pediron contas,
ou que llas pediron
ás chairas e montañas
perdas na lúa;
pero as máquinas
rezuman un suor saguiñento,
e son as únicas
que piden contas todalas mañás;
as que esixen un xorne
co seu cotián trengueleo,
as que pregoan, con inmundos salmos,
a súa soberanía de ouxetos.
Namentras,
múrchanseme os beizos
e calo coa vida e coa morte.

ELADIO.


Siro
-74

XOSÉ

Xosé é subnormal. Ten trinta anos compridos aínda que non aparenta nin os vinte. O seu rostro seméllase ao de todos os outros mogólicos coma se asemellan as pingotas de auga. Xa sabedes: os ollos pequeniños e achinados baixo das pálpebras pesadas, bermellas, sen pestañas; o nariz recachado, os beizos enormes, a boca aberta... Xosé é pequeno e deforme: groso de corpo e pescozo, balofo, cortas as pernas, os brazos flaques, longuísimos. Camiña paseniño, coas pernas moi abertas e o tronco penzo; as mans esfolgaxadas diante dos xoenllos ou collidas na cueira... Xa sabedes.

Xosé non fala. Non pode máis que tatexar con moito esforzo algunhas palabras galegas illadas. Non fala, pero entende canto se lle di.

Xosé vive coa nai en Ferrol, e todos os anos vai pasar o vran a Valdoviño, onde unha irmá maior ten alugado un apartamento moi perto da praia.

Xosé gosta dos nenos; está afeito a eles porque ten moitos sobriños. Atura as súas bromas con infinda pacencia, e non pode ver como os pais lles zorregan ou lles rifan tan siquer.

Xosé é bon e moi simpático. Ri sempre; sempre está de bon xorne e ten moito senso do humor. Gosta de estar cos homes e botar unha cervexa con eles imitándolles os acenos máis viriles.

Xosé non é quén de interpretar un deseño, pero góstalle ver como dibuxo. Séntase acarón de min e pergúntame cousas e faime bromas. Tamén quere que o dibuxe a el e que lle pinte o fuciño torto e as orellas de coello. Despóis amósao moi ledo, sen saber cál é o dereito e cál é o rivés.

Hai días fíxenlle un retrato no soutiño que temos diante da casa. Xosé sabe que non debe moverse, e estivo todo o tempo inmóvile coma unha estatua; sen pestanexar, calado, case sen alentar... Rematéi o deseño da súa figura e comecéi a compoñer o fondo copiando as ponlas das arbres que nos daban sombra. Xosé decatóuse que a miña ollada non iba dirixida a el, senón ao ceo, e, logo duns minutos de atenta observación, ergueúse alporizado, acenando moito e inquirindo a grandes berros qué demos tiña que mirar eu pra arriba cando el estaba abaixo.

A gargallada foi xeral, e o mesmo Xosé ríu cando entendéu o que pasara, e andivo a contar o suceso a todos os veciños esplicándolles que eu regañaba os dentes e chiscaba os ollos cando fitaban as ponlas.

A Xosé querémolo todos.

Eu teño cismado moito en cómo será o seu mundo espiritoal. Xosé, ás veces, fica soio coa ollada perdida no horizonte, alleo ao mundo que o arrodea...

¿Qué coidará?

¿Saberá da súa inferioridade?

¿Sofrirá cando algún imprudente pergunta diante del se nacéu *así*?

Onte acontecéu algo que acrescéu as miñas dúbidas:

Eran os oito do serán; Xosé e máis eu estabamos á beira da estrada ollando a volta dos que foran á praia, cando unha muller turrando dunha cadeira de rodas, onde a súa filla —unha moza de vinte anos, moi linda e intelixente, tolleita das pernas por mor da poliomelitis—, pasa a meirande parte da súa vida.

—*Adéus*. Saudóume, ridente a rapaza.

—*Adéus*. Respostéille; e, bromista, quitéi o sombreiro de palla ao tempo de lle facer unha versallesca reverencia, que a divertíu. Ela, xenerosa, premióume cunha gargallada e un aceno garimoso.

Pouco a pouco, foron perdéndose na curva da estrada. Xosé fitounas un cacho en silencio, e, sinalándoas co dedo, apretóu os beizos e abaneóu a cabeza nun xesto compasivo.

Eu estaba abraiado; parecíame imposible pero era certo: Xosé estaba magoado pola desgracia daquela rapaza que non podía andar. Comentéille:

—*É unha pena, ¿eh?*

E Xosé, coa faciana atristurada, asentíu:

—*É, home, é.*

E volvéuse de costas, e botóu a andar, cismando Deus sabe qué cousas no seu cerebro degaxado.

SIRO.
Ferrol

MÁNDUAS: UM PROBLEMA DE TOPONIMIA HISTÓRICA GALEGA

À saudosa memória de Fermín Bouza-Brey (1901-1973)

Não sabemos se o nome desta importante paróquia galega da província de Pontevedra —"la más importante después de Silleda" [1]— já foi objecto de algum estudo histórico especial. *Mánduas* [2] situa-se no município de Ansemil, no nordeste da referida província, sendo da invocação de santo Tirso. No tomo respectivo da "Geografía del Reino de Galicia", da autoria de Luís Gorostola Prado, que se lhe refere repetidas vezes [3], não descobrimos nenhuma alusão ao seu passado mais remoto, na verdade remotíssimo, pois *Mánduas* deve identificar-se, salvo erro, com a comarca (*pagus*), que no chamado "Paroquial suevo", redigido na segunda metade do séc. VI [4], quer dizer na época do declínio do reino suevo, se denomina *Mandolas*. A única coisa que pode causar surpresa, ou mesmo dúvidas, é o facto de neste importantíssimo documento vermos a paróquia galega em causa atribuída à sede de *Portugale in castro novo*, sita na margem direita do rio Douro, do lado oposto de *Portucale castrum anticum*, o qual, administrativamente orientado para Sul, figura como sufragânea da diocese de *Conimbriga*. Pierre David admite que o Porto

[1] Ver a pág. 651 da obra abaixo citada de Luís Gorostola.

[2] Introduzimos o acento agudo, supérfluo segundo as regras ortográficas españolas, para que não haja dúvidas sobre a acentuação esdrúxula do topónimo em estudo.

[3] Cf. principalmente págs. 651 e seguintes. Madoz informa que no seu tempo a freguesia de Mándua abrangia 50 casas, e a aldeia homónima cinco vizinhos e 25 almas.

[4] Devemos a Pierre David um penetrante estudo sobre este importantíssimo documento, conhecido anteriormente sob o nome de *Divisio Theodemiri*, e que Barrau Dihigo considerava como sendo uma falsificação. O trabalho de David está inserido na miscelânea *Etudes historiques sur la Galice et le Portugal du VI^e au XII^e siècle*, págs. 1-85. Trata-se, abstração feita das interpolações, de um catálogo das 13 dioceses do reino suevo e das paróquias pertencentes a cada uma delas.

se tornou sede da nova circunscrição, sucedendo nesta qualidade a *Magnetum* (o actual *Meinedo*), na véspera da crise final do reino dos Suevos, ou seja sob o reinado de Miro, falecido em 582 [5].

Não é, aliás, o "Parochiale" a única fonte proto-histórica que nos transmitiu o antigo topónimo de *Mandolas*, documentando a relativa importância da terra respectiva no período pré-islâmico. Conhecem-se, com efeito, três moedas, cunhadas, segundo rezam as epígrafes, em *Mandolas*, na Galécia já tornada visigoda, e sob os reinados de Leowa II (601-603), Witterico (603-610) e Suinthila (621-631), respectivamente [6]. Estas "cecas" devem ascender, como noutros casos, a uma actividade numerária mais antiga, sueva, do século precedente, mais concretamente da época do "Parochiale".

No que toca à etimologia de *Mandolas* = mod. *Mánduas*, é impossível não reconhecer nestas formas o latim popular *amandula*, o qual, como outra variante vulgar, ou seja *amindula*, assenta no lat. comum *amȳgdăla*, que por sua vez vem a ser um grecismo [7]. Sobre a família lexical românica, que lhe deve a existência, publicou Paul Aebischer um notável e documentadíssimo estudo [8], que convém lembrar. Basta aqui fazer observar que a forma aberrante *amandŭla* / *amandola* consta das glosas latinas, assim como dos textos latinos da época merovíngia. Quanto à variante *amyndŭla* / *amindŭla*, protótipo do port. *amêndoa* e esp. *almendra* [9], pode documentar-se, p. ex., no que respeita ao noroeste da Península, através do topónimo medieval *castello Amindula*, ao qual se refere, em 960, um documento do famoso Livro de D. Mumadona [10]. Por outro lado, o vetusto topónimo galaico *Mandolas* comprova a existência antiga da primeira das duas formas populares, acima consignadas, com a vogal *-a-* na primeira sílaba, característica à qual se vem juntar a aférese do *a-* inicial, absorvido sem dúvida pelo *-a* final do pronome demonstrativo *illa*, por ventura já com funcão de artigo. O que

---

[5] Ver pág. 68 do estudo de P. David.

[6] Cf. W. Reinhart, *Die Münzen des westgotischen Reiches von Toledo*, in: Deutsches Jahrbuch für Numismatik, Jahrg. 3/4 (1940-41), pág. 101. Reinhart aumentou o número de "cecas" galaico-visigodas conhecidas de 61 (na obra de Heiss, p. 66) para 75.

[7] *Amygdálé* 'amendoeira'. O nome do fruto era *amýgdalon*.

[8] *Les formes vulgaires du lat. amygdala 'amande' et leur répartition dans les langues romanes*, in: Estudios dedicados a Menéndez Pidal, tomo I (1950), págs. 1-17. Este estudo não estava presente a J. Corominas quando redigiu o, aliás substancioso, artigo *almendra* do seu Diccionario crítico etimológico.

[9] A forma castelhana *almendra* generalizou-se em galego, sem porém apagar os últimos vestígios de amêndoa.

[10] Cf. *Port. Mon. Hist., Dipl. et Chartae*, p. 51: "Ordinamus nostros castellos id est Trancoso Moraria Longobriga Nauman Uacinata, *Amindula* Pena de Dono Alcobria Seniorzelli Caria cum alias penellas et populaturas que sunt in ipsa stremadura...".

merece ainda ser posto em relêvo, é o facto de ambos estes fenómenos serem privativos dos idiomas românicos orientais, segundo revelam, abstração feita de numerosas formas dialectais, o ital. *mandola*, rumeno *mandulę*, reto-românico *mandel*, às quais se agrega o alto alemão (ant. e mod.) *mandel*, homófona da ultimamente citada.

Comparando a forma galega moderna *Mánduas* com a atestada nos séc. VI-VII, cabe fazer notar que o *-u-* da segunda sílaba surgiu naturalmente quando, devido ao emudecimento normal do *-l-* intervocálico, o *-o-* de *Mandolas* entrou em hiato com o *-a-* subsequente. A evolução do *-ŭ-* breve latino, na terminação *-ŭla*, para *-o-*, constitui sabidamente um fenómeno pan-românico.

Voltando ao problema da localização do ant. *Mandolas* do "Parochiale", pensamos por um momento que o *pagus* assim denominado e dependente da nova sede sueva do Porto, se poderia reflectir no nome do já aludido castelo medieval português de *Amindula*, situado na actual província da Beira Alta. Convencemo-nos, porém, a breve trecho, não ter esta hipótese qualquer viabilidade, não só atendendo à discrepância formal e morfológica existentes entre os dois topónimos antigos em apreciação, mas também por as terras mencionadas no documento de 960 ficarem fora do âmbito das entidades arroladas como pertencentes à diocese de *Portugale in castro novo*. Foi certamente fiando-se na informação do "Parochiale" que F. Mateu y Llopis [11] situou o *Mandolas* das cecas laconicamente "junto a Porto". Quanto à sugestão de A. de Almeida Fernandes [12], de que se deveria ler *Mendolas*, com *-e-*, e que se trataría do lugar chamado hoje *Medas*, no concelho de Gondomar, distrito do Porto, é terminantemente de repudiar, não só por preferir uma lição aberrante a uma bem estabelecida [13], mas também por admitir uma evolução fonética inconcebível à luz da fonologia histórica [14].

As conclusões, a que cremos ter chegado, poderiam resumir-se da maneira seguinte. Uma terra, sede de um *pagus* onde se cunharam moedas no período suevo-godo, chamado *Mandolas*, ou seja "Amendoeiras", pervive hoje sob a forma *Mánduas*. Tratando-se de uma paróquia sufragânea de *Por-*

---

[11] *Los nombres de lugar en el numerario suevo de Gallaecia y Lusitania*, in: Analecta Sacra Tarraconensia, vol. XV (1942), pág. 33.

[12] *Paróquias suevas e dioceses visigodas*, Viana do Castelo, 1968, pág. 85.

[13] As variantes dos códices E, F e H são, com efeito, nitidamente menos fidelignas que as de A e B; cf. também a recente edição do *Liber Fidei*, de Avelino de Jesús Costa, núms. 10 e 551.

[14] *Medas* não passa de um plural de *meda* 'montão de feno ou palha em forma de cone', ascendendo ao lat. *mēta*. São relativamente comuns os topónimos galegos e portugueses que têm a sua origem naqueles típicos acervos, bem conhecidos e descritos pelos etnógrafos.

tugale, causa estranheza a distância que a separa da sede desta diocese, ou seja a actual capital do Minho. Seria, com efeito, mais natural ver *Mandolas* integrado no contexto histórico-eclesiástico, na sede *Auriense* (Orense), *Tudense* (Tuy), *Iriense* (Iria), ou mesmo de *Bracara* (Braga), de situação geográfica mais próxima. Admitir que um mero lapso fizesse com que *Mandolas* figurasse entre as 18 ecclesiae e os 7 pagi [15] da diocese de Portugale devido a mero lapso, seria uma justificação demasiado cómoda, senão gratuita. Pouco adianta também fazer observar que a distância que vai do Porto a Mánduas não difere sensivelmente da que, p. ex., separa aquela sede episcopal da sua sufragânea de *Valle aritia* = *Vilariça* (séc. XIV), hoje Torre de Moncorvo, na prov. de Trás-os-Montes [16]. Sem pretender resolver de vez o difícil dilema, lembraremos apenas que em 589, depois da transferência da sede episcopal de Meinedo para o Porto, esta nova sede possuia, segundo as actas do III concilio de Toledo, dois bispos: um católico (Constantius) e outro ariano-godo (Argiovitus) [17]. Não é de excluir a hipótese —sugerida pelo meu prezado colega e amigo Prof. José Mattoso—, de que o nosso problema tenha algo que ver com este dualismo religioso, o qual teria tido uma repercussão na redistribuição de certos *pagi* proporcionalmente à importância local dos dois credos antagónicos.

JOSEPH M. PIEL
Lisboa

[15] Os outros *pagi* da diocese de *Portugale*/Porto são *Labrencio Aliobrio, Truculo, Cepis, Palentiaca.* A maioria dos topónimos do "Parochiale" continua por identificar e explicar; cf. o nosso ensaio etimológico respectivo, *Über die Namen der sog. Divisio Teodemiri,* in: Roman. Forschungen, tomo 71 (1959), págs. 160-167.

[16] Sobre *Vilariça* de Valle aritia veja-se, entre outros, o excelente estudo de Fermín Bouza-Brey.

[17] Ver José Vives, Concilios visigóticos e hispano-romanos, 1963.

ESTUDIOSOS DO GALEGO: DON XAN MANUEL PINTOS VILLAR

As primeiras ouservacións relativas a algúns aspectos da lingua formuladas no século XIX débense ao catalán Cubí e Soler e ao "Gaiteiro do burgo", sobrenome co que se desiñaba a sí mesmo Don Xan Manuel Pintos Villar. Nacéu Pintos en Pontevedra o 16 de nadal de 1811. Estudóu Humanidades na Cruña, no convento de Dominicos. Pasóu logo a Santiago para estudar Xurisprudencia. Licencióuse i exercéu a carreira en Pontevedra. Desempeñóu varios cargos: xuez, fiscal, rexistrador da propiedade. Cultivóu o periodismo, escribindo sobre todo nos xornáis pontevedreses *El país* i *La perseverancia*. Pubricóu en periódicos moitas composicións. Outras foron editadas como follas soltas. Como prosista ten cicáis máis importancia que como versificador, pois Pintos é un dos fundadores da prosa galega. A obra que lle dou nome foi *A gaita gallega*, pedra fundamental do renacimento galego, pubricada en 1853. Finóuse en Vigo o 20 de xunio de 1876 [1].

A gaita gallega é un libro curioso, misceláneo. Contén verso e prosa; parte do testo está en galego, e parte en castelán; hai tamén algún testo latino, como o "Carmen Patrium sive Pontevedra" [2]. Aparez estructurado baixo a forma dun diálogo en verso antre un gaitero e un tamborileiro, pero intercala poemas, diálogos en prosa, contos, etc. O autor reviste a forma dun gaiteiro do Burgo, que atopa a un rapaz chamado Pedro Luces a quen contrata como tamborileiro, e lle enseña a falar o galego. Está inspirado nun propósito didáctico: enseñar a lingua galega. O tiduo do libro xa é siñificativo:

A gaita gallega tocada polo gaiteiro, ou sea, Carta de Cristus para ir deprendendo a ler, escribir e falar ben a lingua gallega, e aínda máis.

Non é unha gramática. É un libro máis literario que científico, pero contén ideas interesantes verbo de algunhas par-

[1] RICARDO CARBALLO CALERO, *Historia da literatura galega contemporánea*, Editorial Galaxia, Vigo, 1963, páx. 72-73.

[2] JUAN MANUEL PINTOS VILLAR, *A gaita gallega tocada polo gaiteiro, ou sea Carta de Cristus para ir deprendendo a ler, escribir e falar a lengua gallega*, e aínda máis, Segunda edición, Pontevedra: Imprenta de Don José y Don Primitivo Vilas, calle de Isabel II, núm. 4, 1853, páxs. 106-122.

ticularidades do galego. Está dividido en sete partes chamadas foliadas. O libro comprende tamén a censura dunha octava foliada apócrifa que pubricóu un individuo non identificado que firma J. A. O Pedro Luces da foliada auténtica, a de Pintos, censura a este escritor descoñecido suliñando no plaxio defectos métricos e sobre todo o empleo dun galego moi malo [3].

Resalta de inmediato a intención de Pintos: o rexurdimento do galego. Realizóu Pintos un grande labor para difundir o cultivo literario do galego. Aduz varios testemuños para probar o seu prestixio como lingua de cultura, reaccionando contra as ideas que entón circulaban sobre a lingua galega, á que non consideraban digna. O primeiro testemuño é do marqués de Santillana: "cualesquier decidores o trovadores de estas partes ahora fuesen castellanos andaluces o de la Estremadura todas sus obras componían en lengua gallega" [4].

Cita, tamén, a Frai Luis de León, que falando sobre o menosprecio da lingua vulgar, decía: "y es engaño común tener por fácil y de poca estima todo lo que se escribe en romance, que ha nacido, o de lo mal que usamos de nuestra lengua, o de lo poco que entendemos della" [5].

O mesmo Pintos en numerosas ocasións fai propaganda do galego. Pon en boca de Pedro Luces as súas opinións:

> "Digo que no es un misterio
> que no entienden bien la carta
> los mismos que son gallegos,
> porque a estudiar su idioma
> nadie se dedica de ellos,
> y no sólo por pereza
> *sino también por desprecio*" [6].

O galego era considerado como unha fala vulgar:

> "A doctorcillos de pelos
> les oí que su idioma
> es tosco lenguaje, y feo,
> impropio de gente fina
> reservado a los paletos" [7].

Noutra ocasión:

> "Yo no reprendo nada. Sólo digo
> que es criminal desidia en los gallegos
> no dedicarse a recoger su idioma
> que bien merece algún estudio serio" [8].

---

[3] RICARDO CARBALLO CALERO, "Diálogo de J. A.", en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, tomo XXII, fasc. 68, año 1967. Separata, páx. 342.
[4] JUAN MANUEL PINTOS: *Ob. cit.*, páx. 2.
[5] *Ob. cit.*, páx. 66.
[6] *Ob. cit.*, páx. 35.
[7] *Ob. cit.*, páx. 35.
[8] *Ob. cit.*, páx. 69.

Xa latexa en Pintos unha aspiración á unificación do galego. Propón que se reúnan tres composteláns, tres lucenses, tres ourensáns e tres pontevedreses, para intentar unificar a linguaxe.

En toda a obra amosa Pintos un grande amor por todo o galego.

Teñen interés as súas ideas a propósito da ortografía.

Dá algunhas normas para a boa colocación dos acentos. Esto nos permite distinguir dúas verbas que varían de siñificado segundo o acento:

acento grave			*acento agudo*		
à	=	a la	á	=	la
è	=	es	é	=	y
ò	=	al	ó	=	el
nò	=	nudo	nó	=	en el
tèn	=	tiene	tén	=	ten [9].

Pero Pintos non segue ás veces estas reglas que dá, e o artigo aparez escrito: ó / ò / o. Vexamos algúns exemplos:

— ¡que viva *ò* Riveiro! [10]
— *o* que de nada se olvida [11]
— pois convén ter *ó* seu eido [12].

Utiliza o acento circunflexo —aínda que non fala nada del nas normas teóricas— en formas como a conxunción copulativa *e*:

vinde gentes de Alba ê Lérez [13];

no artigo contracto:

si lle dan ben ô labor [14];

en formas contractas de verbos:

que van e vên de longo [15];

en verbas como *cêo, vîs,* cicáis para marcar a perda do *l*:

para as estrelas do cêo [16]
as vîs astrucias de que vos valedes [17];

en verbas onde houbo fusión de dúas vocáis:

lê somente puro o testo [18].

[9] *Ob. cit.*, páx. 70.
[10] *Ob. cit.*, páx. 152.
[11] *Ob. cit.*, páx. 159.
[12] *Ob. cit.*, páx. 167.
[13] *Ob. cit.*, páx. 164.
[14] *Ob. cit.*, páx. 166.
[15] *Ob. cit.*, páx. 190.
[16] *Ob. cit.*, páx. 155.
[17] *Ob. cit.*, páx. 140.
[18] *Ob. cit.*, páx. 137.



Xoán Manuel Pintos —"poeta sobrepuxante de vibradoiro estilo, xuez de limpa e venerada historia na miña mariñeira vila cambadesa", como o calificóu Cabanillas— a quen lle foi adicado este ano o "Día das Letras Galegas".

Canto á ortografía de *g, j, x, h,* o mellor —segundo Pintos— é atender á etimoloxía latina. Non tiña unha idea crara sobre este punto. Así:

Latín	*Galego*
homo	home
surdo	xordo
hodie	hoje
gente	gente [19].

Percátase tamén das diferencias que esisten entre o galego e o castelán: "observo que el diptongo castellano *ue* se convierte en *o* en gallego" [20]:

fuego	—	fogo
sueldo	—	soldo
nueva	—	nova [21];

"y es que en *e* se convierte en castellano el *ei* frecuente del hablar gallego" [22]:

peito	—	pecho
feira	—	feria
primeiro	—	primero [23].

As verbas como *cuero/coiro, agüero/agoiro,* etc., considéraas Pintos como escepcións. Está craro que non tiña idea da esistencia de *yod;* cousa moi lóxica, por outra banda, tendo en conta o atraso que reinóu no século XIX no aspecto filolóxico.

Pintos ve con craridade o carácter latino da nosa lingua: "a mí me parece que es inmediato dialecto del latín y que conserva muchos vocablos enteros y otros tan poco alterados que el sonido casi el mismo parece en ambos idiomas" [24]. Ao falar da orixe latina do galego, inclúi vintecinco páxinas de correspondencias latino-galegas que teñen gran importancia por ser o primeiro intento de vocabulario etimolóxico do galego.

Esta afirmación da latinidade do galego infrúi de xeito considerábel sobre Murguía, campeón do celtismo en Galicia, que baixo a presión da autoridade de Pintos "refrena su celtismo y concede al latín, aunque con reticencias, el papel de lengua madre del gallego" [25]. Citaremos as propias verbas de Murguía: "...la opinión general acerca del origen del castellano, es, que es hijo completo del latín... Lo mismo sucede

[19] *Ob. cit.*, páx. 70.
[20] *Ob. cit.*, páx. 70.
[21] *Ob. cit.*, páx. 70.
[22] *Ob. cit.*, páx. 71.
[23] *Ob. cit.*, páx. 71.
[24] *Ob. cit.*, páx. 59-60.
[25] RICARDO CARBALLO CALERO, *Particularidades morfolóxicas del lenguaje de Rosalía de Castro*, Universidad de Santiago de Compostela, 1972, páx. 10.

respecto del gallego. Nada diremos de los que sin conocerle, se atreven a hablar de lo que les parece, sino de aquellas personas, que por ser grandes conocedoras de nuestro dialecto, merecen todo respeto y veneración. Entre otras citaremos al Sr. Don Juan Manuel Pintos, a quien debemos grandes indicaciones respecto a la gramática de nuestro dialecto, y que en un discurso que nos ha leído, sostiene el origen latino del gallego" [26].

Pintos consideróu conveniente pubricar un *Diccionario* para facilitar o entendimento da *Gaita*. Tiven ocasión de manexar o único exemprar que se conserva deste Diccionario no Museo de Pontevedra. É un exemprar moi deteriorado; hai unhas cantas follas impresas e o resto son follas manuscritas, seguindo a numeración das primeiras. O seu tiduo:

Breve diccionario gallego, escrito por el tamborilero para facilitar la inteligencia de la Gaita gallega tocada por el gaitero.

Non esprica case ningunha verba. Aparecen somente as equivalencias entre o galego e o castelán.

No Diccionario, Pintos representa o fonema palatal fricativo xordo *š*, con *g* e *j*. Hoxe representámolo con *x*. Debía ter unha confusión ortográfica con respecto a este fonema. Así escribe:

agiña	'presto'
ajuda	'ayuda'.

Rexistra o seseo nalgunhas verbas:

bèrse
= cuna
vèrse

Interrúmpese o diccionario na páxina 24. A derradeira verba é *côr*. Iñoro si Pintos non continuóu confeccionando este diccionario ou si se perdéu o resto do mesmo.

Non hai que confondir este diccionario impreso cun que se conserva manuscrito na Academia Galega e que está datado no ano 1865 [27].

AURORA MARCO
Santiago

[26] MANUEL MARTÍNEZ MURGUÍA, *Historia de Galicia*, tomo I, Lugo, Imprenta de Soto Freire, Editor, 1865, páx. 271-272.
[27] RICARDO CARBALLO CALERO: *Ob. cit.*, páx. 78.

GRANDEZAS DEL REINO DE GALICIA

PUERTOS Y TIERRA A DENTRO

Quisiera hacer en esta relación un mapa de este Reyno, como uno que vi los años atrás en Bigo, en cassa de Alvaro de Barez de Deza, hermano de Fernando de Souça, del ávito de Santiago, almirante y general que fué en la carrera de Indias, y no pude hallar en esta tierra geógrafo, aunque le he procurado, para que lo hiciese, y fuera escrito de molde qual comviene; será necessario traerle de la corte y de otra parte que sea muy diestro y vea los puertos, islas y rios, y le disponga conforme a su naturaleça, y para que en el ynterin que esto se hace, se pueda tener alguna notícia del sítio, capacidad y población de este Reyno, se puede hacer un punto fixo en la villa de Mellid, a quien los romanos llamaron antiguamente Mellitum, y tenia en ella su plaça de armas, quando este Reyno estava mas estendido y dilatado (segun se dice en el capítulo segundo).

Está la villa de Mellid mas de nueve leguas de esta Ciudad, y en tierra vien mantenida, pues haciendo, como digo, un punto fijo, como de centro en la dicha villa de Mellid, desde él discurriré, a las quatro partes de poniente, norte, levante y medio dia, declarando las leguas que de alli ay a todos los lugares marítimos, y no se dirá el número de vecindad de los de la tierra a dentro, por ser dificil de ajustar, respecto de estar toda esta montaña poblada de caserías; lo que he podido averiguar por menor es que pasa de 150000 vecinos su población: la de levante confina con el principado de Asturias y Reyno de León, que es tierra de Lemos, Caldelas, Baldeorres, Viana y Quiroga, y la de medio dia con el Reyno de Portugal, donde cae Orense, Rivadavia, Monterrey, Salvatierra y Sobroso; en las de poniente y norte caen todos los puertos marítimos, que, con declaración de su vecindad y de las leguas que ay de cada uno de ellos a Mellid, son los que se siguen:

1. PARTE DE PONIENTE

Lugares marítimos	Leguas a Mellid	Vecindad
A la ciudad de Tuy	22	600
La Guardia	26	200
Bayona	26	300
Islas Iden	26	300
La villa de Bouças	24	200
Vigo	24	600
Redondela	22	250
Cangas	24	300
Islas de Ons Iden	24	300
Marín	20	070
Pontevedra	19	1500
Conbarro	19	500
Portonovo	22	150
S. Genjo	22	070
Canbados	19	200
Fafiñas	19	100
San Thomé	19	120
Islas de Sálbora	19	120
El Grove	20	150
Villagarcia	17	120
Carril	17	100
Padron	17	200
Rianjo	16	060
Puebla del Dean	16	300
Villamayor	19	100
Caraminal	19	100

Lugares marítimos	Leguas a Mallid	Vezindad
Dozor	18	078
Noya	15	427
Muros	20	348
Curcubión	19	100
Cee	19	080

Lugares marítimos	Leguas a Mallid	Vezindad
Finisterra	20	040
Camariñas	20	020
Muxia	19	060
Laxe	17	030

La tierra a dentro caen Santiago, Altamira, tierras de Deça y Bergantinos.

2. PARTE DEL NORTE

Lugares marítimos	Leguas a Mallid	Vezindad
Malpica	15	030
Cayon	13	030
Coruña	10	1250
Fontan	09	020
Sada	09	020
La ciudad de Betanços	07	557
Redes	10	030
Puentes de hume	10	250
Ares	10	200
Ferrol	12	232
Lagraña	12	042
Cedeira	15	060

Lugares marítimos	Leguas a Mallid	Vezindad
Santa Marta	17	060
Bares	17	030
Bivero	18	200
Cillero	18	070
Portocelo	19	030
San Zebrián	19	040
Burela	19	030
Façouro	20	030
S. Tiago de Foz	20	014
Rinlo	20	040
Rivadeo	21	200

La tierra a dentro caen Mondoñedo, Lorençana, Villalva, Baldebarcia, tierras de Mesia, Montaos y Ulloa [fl. 160, v.-162].

DE LA FERTILIDAD DE GALICIA Y ABUNDANCIA DE LOS MANTENIMIENTOS Y METALES QUE PRODUCE

De quantas montañas se conocen y de lo que ay poblado dellas en el mundo, esta de Galicia se tiene por la más fertil y excelente de todas, anssi de edificios y pueblos como de mantenimientos, pues por si propia produce por los montes tan buenos árboles de fruta, como los que en otras partes ponen por industria, y tambien se crian muchos ganados bravos, como son javalies, vacas bravas, ciervos, cabras montesas, martas y otros animales que para cazallos es menester gran yndustria y laços como para qualquier otra caza; y es tan fertil este Reyno de mantenimientos que de los que le sobran despues de su sustento sacan cada dia gran abundancia para otros Reynos de Su Magestad, y son los siguientes: excelentísimos vinos de Rivadavia, que embarcan para las provincias de Vizcaya, principado de Asturias, Flandes, Roma y Italia y otros; la sardina y pescado, que se carga por mar para los Reynos de Portugal, Sevilla y Vizcaya, y por tierra el pescado, sardina, carnes, lienços y ganados que se sacan para el Reyno de León y para toda Castilla la Vieja, mulas, muletos, rozines para Castilla la Nueva; gran cantidad de naranja y limón que se lleva a Francia, Inglaterra y otras partes, tocinos por mar, puercos en pié por tierra; acemilas cargadas de gallinas vivas y de cargas de huevos para cassas de señores y para bender en Castilla, y las zecinas y perniles de tocino son los mejores y mas sabrosos que se conocen.

Y es este Reyno tan abundante de regalos y mantenimientos

que si guardasen el pan de un año para otro se podian sustentar muy vien sus naturales sin provisión ni socorro de otra parte y sobrarles lo mismo que les sobra, pues no le falta mas que el dinero, porque produce abundancia de pan, vino, miel, manteca, todo género de berduras y legumbres, hasta el azafran, todo género de caza, montería y volatería, lana, lino, seda, pescado, ganado mayor y menor, regaladas frutas, hasta el azeite, hierro, estaño, y mucha plata que engendran los hondos minerales de sus montañas, que solían ser las Indias de romanos y cartagineses que, codiciosos de sus riquezas tantos años tuvieron tan sangrientas guerras, en cuyo tiempo, segun refieren antiguos autores, las margenes de sus rios brotavan arenas de oro, y aun en los presentes, si Su Magestad mandase ahondar sus montes, se hallaran unas nuevas Indias de plata. Y encareciendo Justino su fertilidad y riqueza, dice que con el arado se descobrían muchas veces terrones de oro y otras cosas a este propósito; y el mismo Justino dice que en el Pico Sagro, junto a Santiago, ay mucho oro, como se dirá abajo, en la descripción de la ciudad de Santiago; y Estravon refiere que los rios y arroyos corren en el sobre arenas de oro, segun oy se ven algunas, y particularmente en el Sil y en el Miño, que ambos engendran finísimo oro, y en tierra de Baldiorras se hallan piedras muy preciadas, como son turquesas finas.

Junto a la puente Abalga, cinco leguas de Santiago, está un monte todo de grandes y muchos minerales y benas de platta finísima que años atrás se an descuvierto y por otras muchas partes de Galicia se descubren otros muchos del mesmo metal. También Galicia produce particularmente en el Bal de Monterrey y su tierra gran cantidad de estaño, que es mas fino que el de Inglaterra, Flandes y Francia y se lleva a vender a diferentes partes.

Muchas de las tierras de Galicia se siembran y dan fruto dos y tres veces al año; y aun los mismos peñascos en Rivadavia y otras partes producen excelentes sarmientos y cepas, y de suerte que casi parece cosa milagrosa ver la poca o ninguna tierra que alimenta aquellos fuertes viñedos, sobre y entre la aspereça de sus altos montes. Tiene tambien Galicia admirables fuentes y muchos bosques, dehesas, frescos balles de excelentes vinos, que no dan bentaja al de Rivadavia y Orense: Comoson, el Bal de Miñor, Baldiorras, Valle de Monterrey, Bal de Lorençana, Balle de Oro, Ramallosa, Salnes, Amande, Quiroga, Mandeo, Paradela y otros que ay por el Reyno, de no menor calidad y savor.

Y generalmente todos los pueblos de sus mariñas son fertilísimos y regalados de gran pesca y caza, con muchos braços de mar, que suben por los rios, haciendolos navegables con sus corrientes, son abundantes de salmones, reos, savalos, lanpicas y anguilas, y estan fertilizando una ynfinidad de huertas de sus orillas, que pegadas unas con otras lo cercan y hermosean; y todas con sus frutales y nativas fuentes dentro, y tantas que no ay vecino de estos pueblos, por pobre que sea, que no tenga su huerta murada y cercada, y todas tan apacibles y alegres a la vista de mar e tierra, que todos aquellos puertos y vias parecen amenos y deleitosos jardines, plantados por el autor de la misma naturaleza para regalo y recreación de la vida humana; y de suerte que se puede vien decir que las montañas de Galicia son las que llevan conocida ventaja no solo a las de Europa, sino a quantas hasta oy estan descu-

viertas y a nadie oí dicir hasta oy huviese visto ni oydo otras de su igual, de cuia fertilidad parece que hasta la misma gente participa, pues de más de la ordinaria, que está estendida por todas las partes del mundo, pocos ay de los mas lucidos de estos Reynos que no confiesan y se precian de tener un giron de Galicia.

Entiendo que el haver producido tantos tiene principios en que como Dios guardó a su primer poblador Noé y a su familia en el arca de madera para población del Universo, despues del Diluvio, así quiso escoger y guardar esta nación con particular providencia como decendencia del Santo Patriarca su amigo, con la santa fee Catholica, para que guardados en el arca de las famosas murallas de Lugo en las fortalezas de Galicia y dentro las concavidades de sus cerros, con su nobleza y valor y religión christiana, poblasen a España despues del gran Diluvio de los muchos moros que la anegaron; y desde entonces pobló y fertiliçó con lo uno y con lo otro, estos Reynos de Castilla.

Quantos autores escriven de Galicia, cuentan la multitud y excelencia que en este Reyno huvo de los mineros de oro y plata y aun aora en los mas de sus rios se hallan; y la principal cosa por que los suebos vinieron a Galicia fué por estos mineros. Hallanse tambien mármoles excelentes, blancos y jaspines en la sierra de Oynço, cerca de Monforte, y tambien se hallan turquesas bien finas en tierra de Valdeorras; y ay mucho y buen bermellon en las viveras del Sil.

Produce este Reyno todo género de animales y ynfinitas martas, tan finas, que no se diferencian de las sebellinas, de que se hace gran caudal en Castilla; ay muchos lobos cervales de tan hermosas pintas que en todas partes se estiman en mucho, y otros buenos para aforros.

Tambien produce mucho hierro, que se fragua en las ferrerias de Lousara, por do pasa el rio Lor, en la ferreria de Baldomiro, que es mas adelante, y en la ferreria de Sildon, por donde pasa el rio Sildon, que nace en tierra de Courel, y en las herrerias de Oynsio, en las de Fornelos y en las de Ferreirua, que por todas ellas pasa el rio Cabe [fl. 13-17].

BERNARDO DE LUAZES, *Grandezas del Reyno de Galicia*, Ms. n.º 947 F.G. da Biblioteca Nacional de Lisboa.

A CRISE DA CULTURA ACUMULATIVA

"Nous venons seulement de lâcher les dernières amarres qui nous retenaient encore au Néolithique". *Henri Breuil.*

A 'nosa cultura' está en crise porque xa non é cultura. Cultura non é acumulación de conocimentos. "A cultura —por oposición á natureza que non é creación do home— é a aportación que o home fai á natureza" [1]. A natureza pode ser dominada, encauzada ou destruída polo home, pero non creada por el. Un pozo é cultura, un cadro é cultura, un arbre é natureza. Coido que é preciso facer esta aclaración simplísima porque hai cousas simplísimas que esquecemos fácilmente. ¿Quén pensa que cando un home fabrica unha ferramenta de traballo está facendo cultura? ¿Quén pensa que compoñer unha musiquiña sinxela é facer cultura? ¿Quén pensa que cociñar os alimentos é resultado da cultura? Xeneralmente ademitimos como cultura somentes a cultura libresca, a *Kultur*. Por todo isto, porque aínda non sabemos o que é cultura, ficamos estarrecidos ao ver cair pesada e tontamente o edificio do que chamamos a 'nosa cultura', sen decatarnos de que o que cai é precisamente o que non é cultura, o que é acumulación, non-creación. Identificar cultura libresca con cultura é unha miopía grave que indica hasta qué punto o home do noso século está esgotado e falto de imaxinación. Os libros poden ser cultura e poden ser tamén anticultura. Dende o momento en que axudan á liberación do home, ao desenrolo da súa capacidade creadora, ao conocimento da súa realidade, os libros son cultura. Pero si sirven de muro, de obstáculo, de factor discriminante, si fan que o home sinxelo conciba a cultura como algo inaccesíbel, escrusivo solo dunha élite, os libros son anticultura. Pois entón non axudan á liberación do home, senón á súa dominación. Non crean no home unha concencia de libertade, senón de sometimento, de inferioridade. Concebir a cultura como acumulación de conocimentos é atascar a historia, frenar a súa marcha. O home verdadeiramente culto non acumula, intercambia, comparte, dá e recibe. O home 'culto acumulativo' só pode ser escoitado nunha élite, nunha esfera humá onde a acumulación sexa un valor. O home 'culto acumulativo', polo solo feito de confundir cultura con acumulación de conocimentos, está contribuíndo á dominación dos demáis, creando barreiras, muros, complexos de inferioridade. É, por forza, conservador de todo sistema que defenda o sentido da acumulación. Dificulta a instauración dun orde basado na comunión.


"A nosa cultura non pode correxirse, modificarse, debe destruirse" [2]. A vixencia da cultura acumulativa en Galicia é un sino da nosa falta de vitalidade cultural. Sin criticar nin atacar á ningunha persoa concreta, senón tratando de constatar unha serie de feitos que me parecen certos, penso que hoxe en Galicia unha boa parte dos nosos

[1] Paulo Freire. "El mensaje de Paulo Freire", Editorial Marsiega.

[2] Arturo Paoli. "La radice dell'uomo. Meditazioni sul Vangelo di Luca". En castelán: "La perspectiva política de San Lucas", Siglo Veeintiuno Editores.

intelectuáis son 'cultos acumulativos'. Posibelmente esista neles unha capacidade de intercambio e comunión que non chegaron aínda a descobrir. Todo isto frena a nosa vitalidade cultural, pois somentes o amor pode mover aos homes e ás cousas. Pero amor e acumulación son dúas cousas incompatíbeles. O home que ama comparte todo o que é e todo o que ten cos demáis. O home que non ama, non sabe compartir, acumula. Frena a historia. Contribuie á opresión. Non é liberador. Por iso, anque se defendan ideas liberadoras, podemos cair na contradicción e no autoengano de creer que liberamos i estarmos oprimindo, pois, sen apenas decatarnos, o que facemos moitas veces é acumular ideas e teorías encol da liberación i esquecer aos homes concretos que sofren a inxusticia e máis a opresión.

XOAN XULIO ALFAYA
Vigo



XESÚS FERRO COUSELO

No mencer do día 23 de abril finóu na súa casa natal de Cordeiro-Valga esta prestixiosa figura da pescuda histórica de Galicia. Colaborador de "Grial" e Conselleiro da Editorial Galaxia dende a súa fundación, cantos convivimos con el nos eidos do traballo e da amistade sentímonos abaneados pola anguriosa nova do seu pasamento. Coa perda do home, galego deica os calcaños, perde a nosa cultura e perdemos todos nós a presencia activa dunha persoalidade intelixente e xenerosa que tantos servicios prestóu ao seu país.

Ferro Couselo nacera no ano 1906. Formouse na Universidade Pontificia e na Literaria de Santiago de Compostela. Despóis de se licenciar na Facultade de Filosofía e Letras andivo a preparar oposicións a cátedras de Instituto. Ao producírese a guerra española interrumpíronse éstas. Ingresóu máis tarde no Corpo de Arquivos, Bibliotecarios e Arqueólogos, pasando a residir en Ourense deica a hora da súa morte. Aquí creóu o Arquivo Histórico Provincial, facendo un abondosísimo acopio de documentación moi interesante que xacía esparexida e desconocida.

No 1962, Ferro foi promotor do actual Museu Arqueolóxico Provincial e o seu direitor deica o día mesmo do seu pasamento. Dirixíu a "Revista del Museo Arqueológico" e posteriormente o "Boletín Auriense". Colaboróu nunha chea de publicacións e fixo moitas pescudas nos arquivos de Lisboa, Braga, Oporto, no Histórico Nacional, nos de Simancas e Indias i en todos os de Galicia.

Antre as súas obras máis destacadas figuran os *Petroglifos de término,* que foi a súa tesis doutoral, e *A vida e a fala dos devanceiros.* Esta derradeira abranguería varios volumes, dos que se publicaron soio dous. No primeiro deles recóllense 129 documentos redactados en galego, dos séculos XIII ao XIV; e no segundo, 475 relativos ás terras de Ourense, que veñen ser unha verdadeira descrición da vida da cidade ourensá no século XV.

Uns meses antes de se finar, Xesús Ferro Couselo mandounos, co desexo de que se inxerisen nas páxinas de "Grial", as dúas cartas que agora reproducimos, en galego unha e a outra en latín. E xa que en vida non puido ollalas co seu texto impreso, publicámolas agora como homenaxe á súa memoria.

CARTA DE X. FERRO COUSELO A PACO DEL RIEGO

Ourense, Nadal do 74

Querido Paco:

Ahí che vai esa cativa mostra do meu longo lecer e repouso que me trai o inverno. Coido que o rillarás todo moi doadamente. Advírchote, se non, que quedan aínda algúns sabidos mestres en Santa

Thioloxía e na Filosofía perenne, que che farán comprender, polo menos, o senso do que aquí esbardallo na língoa dos nosos vellos devanceiros de fai cáseque dous milenios.

Ca millor amistade, mándache este mangado de verbas, nun feixe ben levián, que pra tí enxergóu este xa *vello* amigo, que o é tamén polos longos anos decorridos dende que, na fermosa terra de Iria, veu a luz primeira, cáseque ao carón da casa onde viveu, padeceu e morreu a nosa Santa Rosalía, que había de me enseñare a coñecer e amar á Nai Galicia.

Unha forte aperta de

X. F. C.

Dominis mihi dilectisimis:
FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco
PIÑEIRO LÓPEZ, Raimundo
GALLEGO DOMÍNGUEZ, Olga

propter quandam distinctionem cuidam eorum, merito concessam

DE AMICITIA ATQUE HONORIBUS EPISTOLA

a FERRO COUSELO, Domino Jesu, exarata et conscripta, apud Auriensem oppidum, decimo kalendas decembris, anno a Dominica Nativitate fere duo et millessimo, adhuc vecissímo sexto nondum incoepto.

Carissimis:

Nihil aliud, tota mea iam longa vita, feci, quam adimplere munera mihi conlata.

Propter hoc, numquam ab honoribus abhorrui, qui ab aliis eorum civibus, sua industria et labore, acquisitis, solent dari.

Caetera antem nihil vere proficient ad vitam, longo otio et libenti animo, augendam.

Haec dico ut, qui, sicut a Marco Tullio in suo *De Amicitia* tractatu postulatur, voluntate plena et spontanea, mihi amicitiam praestare velitis, ne prohibeamur plena et vera vita feliciter degenda ad omnium indefectibilem utilitatem.

¿Quid enim prastantius quam amicitia, in qua duo unum dici possunt ut munera, quae ab illis publice eis sunt conmissa, adimpleantur?

Memini enim eorum qui suam vitam et laborem proximis suis omnino praebent, beneficiis ab illis obtentis, republicae favere ad eius incessabilem posperitatem consequendam.

Quandoquidem, veteribus temporibus, honores obsoleti, ut Livius in suo *De Bello Punico,* ait. Fortasse autem, hodie valde prodige ac profuse dantur per favorem ab amico faciliter adempti. Vera autem amicitia non tenemur si reipublicae ea, quae ei aliter interesse credimus, vere non favere iudicentur.

Omnia quae de Amicitia et Honoribus credebam utilem et verum sic iam dictum est.


Eapropter tibi laqueum Ordinis Adephonsi, cognomine Sapientis, ad honorem et in amicitiae affectionis que praeclarissimun omnium horum amicorum rogo vobis velis enim in pectore inserere tibi possim.

Vos, enim, potestis dicere, mei veri amici, mihi praebuistis laborem ut hac distinctione honorari possim ob merita conquisita in librorum Bibliotheca exstructa a insigni viro PENZOL apellato, valde omnibus nostrorum carissimo.

Auriae datum, die mense, anno iam dictis, meas huic instrumento manus libenter apposui. Volumus postremo sciatis nullum honorem nobis cariorem quam qui ex iusta et recta amicitia procedit.

Omnes valeatis, vobis, toto corde, exoptat.

IESUS FERRO COUSELO



A LINGUA E A CULTURA GALEGAS ALÉN DAS NOSAS FRONTEIRAS

Non deixa de ser curioso o feito de que esistan importantes escritores na nosa fala non galegos como destacados investigadores estranxeiros que se sinten atraídos polos nosos valores culturáis, cando non faltan tampouco poetas e narradores galegos que non empregan o galego senón o castelán como medio de espresión. Nós non imos tratar de esplicar o segundo fenómeno, e hastra certo punto contradictorio. Fenómeno que ten claras motivacións sociolóxicas que evidencia o menosprecio da nosa lingua por destacados escritores nados en Galicia. O que nós tencioamos é sinalar a importancia e o prestixio que a nosa fala e a nosa cultura acadaron e siguen acadando alén das nosas fronteiras.

Mesmo por eso, a nosa idea é a de considerar como literatura galega, que temos tamén de valorar, aquela que aparece en galego anque os seus escritores non teñan nacido en Galicia. Pois, pra nós, é literatura galega aquela na que se emprega o galego, e non considerala en razón de seren galegos os seus autores exclusivamente xa que incluiríamos nela, deste xeito, as aportacións que moitos galegos fixeron á literatura en lingua castelá, sin siquera prestarlle algunha atención ás nosas letras, salvo destacadas escepcións que non é preciso nomear. Parécenos máis axeitado o criterio de incluir na literatura galega só as aportacións dos nosos escritores compostas en galego —sin perxuicio de que a parte da súa obra que estea escrita en castelán se sitúe no ámbito da literatura española na devandita lingua—. E así o que tencioamos facer agora é sinalar a relevancia de destacados escritores non galegos así como a súa oportuna inclusión nos manuáis i estudos da nosa literatura galega, posto que iñoralos sería un certo menosprecio a todo aquelo que :oma tales galegos nos identifica: lingua, tradicións, historia e problemática social e humá propias na medida en que esisten non galegos que contribúen ao seu enriquecemento.

Referíndonos aos inicios da nosa literatura podemos decir que o galego-portugués —lingua que no Medioevo ocupaba a franxa occidental da peninsua ibérica— ven ser a lingua poética de troveiros non só galegos senón tamén casteláns, aragoneses, andaluces, etc., porque en palabras do mesmo Marqués de Santillana [1]: "...non ha mucho tiempo cualesquier decidores e trovadores destas partes, agora fuesen castellanos, andaluces o de la Extremadura todas sus obras componían en lengua gallega". E con todo o Marqués de Santillana aínda se queda curto si temos en conta o caso do italián Bonifacio Calvo, vencellado á Corte de Alfonso X, así como na peninsua o do aragonés Martín Moxa que destaca por ser das voces máis críticas e agudas do seu tempo. Ademáis dunha

[1] "Carta Prohemio al Condestable don Pedro de Portugal".

cantiga do Marqués de Santillana temos outra do poeta de Palencia, Gómez Manrique, ambas as dúas en galego. Incluso xa cando se inicia a decadencia da nosa fala ao empricipio da Edade Moderna —debido, entre outras causas, á crise pola que por aquel entonces atravesa a sociedade galega— contamos con cultivadores non galegos como Villasandino, Suero de Ribera..., guiados polo prestixio que a lingua galego-portuguesa tivera noutros tempos e que agora estaba cáseque a esmorecer no actual ámbito territorial de Galicia.

Mais o escritor non galego desta época máis importante é, sin dúbida, o Rei Sabio, Alfonso X, con catrocentas cincoenta e tres composicións galegas. Algunhas amorosas e outras agudas e críticas como o son as vinte de escarño e maldecir. Pero o realmente importante da súa obra constitúenno as catrocentas vinte composicións relixiosas coñecidas como as Cantigas de Santa María. Se temos en conta que toda a grande obra cultural e científica deste rei foi levada a cabo por un grupo de prestixiosos homes que traballaron baixo a súa dirección e tutela non debemos iñorar a súa aportación neste senso en cuia laboura participóu, además do italián Bonifacio Calvo, o galego Airas Nunes.

A importancia da nosa fala non só se percibe a nivel de troveiros senón tamén de pobo non galego como nolo parece evidenciar a aparición de panxoliñas de Nadal que se atoparon nos arquivos musicáis de varias catedráis non galegas, entre elas na de Toledo. O mesmo Menéndez Pidal afirma [2]: "El pueblo parece que hacía lo mismo que los poetas cultos: rendir tributo a la superioridad reconocida de la lengua gallega. Una anécdota nos lo indica. El rey aragonés, D. Jaime el Conquistador, trató en Maluenda el casamiento de su hija Constanza con el infante de Castilla, D. Enrique..., los castellanos entonces cantaban al aragonés un cantar cuyo estribillo era:

Rey vello que Deos confonda
tres son éstas con a de Malhonda.

La deducción que de esta anécdota se saca parece fundada: el vulgo castellano que cantaba en su lengua propia sus gestas heroicas, cantaba su lírica en una lengua extraña, aunque hermana gemela".

Que esto é así resulta, como vemos, innegable, pero... ¿cómo acontecéu pois? En primeiro lugar debemos ter en conta a grande semellanza daquela esistente entre as dúas recentes linguas nacidas do latín vulgar: galego e castelán. Pra Alfonso X escribir en galego é facelo nunha lingua distinta, pero moi semellante. Por outra banda temos un factor cronolóxico. Cando xurde unha lingua e conta con textos de gran valía, os que falan linguas máis ou menos prósimas síntena como a única axeitada pra tal ou cal xénero literario no que destaca. Temos o caso do galego coa súa lírica, mentras a poesía épica foi no castelán onde se inicióu cos seus famosos romances.

E así, pódese decir que estes troveiros non galegos escribiron na nosa fala ao vérense atraídos pola moda do emprego do galego sin se plantexaren a posibilidade de facelo na fala propia. Exemplos semellantes sobran na Historia da Literatura Universal: Na

[2] "La primitiva poesía lírica española". In "Estudios Literarios", Colección Austral, páxs. 210-211.

antigüedade podemos sinalar o caso do dialecto xónico que o adoptaron nun comenzo os gregos como lingua científica, tal é o caso de Hipócrates de Cos ou Antíoco de Siracusa. Situación que durou deica o século IV a. C.[3]. E xa no Medioevo temos a lingua de Oc, do sul de Francia, na que versificaban cataláns e italiáns, además do noso caso que estamos a comentar. En Cataluña, concretamente, pódese afirmar que non hai lírica propia hastra o século XV.

Visto cal foi o cultivo da nosa fala ao que se adicaron importantes figuras da Edade Meia, vexamos agora cál foi a aportación á nosa literatura de escritores e investigadores, tamén alén da nosa terra, pero referíndonos ao presente século.

O mesmo que na antigüedade, temos aportacións ocasionáis e outras que non o son tanto por responder a motivacións concretas do escritor non galego que se sinte "engaiolado" pola nosa fala e pola nosa terra en xeral.

Postos a citar nomes temos ao importante lingüista portugués, Leite de Vasconcelos (1902) cun soneto que evidencia o seu fondo coñecemento do galego. Asimesmo temos tamén o caso do erudito Martínez Salazar, de Astorga que residíu na Cruña e foi un gran impulsor da nosa cultura, autor dun poemiña e unhas liñas en prosa escritas en galego. Non esquezamos tampouco ao andaluz, Francisco Rodríguez Marín (1885), que escribíu unha elexía en homenaxe a Rosalía de Castro con partes en galego e partes en castelán, reproducindo incluso versos da mesma Rosalía. Así como tamén nos é grato lembrar a memoria de González Alegre cos seus poemas do Bierzo.

No ano 1935 publícase en Santiago un libriño: "Seis Poemas Galegos"[4], o texto máis veces reimpreso e un dos máis traducidos de Federico García Lorca. ¿Por qué poetizóu en galego García Lorca?, podémonos preguntar. Federico García Lorca, de renome universal polo destacado posto que ten acadado na literatura española en lingua castelá, non escribíu en galego polo prestixio da nosa fala como ocurría na Edade Media. Nos seus tempos como aínda agora o galego era unha lingua que cáseque non contaba ren, salvo pra moi contados cultivadores. Os seus poemas parecen responder máis ben ao intento de respaldar co seu recoñecido prestixio a unha lingua tan orfa coma a galega. Lorca foi un ademirador de Rosalía e de todo o galego, quizáis por eso quixo comunicar tal sentimento en galego así como a súa emoción vital. Máis que uns versos concebidos en castelán e compostos en galego parece como si mesmamente agromaran en galego dende o máis fondo da intimidade do autor.

Pero máis curioso é aínda o caso da norteamericá, Anne Marie Morris[5], que sin coñecer Galicia compuxo en galego un volume de poemas moi feiticeiros: *Voz Fuxitiva*. Sendo alumna do profesor de castelán e portugués en Nova York, Xosé Rubia Barcia, síntese un día como trubada ao atopar uns textos no noso idioma: Cancioneiros Medieváis, e obras de Rosalía e Curros. Interésalle a

[3] Encol do tema véxase o capiduo "La lengua literaria" no libro de P. Kretschmer: "Introducción a la lingüística griega y latina", Madrid, 1946.

[4] Federico García Lorca. *Seis Poemas Gallegos*. Ed. "Nós", Santiago de Compostela, 1935.

[5] Anne Marie Morris. *Voz Fuxitiva*. Ed. Galaxia, Vigo, 1965.

lectura en galego así como ouvilo falar de boca do prof. Rubia e úrxenlle, xa que logo, máis lecturas en galego pra logo deixarse levar polos propios anceios de comunicación nesa lingua. O seu caso e o de García Lorca son os máis importantes, ao noso xuicio, que se dan no presente século sin despreciar, por exemplo, aos cataláns, Carles Riba e Michel Ventura, o derradeiro con "Fala Armoñosa", do mesmo xeito que galegos como Emilio Alvarez Ximénez e Alvaro Cunqueiro realizan algunha incursión en catalán, co mesmo esprito de irmandade galego-catalá.

Asimesmo merécenos destacada mención tamén o poeta inglés, Gerald Denley, que publicóu recentemente unha manchea de poemiñas en galego. Gerald Denley emprega o galego despóis de se sentir tamén engaiolado pola nosa terra dende unha viaxe escolar feita a Galicia, e despóis de recoller de viva voz polo Ferrol e Valdoviño, onde soe vranear, a nosa fala.

En canto a eruditos e investigadores da nosa lingua, tradicións populares e todo canto poden topar ao seu redor, temos aos profesores Rodrigues Lapa e Henningsen. Portugués o primeiro e danés o segundo. A Rodrigues Lapa debéselle un destacado estudo encol das nosas cantigas de escarño e maldecir que tamén o son portuguesas e unha clara preocupación pola problemática actual da nosa lingua. Mentras que ao danés Henningsen, casado cunha dama galega, debéselle todo o que ten recollido encol de conversas con aldeáns de todos os recunchos de Galicia así como contos populares galegos que el mesmo foi arquivando. Laboura que aínda non se fixo por ningunha das entidades culturáis galegas, incluindo a Universidade, con tanta amplitude. E o mesmo se pode decir da Academia Galega, Instituto P. Sarmiento, Museus, etc. Como tampouco é fácilmente igualable o arquivo fotográfico do profesor danés, ¿quizáis porque pra algúns galegos a nosa etnografía e o estudo da nosa fala aínda non son ciencia?


Entramentras a nosa fala e a nosa cultura son menospreciadas e incluso descoñecidas por algúns galegos que se gaban de non as considerar, ten pra estes eruditos, investigadores i escritores un atraemento que se lles convirte nun estímulo, nun motivo de curiosidade e de adicación por todo o noso. Custión que, pra nós os galegos, ten unha gran importancia en canto que supón un engrandecemento de todo o noso e que, polo tanto, tampouco podemos descoñecer.

XOÁN X. SANTAMARÍA CONDE
V i g o

O PROFESOR MACHADO DA ROSA

Alberto Machado da Rosa, profesor da Universidade de California-Los Ángeles, deixóu de existir, hai poucos meses, en terras de Portugal. Coa súa morte, Galicia perde un dos máis afervoados e fieles amigos. Conocedor do noso país e da nosa cultura, sentía devoción entrañable polo noso pobo. Gustaba de asistir ás nosas feiras para se poder mergullar plenamente na Galicia popular, que para el, como para moitos galegos conscientes, era a Galicia máis verdadeira.

A primeira vez que veu a Galicia, viña á percura dos lugares rosaliáns. Especializado nas literaturas do século XIX, non tardóu en percibir a importancia excepcional de Rosalía na poesía occidental. Alá en Wisconsin, onde fixo estudos universitarios e onde tivo a súa primeira cátedra, pescudóu con entusiasmo no profundo, ricaz e problemático mundo poético de Rosalía e nas súas implicacións biográficas. Para se achegar máis íntimamente a ese mundo, para poder con-vivilo na medida do posible, fixo o seu primeiro viaxe a Galicia. Viaxe que repetiría bastantes veces, e non só pola



Alberto Machado da Rosa, con Ramón Piñeiro, o Prof. Guerra Da Cal e o matrimonio Fernández del Riego, nun restorán de Coimbra

súa devoción rosaliana, que sempre se mantivo viva, senón pola súa devoción galega. O seu derradeiro viaxe, no vran do 73, respondéu a esa doble devoción, poisque quixo entregar personalmente á cátedra de Literatura Galega da nosa Universidade algúns exemplares de obras de Rosalía que el recibira en herdo do profesor S. G. Morley, traductor ao inglés de "En las orillas del Sar", e, por outra banda, quixo estudar as posibilidades de mercar un piso en Compostela con miras a alternar as tempadas de aulas en California coas tempadas de vacacións en Galicia.

Alberto Machado da Rosa era un home de intelixencia aberta e sensible e de corazón xeneroso. Sentía un amor profundo polos humildes. Tanto como a súa condición de universitario brillante preocupáballe a fidelidade activa ás camadas populares que padecen a inxusticia en total desamparo. De ahí a súa identificación co Portugal popular e coa Galicia popular. De ahí a súa gran estimación por Castelao. Polo vran do 73, cando pasóu por Galicia de camiño para Sintra, estaba a estudar as orixens do socialismo en Portugal. Como sempre, interesóuse pola realidade galega. Como sempre, pensaba no futuro con esperanza.

AS CATRO LINGUAS NACIONÁIS DE SUIZA *

Suiza, país con catro linguas nacionáis, é con frecuencia ouxeto de ademiración e louvada arreo pola súa política lingüística; outros países teñen percurado en Suiza solucións aos conflitos lingüísticos de seu, reáis ou supostos.

Nembargante, ese continuo referírese a Suiza como un bó exemplo non é enteiramente axeitado. En todo caso, os suizos absteranse de presentar a armonía lingüística existente no seu país como a derradeira palabra encol de tales asuntos. En certo xeito, a pacífica coexistencia de catro comunidades lingüísticas no corazón de Europa non é resulta de ningunha cras de convenio establecido nun tratado, nin tampouco produto dun acordo xurídico que poda traspoñérese e aplicárese a outras circustancias históricas e sociáis. Non hai que pasar por alto un aspeito da custión, algo que é de decisiva importancia pra establecer a armonía antre diferentes agrupamentos lingüísticos, pero que, de xeito algún, poda reivindicárese como unha virtude suiza especial: o respeto á singularidade e individualidade doutro pobo de diferentes fondos culturáis, ou, si se prefire, o esprito de tolerancia. Esta actitude implica respeto cara as minorías i elo supón que este esprito de tolerancia non depende da forza numérica dunha determinada minoría e que, por ende, a persoa individual se atope en desventaxa mesmamente porque seña membro dun grupo minoritario. É de evidencia que ese non escrito principio de tolerancia pode ser violado en casos individuáis: nas relacións antre grupos individuáis, señan económicos, sociáis, relixiosos, ou doutro tipo, simplemente porque existan diferencias indesarraizables. O principio de tolerancia, porén, ten botado firmes raizames na actitude dos suizos, contribuindo unha e outra vez á armonía e ao equilibrio nun país cuia sociedade, verdadeiramente pruralista, en particular na hora de hoxe, apenas está suxeita a esperimentar achaiadores cambios, como, pola contra, é o caso doutros países. Pero, naturalmente, as comunidades lingüísticas individuáis non son inmunes a tales presións.

FEITOS E CIFRAS SIGNIFICATIVOS

Consideremos agora algúns feitos, pois deben constituiren a base de toda descrición da armonía lingüística suiza. O censo do 1960 deu unha cifra de poboación total de 5.429.100 habitantes, repar-

* Este traballo que, polo seu interés, traducimos pra "Grial", publicóuse na revista "Suiza-América Latina", editada pola Cámara de Comercio Latinoamericana en Suiza e o Institute Latinoamericano da Universidade de Sankt Gallen pra Ciencias Económico-Sociáis. O seu autor, doutor en leis, abogado, redactor en xefe do servicio cultural de Prensa pra o estranxeiro da Fundación Helvética en Zurich, fixo os seus estudos nas Universidades de Zurich, Berna, Munich e Xinebra. Ten publicado varios libros, antre eles: *Política esterior cultural, As relacións culturáis sobre o plan internacional* e outros relativos a problemas culturáis e políticos do seu país.

tidas como sigue antre as catro comunidades lingüísticas nacionáis: alemana, 3.763.400; francesa, 1.025.600; italiana, 514.300; e retorrománticа (romanche), 50.700. Esta poboación habita 25 cantóns, é decir, Estados constitutivos da Confederación Suiza, os cales gozan dunha autonomía moi ampla, por non lle chamar soberanía, especialmente na esfera cultural, incluíndo as línguas, a lexislación lingüística e a política idiomática. Ate o pasado século, ás comunidades lingüísticas atopábanse vivindo por separado, agás poucas escecións, en áreas máis ou menos veciñas. Así, a comunidade de fala francesa ocupaba, e sigue a ocupar, os cantóns occidentáis de Xinebra, Vaud e Neuchâtel, e parte dos cantóns de Valais, de Friburgo e de Berna. A comunidade de fala alemá, ou alemánica, ocupaba, e sigue a ocupar, a meseta suiza dende o límite idiomático xermano-francés, atravesando os tres cantóns derradeiramente mencionados, deica a fronteira suizo-austriaca, e dende a vertente alpina deica o lago Constanza e o Rin, máis o cantón dos Grisóns, na parte sudoriental de Suiza. Esta comunidade ocupa, pois, dezaoito cantóns, así como parte do Valais, de Friburgo, de Berna, e dos Grisóns. Quedan agora o grupo de fala italiana e o de romanche. O primeiro ven ocupar o cantón do Tesino e tres vales do cantón dos Grisóns. Hai que escetuar o pequeno enclave de lingua alemá de Bosco-Gurin, no Tesino. A comunidade romanche, pola súa parte, aséntase nalgúns vales dos Grisóns, pero neste cantón ningún dos tres grupos lingüísticos chega a ocupar un bloque continuo de territorio, atopándose todos eles esparexidos en zonas de diferente fala.

Noustante, ¿qué consecuencia imos tirar do feito de que se esteña producindo un importante cambio na estrutura lingüística de Suiza? A crecente migración interna, especialmente na meseta suiza, a consecuencia do *boom* ou auxe económico dos derradeiros anos, está a orixinar, principalmente nas grandes cidades, fortes minorías lingüísticas. Algunhas foron xa advertidas na parte occidental, hai algún tempo, principalmente en Xinebra, debido ao influxo do suizo de fala alemá, pero recentemente tamén en Zurich, en Basilea i en Berna, e debido, asemade, á crecente forza do elemento de fala francesa. Tamén os naturáis de Tesino e os habitantes italianos dos Grisóns veñen tendendo dende hai tempo a se asentar ao norte dos Alpes polas millores oportunidades de traballo alí existentes. O elemento italiano, tan pronunciado no intre presente na Suiza de fala alemá e francesa é, nembargante, resultado de varios centos de miles de traballadores chegados da Italia a consecuencia do alto nivel de prosperidade dos negocios. Cando, co paso do tempo, o desenvolvemente económico chegue a se estabilizar, os inmigrantes italianos regresarán en grande parte á súa terra natal, de xeito que ese tan acusado elemento italiano disminuirá probablemente. Por tal motivo, os fenómenos resultantes de situacións económicas especiáis poden non ter gran relación co noso xuicio sobre a lexislación e a política lingüística suizas.

DEREITO LINGÜÍSTICO E POLÍTICA LINGÜÍSTICA

Imaxinémonos un municipio suizo dos séculos XIII, XIV e XV. O municipio era daquela —i éo aínda— especialmente nas rexións alpinas, a comunidade democrática por escelencia, pois, co seu pronunciado senso cívico, todos os votantes decidían sobre dos asun-

tos de interés común e, polo tanto, sobre o destino político fundamental do seu municipio. Gozaba éste de autonomía local nunha medida que difícilmente se atopará nun municipio suizo aitual. A autonomía local, dentro do Estado central daquel entón, feble e integrado sin solidez, correspondía máis ou menos ao noso conceito moderno da soberanía nacional. Tal era o caso, concretamente, cando o territorio dun municipio coincidía cos límites xeográficos dun val, fora grande ou pequeno. O municipio era a máis alta institución no seu territorio e facía comprir as súas leis alí, ou dito doutro xeito, a lei dependía do principio territorial. E o mesmo ocurría coa lingua dun municipio determinado. A autoridade local decía qué lingua debía ser a lingua legal, administrativa e xurídica, sempre que unha decisión se fixera completamente necesaria, pois as xentes dun territorio comunal determinado, case sin escesión, falaban todas a mesma lingua. E así sucedía que os municipios que se atopaban na fronteira de duas linguas diferentes tiñan tamén a súa propia lingua oficial "comunal". Noustante, as interdependencias comerciáis e políticas existentes antre os municipios, interdependencias de cada vez maiores, remataban inevitablemente na posesión dunha segunda lingua veciña, ao menos por quenes residían ao longo dunha fronteira lingüística, sin que estes tiveran influxo pra que se reconocera oficialmente máis dunha soia lingua, nin siquera nas escolas. I eso facía que quenes chegaban doutra área de falantes con desexos de se asentar nunha comunidade determinada tiveran que se convertir, por forza, en asimilados lingüísticos, constituíndo tal necesidade unha espresión inequívoca do principio territorial. Mesmo hoxe, considérase que a lexitimación do principio territorial fundaméntase na asimilación lingüística, i este principio é sostido polos cantóns. Somente chega a se reconocer un *status* ou situación oficial multilingüe naqueles lugares onde os desenrolos económicos teñen conducido a unha considerable densidade de falantes de diferentes linguas, dentro dunha área relativamente pequena. Os máis conocidos exemplos constitúenos as cidades de Biel (Bienne) e Sierre (Siders), situadas ambas as duas na fronteira lingüística xermano-francesa. Nembargante, o reconocimento oficial de máis dunha lingua fíxose inevitable onde había que resolver asuntos de interés *común*, esto é, en lugares onde había un Estado con poder lexislativo, executivo, administrativo e xurídico sobre todo o territorio e onde, de feito, a poboación falaba máis dunha lingua. O cidadán pedía i esixía alí que a autoridade lle respetara o uso da *sua* propia lingua materna. Deste xeito as circunstancias lingüísticas dominantes nun lugar determinado, crearon, pra a poboación multilingüe do Estado, o cal é hoxe o cantón, un *dereito de lingua*, fundado na lei, sin que se producira ningún conflito lingüístico. A situación que imos enunciar a seguido é un exemplo característico. Antes da Revolución Francesa, e das consecuencias orixinadas pola súa repercusión mundial, existían na Suiza os chamados distritos súbditos. Eran éstes rexidos polos que hoxe chamaríamos "gobernadores", nomeados polo Estado. Distrito súbdito do Estado de Berna era o actual cantón de Vaud, con poboación francesa. Nembargante, Vaud non era gobernado na lingua (o alemán) de Berna, sinón na súa lingua materna, o francés. A relación existente antre o Estado de Uri, ao norte do Paso Gotardo, de lingua alemá, e os seus súbditos de Tesino, de lingua italiana, non era diferente. Verbo da lingua, o que

prevalecéu de feito foi a lei do *pluralismo*. I esto moito antes de que o Estado nacional centralizado e oficialmente monolingüe do século XIX tivera comezado a aplicar no resto da Europa a sua indecisa política lingüística que, en certo xeito, a tantos sangrentos conflitos conduciu. Si, por outra banda, o dereito á propia lingua de ún está vencellado, en termos xeneráis, á propia cultura de ún, a consecuencia resultante é a individualidade dun pobo como tal. Sin un respeto a este dereito, o Estado multilingüe non é posible, agás por imposición da forza.

LINGUA NACIONAL E LINGUA OFICIAL

Deste xeito, o Estado Federal Suizo, creado no 1848, que antes desa data tiña sido unha feble confederación de cantóns unidos, ao formar unha unión máis forte e instituír uns fortes órganos comúns, pra tratar os asuntos de interés común, atopóu xa existente un dereito de lingua, dereito que podía adoptar sin modificalo. Enteiramente aparte deste feito, o carácter marcadamente federal da nova Confederación Suiza escluía calquer interferencia na soberanía lingüística dos cantóns. Porén, non había nada que impedise á Confederación decrarar "linguas nacionáis" o alemán, o francés, o italiano e o romanche. Co cal sentábase o feito de que a nación suiza está formada por falantes desas catro linguas, e que cada comunidade lingüística é unha parte integrante da nación suiza. Dacordo con esa política, os falantes de todas estas linguas son por igoal cidadáns do Estado Federal e todos poseen dereitos iguáis. Noutras palabras: *aos ollos da lei* non existe minoría lingüística dentro da Confederación, como tampouco a hai dentro do cantón. E así ocurre que a comunidade lingüística non é un corpo que poda ser definido en termos xurídicos; non é un corpo que poda reivindicar dereitos. O falante de determinada lingua falada na súa comunidade, en canto cidadán individual, *posee* uns dereitos, incluso o dereito a empregar a súa lingua materna. Por esta razón, en canto falante dunha lingua minoritaria, pode non recibir peor trato que o falante da lingua maioritaria. Noutro caso, a súa reivindicación de igoaldade diante da lei veríase comprometida. E pode alegar este dereito mesmo perante o máis alto tribunal: o Tribunal Federal.

Noustante, o grupo de falantes de romanche, formado por uns 50.000 aprosimadamente, é tan pequeno, que a consideración da súa lingua como *lingua oficial* da *Confederación Suiza* carrexaría inevitablemente uns altos gastos, imposibles de sufragar, por exemplo, na impresión de documentos e ordenanzas gubernamentáis. Por tal motivo, as linguas oficiáis da Confederación son o alemán, o francés e o italiano, pero non o romanche, e os falantes de romanche non puxeron ouxeción algunha a esta norma. Ademáis, debe térese presente que o romanche está dividido en cinco dialectos diferentes, que obrigan ao cantón dos Grisóns a tirar textos escolares neses dialectos pra os grados inferiores das escolas públicas dos distritos correspondentes.

Si unha lingua nacional é lingua oficial da Confederación, debe dárselle a mesma consideración que ás demáis linguas oficiáis, tanto na lexislación como na administración pública. No que se refire á lexislación, na Asamblea Federal Suiza, nas súas dúas cámaras, esto é, na asamblea nacional (cámara baixa) e na asamblea dos Es-

tados (cámara alta, que representa aos cantóns), poden falárese o alemán, o francés e o italiano. Na práctica, é raro ouvir un discurso en italiano, porque non todos os membros da Asamblea Federal Suiza comprenden o italiano; e tamén porque os membros que teñen o italiano como lingua materna poden, á súa vez, espresárense en francés sin dificultade. Por outra banda, os textos lexislativos (leis, decretos, ordes, etc.) aparecen nas tres linguas oficiáis. E ate moi recentemente otorgábase pouca consideración ao italiano na esposición de proiectos de leis e na promulgación de decisións federáis. Esta situación ten sido reitificada. As deliberacións antre o Consello Federal (que é departamento federal executivo), e os seus diversos departamentos (ou ministerios), dunha parte, e os cantóns, doutra, realízanse na lingua do cantón interesado. En principio, un membro do Consello Federal, ou un funcionario dun departamento, é libre de usar a *súa* lingua materna dentro do Consello Federal ou dentro do seu departamento. Polo mesmo motivo enriba sinalado verbo da Asamblea Federal, o alemán e o francés prevalecen, noustante, na práctica. No Tribunal Federal e nos tribunáis federales especiáis (particularmente no tribunal de seguros ou o tribunal militar) son admisibles as tres linguas oficiáis.

Os estranxeiros desexan sempre saber qué lingua é a que se emprega como lingua de servicio no exército. En principio, a lingua de mando é a lingua materna dos homes que constitúen unha determinada unidade, o cal presupón que as unidades militares han estar formadas por falantes dunha mesma lingua. Cando, en unidades máis amplas, xúntanse falantes de diferentes linguas, as ordes, daquela, tradúcense. Os reglamentos e ordenanzas máis importantes teñen que ser publicados nas tres linguas oficiáis. Nos cursos de instrución de oficiáis, cando os instrutores e os seguidores dos cursos son multilingües, cadá un escribe e fala na *súa* propia lingua polo xeneral.

Ademáis, e costume xeneralmente indiscutida, ter en conta a calquer outra persoa que fale unha lingua diferente. E así, no trato persoal, en virtude de acordo non escrito, prevalez esta mesma política lingüística, tanto como no nivel gubernamental.

¿SALVAGARDAS PRA AS MINORÍAS?

¡Si ben non hai minorías lingüísticas *de jure*, existen *de facto*! ¡Si non fora máis que nas cifras do censo! Ademáis, si unha minoría, por imposición da súa situación xeográfica, ten que soster unha loita contra atrancos económicos, pode chegar a sentir certa desventaxa en relación coa maioría lingüística. En tal caso pode chegar a ter conciencia da súa situación ou *status* de minoría efeitiva. I esto, ademáis, pode amenazar posiblemente a armonía atinguida polas comunidades lingüísticas dentro do Estado común. O que entón fai a maioría é tender unha man de axuda co ouxeto de remediar a desventaxa na que se atopa a minoría por mor de determinadas circunstancias. Quezáis por meio de redución nas tarifas de pasaxeiros e transportes, facilidades pra o establecemento de industrias, e non menos por meio dunha construtiva actitude no campo da política cultural, aumentando, por exemplo, o subsidio ás escolas elementáis, fomentando a cultura minoritaria (a súa literatura e as súas actividades culturáis públicas en xeneral). A Confederación autoriza cada ano certas cantidades pra a conser-

vación e fomento da individualidade cultural e lingüística do cantón do Tesino, de lingua italiana, e da comunidade de falantes de italiano e romanche dos vales do cantón dos Grisóns. Asimesmo, a Fundación Pro Helvetia, autorizada públicamente pola Confederación, fundación á que incumbe a conservación e fomento da vida cultural do país, ten a obriga de consagrar atención especial á individualidade cultural das minorías lingüísticas do Tesino e dos cantóns, aos cales, por dereito, concérnelles o mantimento da súa soberanía cultural.

Nin á minoría lingüística, nin á maioría lingüística, lles comprace falar de "salvagardas pra a minoría". A minoría non lle agradaría ser "salvagardada" e a maioría non desexa facer uso da súa superioridade numérica. Esta derradeira, en particular, debe permanecer conscente e alerta deste feito: que as catro culturas constitúen o fundamento básico sin o cal Suiza non sería... Suiza.

CARL DOKA
Zurich

O I FESTIVAL FOLK GALEGO

Organizado polas agrupacións culturáis "O Galo" e "O Eixo", o pasado día dous do marzal, celebróuse en Compostela o "I Festival Folk Galego". Interviñeron nel as agrupacións "Candieira", "Os Xoglares", "Raíces da Terra", "Fuxan os Ventos", "Folk Ceibe" e os cantantes Armando, Emilio Cao, Xosé Quintás Canella, Rodrigo Romaní, Jei Noguerol, Bibiano, Xosé Manuel, Antón Seoane, Xurxo Mares, Benedicto, Batallán e Miro, todos eles integrados dentro do "Movimiento da Canción Galega" que, como é sabido, sustituíu ás chamadas "Voces Ceibes", fato de cantantes nacido en Compostela en 1967, criador da nomeada "Nova canción galega". (Nunca chegamos a entender moi ben o de canción. ¿Non sería millor cantiga. "A nova cantiga galega"?).

A data —a do "Festival Folk Galego"— pode considerárese histórica. Nunca o polideportivo do Sar compostelán rexistróu semellante abarrote —cinco mil persoas—, nunca os aplausos foron tan fortes, longos e unánimes. Tan fortes e tan longos que —a pesares da mesta choiva que caía co seu abafante bruído— ouvíanse dende a plaza do Obradoiro e dendo o interior da catedral. Era lóxico. Era xusto. I era, tamén, fermoso, fondo e siñificativo. Porque alá do outro lado do Sar, nas mesmas ladeiras do monte Viso, estábase cantando a Galicia dun xeito, cunha forza, cunha pasión, cunha verdade, como nunca se fixera hastra entón. Era algo histórico, sí. A reafirmación da mocedade galega do seu amor á terra, da súa concencia sobor dela e do intre —estelar— no que vivimos. Era, compre decilo sin máis, unha denuncia alporizada e abraiante, dos seus problemas, da súa marxinación.

Eu diría aos meus hirmáns
coa axuda do ar:
¡érguete pobo galego,
érguete, érguete xa! (Bibiano)

Os aplausos semellaban querer voar como os ventos pra chegar a todos os cantóns de Galicia. Porque alí, no festival, falábase de todo o que nos anguria e ata: da aldea esquecida, derrubada, da cidade, do labrego esplotado, do neno sin escola, da emigración, da inxusticia.

Miña neniña pequena,
¿quén che vai dar de mamar?
Túa nai vai na vendima,
i o teu pai saíu ao mar. (Os Xoglares)

Falaréi polos que non poden falar,
por aqueles que nunca dixeron non,
por aqueles que traballan sin saber pra qué. (Jei Noguerol)

Coas cantigas, no medio de sons de gaitas, pandeiros e guitarras, pódense decir cousas que non se poden decir —anque se pensen— de outro xeito. Hai moitas maneiras de denunciar, de acusar, de maldecir. E alí facíase... Por eso houbo intres de delirio, de tensión. Eran cinco mil persoas novas, mozas, que falaban o galego, pra os que aplaudir era tamén unha forma de decir que "non", que "xa está ben". Galicia, toda, estaba alí, tremosa, coa súa tenrura, coa súa violencia, coa súa sumisión de boi manso e coa súa acusación.

Veño do campo,
vou prá cidá;
coa xente culta
non sei falar.
Veño da sega,
vou a estudar;
cos nenos "progres"
non sei cantar.
.....
Todo se volve
falar, falar;
ninguén se coida
de me enseñar.
Sí, xa vou canso
de lle escoitar
á xente culta
falar, falar.
.....
Eu sei que día
ten que chegar
no que eu seipa
falar, falar.
I entón os berros
que eu ceibaréi
farán silenzo
aos que aturéi. (Fuxan os Ventos)

Versos dos nosos grandes poetas musicalizados, como Ramón Cabanillas, Curros Enríquez, Pondal, Pimentel, Manuel María, Celso Emilio Ferreiro.

¡E dille aos hirmáns que atopes
que nas máns dun home enteiro
o estadullo carreteiro
non lle ten medo ao fusil! (Cabanillas-Miro)

Un peito de ferro:
loitade animosos,
loitade galegos. (Pondal-Armando)

A xeito de S.O.S.
falo na madrugada:
pechai tódalas portas
e que xa ninguén saia. (C.E. Ferreiro-Folk Ceibe)

Non durmas,
meu neno pequeno.
Bule, berra, chora.
Teu pai está fora. (L. Pimentel-Emilio Cao)

Fuco Buxán, labrego esfarrapado,
fillo da fame e neto de labregos.
Fuco Buxán, que vives de prestado,
comesto corazón, os ollos cegos. (C.E. Ferreiro-Raices da Terra)

¡Oupade, mociños,
petrucios esgrevios,
i á loita aprestaivos
con paus e fungueiros! (Benedicto)

Tarde pra a lembranza, tarde histórica, tarde que quedará, tarde da que se falará por moito tempo como do Banquete de Conxo. Porque o vento e os corazóns espallan cantigas que rebotan, como rebotaban nas paredes do

polideportivo do Sar. "De eiquí non sae naida". Pro saía. Saía o alento —e o desalento—, a voz de Galicia pola boca limpa da súa xuventude. Nunca, temos que decilo, asistimos a un espectáculo semellante. Cinco mil persoas falando galego, sintindo en galego, con concencia galega. Doce cantantes e cinco agrupacións decindo cousas, berrando con valentía. Hai que decir que non todo era bón. Existía moita mediocridade na maneira de interpretar. Pro a intención era boa. "Todos non son Miro", decían algúns. Certo. Todos non son Miro. Pro o espectáculo, en xeral, foi —como decimos— histórico.

Alí cantábase ao mozo que xa perdéu as esperanzas, á muller vietnamita asesinada, estrollada polas balas, polos cañonazos, aos traballadores, á moza que non ten con quen casar porque os mozos fóronse da aldea; ao vello que aguanta e cala; aos paisáns que deixan o pobo, non pra emigrar, senón pra vivir na cidade como os señoritos. "A terra non te renega, mais ti es un renegado"...

Tarde de choiva. Tarde, por eso mesmo, moi galega. As explosións dos aplausos eran como áas de paxaros que falaban do amor, da verdade, da libertade que todo home desexa. Sí, sí: cinco horas de cantigas, cinco mil espectadores afervoados, xunguidos por un ideal. Todo un récord galeguizante e galeguizado polas guitarras, os pandeiros, as gaitas e as voces mozas que coas súas cantigas non soio cantaban...

X. FERNÁNDEZ FERREIRO
A Coruña

PERÍFRASIS VERBALES EN EL GALLEGO ACTUAL, por Guillermo Rojo[1]

Tense falado moitas veces da falla de estudios sobre aspectos da cultura galega sin que ún mesmo se decatara de que é mais doado queixarse do que tratar de encher esa lagoa. Por eso compre esforzarse en engadir algo ó que xa levan feito algunhas, poucas persoas, xa consagradas que non é mester mencionar aquí porque están na mente de case todos. Por sorte estas novas aportacións empezan a frolecer. É moi desexable que se multipliquen. Unha delas é o recente libro de Guillermo Rojo, *Perífrases verbales en gallego actual*, aparecido hai uns poucos meses. O autor empeza, cómo non, lamentando a penuria de estudios específicos sobre o verbo galego[2], pro a súa queixa foi fecunda, pois ahí está a súa valiosa aportación á linguística galega. O millor que se pode facer agora é contribuir no posible a un meirande conocemento deste traballo.

É moi difícil lograr espoñer brevemente o contido do libro obxeto deste comentario. De tódolos xeitos é conveniente arriscarse e intentalo.

O libro do profesor Rojo consta de sete capítulos. O primeiro está dedicado á esposición de algunhas xeralidades e ó establecemento dunhas bases teóricas encol do verbo. Reséñanse as teorías dos lingüistas máis importantes, tanto españoles coma estranxeiros. Algúns apartados están adicados a esaminar os constituintes do verbo e de seguida, discútense as ideas esistentes sobre as categorías verbales: a persoa, o número, o modo, a temporalidade —especialmente estudiada—, o aspecto —tema moi controvertido na lingüística actual—. Tamén se analiza a noción de Aktionsart, diferenciándoa da de aspecto, e, na esposición da categoría voz, discútense as teorías sobre a esistencia da pasiva.

O capítulo II xa se cingue ás perífrasis verbales prantexándose os problemas esistentes encol delas, consideradas coma dúas bases verbales —unha en forma persoal e outra en forma non persoal— e partindo de que "la perífrasis es un medio gramatical que posee la clase de los verbos para la expresión de determinadas modificaciones de la idea central" (pp. 26-27). Estúdiase sincrónica e diacrónicamente o fenómeno da gramaticalización coma limiar do debilitamento semántico e analízanse por separado cada ún dos dous elementos principales de toda perífrasis. Tamén se espoñen brevemente as distintas teorías sobre da ausiliaridade (Guillaume, Tesnière, Benveniste, Sánchez Ruipérez, Pottier, Chomsky, Jakobs, Rosembaum, Ross, MaCawley, Langendoen) en percura dun criterio mínimamente unitario. Pra completar esta visión teorízase sobre a forma ausiliada, espoñendo as súas delimitacións, a súa terminoloxía, as súas características en galego e a correlación aspectual entre infinitivo, xerundio e participio. Despóis caracterízanse as perífrasis ver-

[1] ROJO, Guillermo: *Perífrasis verbales en gallego actual*, Verba, Anejo 2, Universidad de Santiago de Compostela, 1974, 188 páxs.

[2] Tema estudiado recentemente por A. SANTAMARINA no seu libro *El verbo gallego*, Verba, Anejo 4, Universidad de Santiago, 1974.

bales a partir da súa semellanza con outras construcións. Así, estúdiase a noción de complexo verbal, na que se ditinguen dous tipos: uns de significación conxunta, outros de significación disxunta. O profesor Rojo concluie que sóio os primeiros poden ser considerados coma perífrasis verbales, que non son outra cousa que un tipo de complexos verbales caracterizado pola significación conxunta (unicidade semántica) e polo comportamento en bloque ante as transformacións interrogativa e pasiva (unicidade sintáctica). Logo, as perífrasis constituien un procedemento morfolóxico axeitado pra espresá-las categorías gramaticales do verbo, en que o ausiliar é un morfema do verbo anque con características especiales. A conclusión da detallada esposición teórica está resumida nestas palabras do propio autor:

"Las perífrasis verbales son, pues, recursos morfológicos existentes en la clase de los verbos para la expresión de modificaciones de la idea central que no pueden ser alcanzadas por las formas consideradas conjugativas en sentido estricto" (p. 67).

Esta é a idea central, básica, da que G. Rojo parte pró análisis do sistema perifrástico do verbo galego.

O capítulo III é unha introducción ó sistema perifrástico da lingua galega. Faise unha caracterización xeral do conxunto e unha clasificación dos distintos tipos de perífrasis atendendo á súa forma e á clase de modificción da idea central que se espresan e indícanse tamén a construcción, a categoría e o tipo de cada perífrasis (pp.77-71). Tamén se estudia o elemento de relación e analízanse as posibilidades de sobreausiliación —facultade de incidencia duns ausiliares sobre dos outros—. A función desta sobreausiliaridade é a de ampliá-las posibilidades de matización do lesema verbal. Así entendidas, as construcións perifrásticas constitúen un sistema paralelo á conxugación pra realzar e matizá-los valores non espresables debidamente cos recursos conxugativos do galego. Ahí radica a importancia das perífrasis, acrecentada pola falta de formas conxugacionales do verbo galego.

O resto dos capítulos está dedicado á esposición e ó análisis das construcións perifrásticas destinadas á espresión de cada unha das categorías verbales.

Así, no capítulo IV estúdianse as perífrasis temporales. Esamínanse os procesos históricos que provocan o desgaste e a sustitución dunhas formas por outras. En primeiro lugar espóñense unhas interesantes ideas sobre da futuridade, relacionándoa coa estructura de outras linguas romances, pois "todas las perífrasis temporales que existen en gallego indican posterioridad de la acción con respecto a un origen" (p. 75). Por eso interesan estas puntualizacións sobre as diversas construcións perifrásticas que sustituiron ó futuro sintético latino e, sobre todo, as estadísticas de frecuencia de tales construcións en castelán e galego, pró que o autor seleccionóu un variado corpus lingüistico. Despóis de esplicá-los procesos de desgaste semántico e de gramaticalización, queda claro que os medios de espresión da categoría de futuro se están renovando constantemente debido á necesidade dunha meirande carga intencional, pois, en palabras do autor, "el futuro, imprevisible, desconocido, es atraído hacia la sensibilidad del hablante mediante este tipo de construcciones que, en un principio, vierte sus sentimientos hacia esa interrogante que es el futuro. Cuando ese nuevo procedimiento se haya desgastado (y el desgaste está en relación con la frecuencia de utilización), habrá que recurrir a otra construcción" (p.87). Espón despóis G. Rojo e analiza as construcións galegas axeitadas prá espresión da futuridade dun proceso, esplicando a súa formación e clasificándoas según indiquen futuridade en xeral ou futuridade inmediata.

As perífrasis aspectuales estúdianse no capítulo V, o máis estenso e quizáis o máis importante do libro, xa que tamén este grupo de perífrasis é o que constitui o núcleo máis importante no sistema galego debido á súa abundancia.

Analiza en primeiro lugar o aspecto imperfectivo e espón as construcións perifrásticas que o espresan en galego, sinalando as significacións de cada unha.

Pra eso divídeas en dúas series según utilicen como forma ausiliada un xerundio ou un infinitivo precedido de *a*: unha, ausiliar + xerundio, na que o tipo *estar* + xerundio funciona como término non marcado da serie, mentras que cada ún dos outros engade un rasgo especial á simple imperfectividade espresada por aquel. A outro, ausiliar + *a* + infinitivo, é semánticamente paralela á anterior e bota de man de case tódolos mesmos ausiliares. Cada construción perifrástica destes dous subconxuntos presenta matizacións peculiares dentro da imperfectividade xeral común a todas elas. Así, concluie Rojo que "el término no marcado es, indudablemente, el auxiliar *estar*. Expresa la pura imperfección, la acción concebida por el hablante en su desarrollo. Los demás añaden a la imperfectividad algún otro valor que los individualiza" (p. 120).

Despóis estúdiase o aspecto perfectivo e destácase a ausencia de "tempos compostos" na conxugación galega, pois "la perífrasis con *ter* es una construcción destinada a la expresión primordial del aspecto perfectivo con una especial matización reiterativa" (p. 123).

Anque a forma ausiliada idónea en toda perífrasis perfectiva é o participio, Rojo, ó sinalar tamén un grupo de perífrasis construidas con infinitivo, pro indicando aspecto perfectivo, advirte que este valor é debido ó empleo de ausiliares de carácter perfectivo. Espón despóis as construcións con participio como forma ausiliada.

Tamén se estudia neste capítulo o aspecto incoativo, enumerando as construcións usadas en galego prá súa espresión, e indicando as súas posibles variantes formales, ó tempo que se especifica dentro do seu valor incoativo xeral a posible matización inceptiva ou ingresiva en cada caso particular. Remata o capítulo coa esposición das construcións destinadas á espresión do aspecto reiterativo e do terminativo.

No capítulo VI estúdianse as perífrasis modales, que teñen por función o indicar certos matices esteriores ó proceso verbal en sí, pro que o afectan de algún xeito. Debido a que na modalidade hai posibilidades que as formas conxuntivas non son capaces de espresar, o autor considera este tipo de perífrasis como paraconxugacionales. Espónse en primeiro lugar o grupo de construcións que espresan modalidade de ación obligativa, relacionándoas coa espresión da futuridade, tan íntimamente vencelladas que en algunhas ocasións é moi difícil decidirse por unha interpretación única. Despóis analízase tamén o grupo de construcións destinadas á espresión da modalidade de ación hipotética.

Finalmente, no brevísimo capítulo VIII, fanse unhas puntualizacións sobre as construcións dedicadas á espresión da voz pasiva, moi pouco usadas en galego, especialmente na lingua falada. Por eso afirma o autor que unha frase pasiva de tipo perifrástico é bastante estraña en galego, sobre todo se hai indicación do axente.

Ó final do libro, inclúese un importante —por amplio, actualizado e ben documentado— conxunto bibliográfico sobre este tema e outros afíns.

Como se deduce do seu contido ,do que aquí se da soio unha idea moi superficial, o libro de Guillermo Rojo constitúe unha aportación moi valiosa. En xeral, sería desexable unha meirande eshaustividade en algúns problemas analizados polo autor. Tamén sería máis proveitoso o manexo dun número de testos dialectales máis abundante, pro ahí a lingüística galega está nacendo aínda. E, postos a desexar, sería mesmo conveniente un resumen final cunhas conclusións, que, anque estean espostas ó final de cada apartado, non estarían de máis aquí a modo de conclusións xerales aínda carrendo o risco de repetirse algo.

Non se trata de ver acertos nin tachas, senon sinxelamente de ver. No seu traballo, Guillermo Rojo aplicóu os métodos máis actuales na descripción e análisis do sistema perifrástico da lingua galega. O seu libro contén unha valiosa introdución teórica no que se caracteriza o sistema perifrástico integrándoo nos paradigmas verbales. Na segunda parte, aplícanse as ideas alcan-

zadas na primeira ás perífrasis da lingua galega actual, tanto literaria como coloquial, agrupando as construcións según a categoría verbal espresada por cada unha.

Non está xa todo feito. É case o empezo. Bon empezo que, sin dúbida, servirá pra alentar novos estudios. É xusto, pois, reconocer que Guillermo Rojo deu unha espléndida leción de lingüistica xeral e, ó mesmo tempo, de amorosa pacencia na descripción e estudio da lingua galega.

A. BASANTA

OPÚSCULOS LINGÜÍSTICOS GALLEGOS DEL SIGLO XVIII, por J. L. Pensado *

1. O primeiro dos opúsculos editados é o que leva por título "Sobre el origen de la lengua gallega y sobre la paleografía española". É unha carta en resposta ás preguntas formuladas ao P. Sarmiento polo P. Esteban de Terreros y Pando, xesuita. Pensado reproduz o testo que figura na colección de escritos do bieito conservada na Academia da Historia.

Estamos en presencia da carta impresión do escrito; pero en realidade trátase dunha segunda edición. A primeira foi obra do escritor ferrolán Xosé López de la Vega, e apareceu en 1878 en Madrid, na *Revista Contemporánea*. Murguía parez ter reimpreso a edición de López de la Vega na *Ilustración Gallega y Asturiana*, Madrid, 1880, como non se baseara no mesmo manuscrito. Á súa vez, a edición de Murguía foi reproducida en Buenos Aires, 1943, pola Editorial Nova.

Con relación a estes testos, o de Pensado resulta máis completo. No comenzo, no interior e no fin recupera anacos ausentes nas primeiras impresións. De por parte, corríxense agora os erros ouservados nas mesmas, e complétase o testo cun índice de autores e obras citadas, construido con base ás noticias que se poseen sobre a biblioteca de Frei Martín.

2. Se reputamos moi positiva a publicación dunha boa edición deste traballo do P. Sarmiento, oportunamente comentado polo Profesor Pensado na "Introducción" correspondente, ao cabo trátase dunha obra xa coñecida. En troques, os testos do P. Sobreira que completan o volume, son agora por primeira vez impresos, e constitúen un capítulo, ata hoxe descoñecido, da historia da lingüística galega.

Os opúsculos de Sobreira que se dan a coñocer son os titulados "Idea de un diccionario de la lengua gallega" e "Ensayo para la historia general botánica de Galicia".

Anque a persoalidade de Sobreira non ten a fasquía xenial da de Sarmiento, o bieito máis novo, a voltas de fantasías irresponsabeis, proporciónanos informacións interesantes.

Pensado coméntaas estensamente, e mesmo engade outras procedentes das papeletas ou "esquelas" do Diccionario, os materiáis do cal consérvanse tamén na Academia da Historia e serán editados a non tardar polo profesor salmantino.

3. Así, vemos en Sobreira cómo o proceso de erosión do sufixo *—ade* vai máis ou menos adiantado no seu tempo segundo os lugares. A forma gastada *—á*, seŋa ou non castelanismo, témola rexistrado na escrita xa na primeira mitade do século XVI [1]; pero a súa aparición non supón nin moito menos a desaparición da forma plena. Se cremos a Sobreira, no seu tempo temos *novedá* en Santiago, pero *novedade* en Ourense.

---

* Fundación Penzol, Galaxia, Vigo, 1974.

[1] RICARDO CARBALLO CALERO, *Particularidades morfológicas del lenguaje de Rosalía de Castro*, Universidad de Santiago de Compostela, La Coruña, 1972, p. 45.

4. Sobreira testemuña tamén a esistencia do pronome neutro *elo*, que algúns non consideran galego auténtico[2], pero que xa se atopa na *General Estoria* e na *Crónica Troiana*[3]. Non é doado que tivera *e* aberto, segundo o bieito asegura. Un *ẹlo* con *é* aberto esiste en galego-portugués como forma evolutiva correspondente ao cultismo ou occitanismo *anel* ou *anelo*: ANĔLU> *ãelo*> *ẹlo*.

En Sobreira acha Pensado rexistrada a gheada, que non detecta en Sarmiento[4]. Sería, pois, fenómeno de moi recente introducción, mais se é influencia do castelán, estraña que non se producira ata fins do século XVIII, xa que a influencia castelá comenzóu a ser forte, cando menos, desde fins do século XIV. Sobreira, en todo caso, é un precursor de Murguía, Carré e Pensado, pois di que se en Ribadavia e en Santiago pronuncian algunhas veces a letra *j* —é decir, o fonema [x]— é por remedar o castelán.

6. Sobreira recolle *mono, mona* coa mesma sinificación de *chato, nacho*, acepción que, como di Pensado, non pasóu aos nosos diccionarios. Mais Eladio Rodríguez coñece *mona* 'cabra que no tiene cuernos', que ha ser o mesmo semantema, se pasamos da falta de protuberancia do nariz humano á da cornamenta cabruna. *Mọna*, en toda ou case toda Galicia, aplícase —aínda que non apareza nos diccionarios—, non só á cabra, senón tamén á ovella e á vaca sin cornos; en Vidán, perto de Santiago, á vaca cun so corno; en Toba á vaca con cornos moi pequenos (ou retortos). En Rianxo é *mọna* calquer cousa de tamaño inferior ao normal, ou algún individuo ou membro mutilado, chegando a ser sinónimo de *tọco*. Cremos, pois, que Sobreira e Eladio Rodríguez rexistran aplicacións particulares dun mesmo caso xeral.

7. O vocábulo *esganabóis*, que Sarmiento rexistra como usado en Sigüeiro coa sinificación idéntica á de *ouropesa*, é palabra que, como di Pensado, está ausente dos nosos lésicos. Eu teño ouvido en Laraxe, Pontedeume, *esganavacas*, pero con outra sinificación: a de *perraguesa* ou *pallas*, é decir, a *mantis religiosa* ou un insecto parecido, que, segundo a crencia local, produz o afogo da res que o embulla coa herba. En Franco Grande, que non rexistra *esganavacas*, acho *esgano* 'timarca, insecto. *Sanguiña*', e *sanguiña*, o mesmo que *sangueira*, 'insecto coleóptero, que según creencia vulgar mata el ganado que lo come en el pasto. Si se les (*sic*) escupe echa (*sic*) un líquido semejante a la sangre'. Tamén se chama *arráu*, segundo se di, pero *arráu* declárase como 'insecto negro, de menor tamaño que un grillo, que según la creencia popular es venenoso y muy dañino para las vacas cuando lo ingieren'. Non é o meu *esganavacas*, evidentemente. Toda esta información a toma Franco de Rodríguez González e o seu apéndice. *Arráu* está abonado en Láncara, e *sangüeira* en Barcia. O *sangueira*, de Franco, sin diérese, ten que ser erro.

8. A sinonimia de Sobreira que inclúi *oca*, vocábulo que tamén recolle Sarmiento como de igual sinificado que *xebra* (en Xubia) —voz esta derradeira que nos é familiar desde sempre, como propria da nosa comarca nadal—, plantea a Pensado a cuestión de se ouca, en Sarmiento unha planta que nace á beira dos ríos, e no medio, onde hai pouca auga, pero nos diccionarios modernos —que non recollen *oca*— tamén 'alga', non será nesta acepción un hiperenxebrismo, ou ben *oca* unha castelanización. Cremos suficientemente probada a lexitimidade da forma *ouca* como 'alga' pola esistencia de *ouga*,

---

[2] RICARDO CARBALLO CALERO, *Gramática elemental del gallego común*, 4.ª ed., Galaxia, Vigo, 1974, p. 18, n. 29.

[3] Tamén en testos galego-portugueses do século XIII. Véxase MACHADO, *Diccionario*, 2.ª ed., tomo II, s.v. *ele*, p. 856 s.

[4] Secomasí, Sarmiento ten escrito que certos galegos, a diferencia de outros, non incurren na confusión "de la *g* con la *j*, ni la *c* con la *s*". ¿Qué pode sinificar esto senón que aquéles están ceibos de gheada e seseo? *Vid.* "Castellanos en Orense", en *Grial*, 26, p. 415. Cicáis Sarmiento se refire aos galegos ao falaren o castelán, mais eso mesmo parez decir Sobreira, e a confusión de [g] e [x] en castelán, tiña que repercutir na pronuncia do galego polos mesmos falantes.

que Pensado certeiramente estrae da forma *sougas* 'algas de río' en Verín, segundo Crespo, e o testemuño de Aquilino Iglesia, que declara *ouca* 'alga' e cita a frase popular "verde coma a ouca" [5].

9. Non sabemos cómo interpretar o sistema de acentuación gráfica refrexado nas páxinas dos comentarios aos opúsculos editados, sistema que se afasta do académico recibido ao tratar como esdrúxulos os vocábulos de dúas sílabas rematados en diptongo crecente. *Continuo, inicio, oblicuo, toponimia, sinonimia,* aparecen constantemente marcados cun til sobre o *i tónico,* á portuguesa, anque o testo é castelán. O mesmo ocurre en casos como *aun* non temporal, que leva sobre o *u* a mesma marca. Outras veces faltan acentos. A normalización destes aspectos ortográficos daría unha fisonomía de maior corrección a este volume, ben merecedor, pola súa importancia, dunha xubilosa acollida.

R. C. C.

OLLADAS NO FUTURO, por Ramón Piñeiro [1]

Vintecinco anos de comentos en publicacións periódicas déronlle a Ramón Piñeiro material abondoso pra compoñer este libro. Craro é que o tratamento que, na meirande parte dos casos, dá a cada tema é moi breve; pero, en troques, resulta sempre sustancioso e definitorio.

O autor de *Olladas no futuro* mantén en todo momento a fe nos valores humáns e, xa que logo, nas esencias galegas. Nesta liña amosa, nos seus xuicios, unha independencia e un xeito intelixente de enxergar as cousas pouco común. Fondo conocedor das materias que trata, por máis desemellantes que elas señan, nos traballos que nestas páxinas se inxiren vai dándonos acotacións moi cernes e personáis.

Non resulta doado enumerar aquí siquera os títduos deses traballos escritos por Piñeiro —perto de cincuenta—, e menos aínda entrar en detalle do seu contido. Neles ofrécese un panorama ricaz da cultura galega, non soio nos derradeiros anos, sinón mesmo nas obras e autores pertescentes a décadas anteriores.

Quen queira informárese da presencia histórica e creadora de Galicia dende Rosalía, atopará no libro do que falamos reflexións, ideas i enfoques de nidia orixinalidade: Encol da poesía de Pimentel, de Seoane ou Cabanillas; sobre a narrativa de Fole ou o arte de Castelao; verbo dos homes da Xeneración "Nós" e as "Irmandades da Fala", Otero Pedrayo, Risco, Viqueira, Vilar Ponte; tocante aos factores sustanciáis da literatura e do mundo socioeconómico galegos; e, ao cabo, e primordialmente, no relativo ao tema idiomático, como fenómeno espritual, social, político-cultural, e revolucionario no seu trasvase do eido rural ao ambente urbano.

Toda esta temática, tan viva e tan varia, é parte importantísima do libro, a traveso das reflesións que a realidade do país suscita na inqueda pero sempre firme mente de Ramón Piñeiro.

Non hai dúbida que un dos temas que apasionan ao escritor é o do idioma. No estudo tiduado "A língua, sangue do esprito" considera que a lingua ven ser a alma viva do pobo que a fala, ven ser a súa comunidade esencial. Entre tódolos factores de natureza comunal que gobernan a vida social, estima Piñeiro que a língua é o máis espontáneo, o máis íntimo e tamén o máis común e duradeiro. Falando da "Trascendencia social do idioma" conclue que os que viven fora do país e os radicados nel forman xuntos a comuni-

[5] *Cómaros verdes,* vocabulario (p. 114). Na p. 63 lese:
Por un mar verde de oucas
.....
Nun mar de oucas verdegado.

[1] Editorial Galaxia. Vigo, 1974.

dade humana que se chama o pobo galego. E o vencello que os une a todos, o que identifica a todos por riba de diferencias e distancias, é o único patrimonio que a todos pertenece por igual: a espritoalidade común, ou sexa o idioma, xa que o idioma é a creación máis xenuina e o vehículo máis vivo e permanente da espritualidade común dun pobo.

Situado neste mesmo plano, ao facer unha defensa do idioma como vencello espritoal de tódolos galegos, sostén Piñeiro que de cantos elementos en que unha cultura se afinca, é a lingua o máis radical e representativo. O idioma é xa unha gran creación cultural colectiva. En realidade —dí— é a máis grande creación cultural colectiva. Por ser obra creada por todos e poseída por cada un, é mesmamente aquelo que a todos fai irmáns, aquelo que lle dá a unha comunidade social a fisonomía obxetiva de pobo. Porque toda comunidade social que chega a crear una lingua de seu, un idioma, convírtese en comunidade espritoal peculiar, manifesta o seu rango de pobo.

No traballo referente ao menosprecio social que en Galicia se fixo da lingua, destaca o papel que na rehabilitación idiomática se anda a realizar a partir da época do rexurdimento do dezanove. E verbo deso, sinala que durante moito tempo a nosa conciencia colectiva popular non tivo máis voz que a dos intelectuáis, nin máis medios de acción que a cultura. Frente ao menosprecio social, simbolizado no desprecio á lingua, tan agresivamente practicado pola burguesía urbana, os intelectuáis opuñan o cultivo da lingua nos usos da cultura e a denuncia das inxusticias de que era víctima indefensa a Galicia popular.

Noutro orde de cousas, Ramón Piñeiro inxire no seu libro unha riola de Cartas, nas que reflexa o seu pensamento arredor de problemas sustanciáis da nosa época. Así, na dirixida a Álvaro Cunqueiro, na que trata dos males de Europa e os seus remedios, dende a ladeira dun castro lugués; na que lle escribe a Pedro Abuín, falándolle das tres maneiras de dialogar e das duas maneiras de entender a cultura; na que, enderezada a Ana Campos, fai agudas suxerencias sobre Teixeira de Pascoaes e Galicia; ou na que, encol da persoalidade e a obra de Otero Pedrayo, redactóu pra Leonor e Francisco Cunha Leão. E mesmo naquelas que, tratando de diferentes custións de hoxe, dirixíu a Daniel Cortezón, Marcia Andersen, Jean Pierre García, Ánxel Fole e Rodrigues Lapa.

Son todos textos aparecidos, os máis deles, na revista "Grial", e algúns noutras publicacións. Propúxose Piñeiro xuzgar valorativamente feitos histórico-culturáis relativos a Galicia, a Europa e mesmo a América, cos ollos do noso tempo, situándoos, asemade, de cara ao porvir. Veleiquí por qué o autor quixo tiduar o seu libro co axeitado rubro de *Olladas no futuro*. Pois, como dí no Limiar, "As reflexións interpretativas do noso pasado alternan aquí coas esculcas por enxergar o noso presente, unhas e outras movidas sempre pola preocupación fundamental do noso destino como pobo. *Na súa arela intencional, veñen ser como olladas tendidas no futuro.*

Os pensamentos e as palabras que neste volume se recollen están cheos de suxerencias darredor dunha problemática de encrucillada, ante a que non cabe pechar os ollos. Pero non son soio os ideas fecundas as que no libro resaltan. É tamén o xeito de espoñelas. Porque o estilo de Ramón Piñeiro presenta pra os estilistas que tencionen penetralo, o mesmo tipo de incomenente que o invisible cristal aos encandilados insectos: é o seu un estar como si non estivera, aberto ao tránsito da luz e inaccesible á temeridade da imitanza; e o seu segredo é idéntico, o da trasparencia.

Léndo os comentos e os ensaios de Ramón Piñeiro, decatámonos de cómo se mesturan neles a presunta facilidade do coloquial coa precisa puntería do riguroso. Nada falla nin sobra no seu aparente descoido de surrinte reloxeiro. Do autor cabe decir, non que escribe como fala, pero sí que fala como escribe, con sopesado senso da responsabilidade implícita en cada palabra.

SALVADOR LORENZANA

LUIS SEOANE E O ARTE MURAL

Sobre o arte mural e arte da ilustración escribe Luis Seoane, pintor, grabador, poeta, ensaísta, cuio nome cobre a crónica artística contemporánea cos acentos máis sobresaíntes. E hoxe, novamente, na nosa actualidade informativa por este libro editado recentemente na Arxentina[1], ao que se pode calificar como peza maior na obra documental do arte moderno.

Seoane, cuia capacidade de síntesis pictórica e literaria constitúe un dos atractivos máis singulares da súa inventiva de escritor e pintor, fai aquí o estudio do que é na nosa pintura o suceso da obra mural, o seu renacimento contemporáneo, a súa posibilidade de "integración" na arquitectura: Suceso de cuia xerarquía somos todos coscentes, e que no estudio de Luis Seoane adequire dimensións referenciáis ademirables, non soio pola calidade informativa coa que o estudio se adobía, sinón ao mesmo tempo polo análisis que realiza da situación do pintor perante o proceso mural e a esixencia social, educativa e comunicativa que el representa.

Un ensaio sin precedentes na nosa literatura de arte, verbo da súa exposición e propósitos. O mural como linguaxe, como "noticia" do acontecer público. Pero a gran atención de Seoane fíxase aquí no poder integrador da obra mural e a súa capacidade de emparellamento ao corpo arquitectónico; non como ornamento, sinón como imaxe de relación orgánica, como istrumento sustancial no corpus de arquitectura, en canto figura e coor, en canto espresión e decraración de vida.

A esperiencia de Seoane como muralista, que é insólita verbo do número de obras realizadas, principalmente na Arxentina —aquí recollidas gráficamente— dá autoridade aos seus informes e consideracións críticas, que se terán de estimar como pezas máis que singulares no estudio do arte mural contemporáneo.

E a este estudio da inventiva mural amécese outro ademirable estudio sobre as artes do libro, a creativa ilustrativa pra as artes gráficas, na que asimesmo a obra de Seoane se distingue pola súa singularidade formal. Seoane é, como todos sabemos, un dos meirandes ilustradores do tempo moderno, un dos meirandes anovadores do arte da estampa: óllase aquí na documentación gráfica que acompaña a súa información literaria, onde o arte deste galego de Buenos Aires fai sinal da súa magnificencia creadora.

O análisis que fai Seoane da situación actual da ilustración e a súa xerarquía no desenvolvemento do libro contemporáneo, contribúe sin dúbida ao millor conocemento desta actividade bibliográfica e á consideración con que ela debe ser recibida por todos nós. Estudio que pecha coa maior fortuna este novo libro de Luis Seoane, número trinta e tres dos publicados deica hoxe polo pintor-escritor, inxeridos os seus álbumes de dibuxos e grabados, cifra á que moi posiblemente non ten chegado ningún outro pintor no mundo.

X. DE CASTRO ARINES

ALMANAQUE GALAXIA, 1975 *

O almanaque de que fala o tiduo deste volume ocupa xusto as doce follas correspondentes aos meses do ano e contén o santoral galego e as efemérides tamén desde o punto de vista da nosa terra.

O resto do libro (cuio formato é un chisco meirande que o de Grial) está ateigado de información sobre a nosa cultura ao longo deste derradeiro cuarto de século, dende os comenzos precarios pero espranzados da editorial Galaxia ao mediar o século, até as recentísimas aitividades culturáis adicadas ao vintecinco cabodano do pasamento do noso petrucio Castelao.

[1] "Arte mural. La ilustración". Buenos Aires. Editorial Sudamericana, 1974, 120 páxinas con 83 grabados.

* Editorial Galaxia. Vigo, 1975.

A edición está coidada e a cada folla atopamos un dibuxo ou grabado dun pintor galego, ou unha foto de xente da nosa cultura, o que fai máis direito o impacto no leitor. Enceta a edición o estreleiro Cunqueiro, que nun comprido horóscopo universal danos "o verdadeiro retrato dos fados do mundo", e vainos decindo logo, en cada sino do zodíaco, en qué será bó ou mau este ano turbillento de 1975. Pra consolo, por se sae mau, dásenos a seguir un recetario de cociña enxebre que fai agoadizo a calquera, seguido do calendario de festas tradicionáis do país.

O número dos colaboradores que enchen as páxinas do almanaque non permite enuncialos a todos. Abonden uns poucos nomes ben coñecidos, cuia mención a todos acomodará: Marino Dónega, Carballo Calero, Ramón Piñeiro, García-Sabell, Salvador Lorenzana, Otero Pedrayo... Eles e máis os outros pintannos un panorama cultural de Galicia nestes derradeiros 25 anos, fálannos da súa arquiteitura, pintura, teatro, ensaio, cine, cómic, economía, o idioma, a narración, a poesía, o ensino, as traducións, a Fundación Penzol..., dannos novas de galegos ilustres falecidos no último cuarto de século (Cabanillas, Risco, Cuevillas, Pimentel, Silvio Santiago...), esculcan no pasado, o presente e máis o porvir da cultura galega, e... veñen ter á figura central dos homenaxes que se están a prodigar ondequeira que se xunten galegos no mundo: Castelao.

Deste "primeiro clásico galego" (como o define Piñeiro) fálannos no almanaque quenes o coñeceron íntimamente; outros adícanlle poesías. Entre reproducións da súa obra plástica lemos unha pequeneira escolma do galego escepcional, e a súa bio-bibliografía.

Pra facer compaña ao noso guieiro dásenos logo unha escolma do "pensamento dos homes da xeneración "Nós" (na que están nomes xa mentados, e máis o singular Viqueira).

En fin, remata o libro cunha reseña dos antecedentes editoriáis de Galaxia e máis da aitividade impresora na América, á que tanto debe a nosa renacencia cultural, e ao final o catálogo xeral de publicacións da editora pra 1975.

A impresión que esta abondancia de materias deixa no leitor é de vitalidade, de saúde cultural de Galicia (quen dera que fose tamén económica). Por moi insidioso que fora un posíbel crítico ingrato non podería desbotar certos feitos ouxetivos, logros e consecucións que están ahí pra quen os queira ver: unha literatura infantil en galego, a incorporación do galego á liturxia, ao campo xurídico, ao ensino primario, medio e superior, a creación dun instituto da lingua (que posibilitóu a publicación dun método prático pra estudar o galego), a publicación das normas ortográficas do idioma pola academia (que xa son unha base, inda que incompleta, pra orientárense os cultivadores das letras)... e ¿cómo esquecer a propia laboura precursora de Galaxia, a súa publicación das "Cantigas d'escarnho e maldizer", o "Dicionario enciclopédico galego-castelán", as revistas "Grial "e a de Economía de Galicia?

A conclusión é clara: en 25 anos atinxiuse o segundo rexurdimento de Galicia. E gran parte dél débese a Galaxia.

CARLOS DURÁN

TEOLOXÍA E SOCIEDADE, por Andrés T. Queiruga [1]

Motivos editoriáis mancaron o títduo, máis axeitado, que o autor tiña previsto para esta obra: TEOLOXÍA E SOCIEDADE EN GALICIA. E quero resaltar ésto por corresponder, primeiro, ao seu verdadeiro contido; e, segundo, por tratárese dun autor que afronta esta tarefa dende unha perspectiva persoal na que a concencia galega é pauta sustancial da sua dimensión, latexar atento do seu tecer. Nada máis lonxe, pois, do aterrizaxe "temporeiro" na area do seica barulleiro problema galego; e sí, certamente, a expresión dunha liña

[1] SEPT, 1974.

de conducta; coido que esta impresión será a primeira do leitor. E neste senso, unha obra así, que corresponde a un climax persoal e ambiental, ven ser unha meta e un comenzo. Meta, porque realiza e cristaliza as fasquías teóricas de moitas ilusións, de moitos esforzos con moitos máis fracasos, sin dúbida, pero tamén de moitas espranzas. ¡Penso, por exemplo, no que dirían tantos homes cristiáns fondamente galegos que tanto sufriron unha Eirexa alleada durante tantas xeneracións! Comenzo, porque senta unhas bases teóricas, e que corresponden tamén a unha iniciada praxis real, dun futuro aberto e alentador, para os cristiáns que sinten a súa comunidade de fe, como para os non cristiáns que a valoran.

O autor, conocedor coma poucos das idas e vidas da Teoloxía actual, e testigo de escepción das tamén idas e vidas da realidade eclesial galega, acada unha síntesis tan rica en matices e perspectivas, que resulta imposible recensionalas nun par de coartelas, sin o risco de mancalas fora do seu abondoso e amplo panorama.

Limitaréime a invitar ao leitor, interesado polo tema, a dexergar por el mesmo esta fontenla de reflexións, xa no capítulo da panorámica da Teoloxía actual, como no do análisis da situación en relación á realidade galega, ou no que se apuntan as tarefas concretas. E tal vez para un cristián, coma min mesmo, resulte particularmente emocionante o bater fresco e puro do clamor evanxélico das derradeiras páxinas. O bater da Boa Nova da que "Sí, cada vez aparecen máis claras as súas esixencias de *desabsolutización*, que se opoñen a que ningunha situación se considere definitiva, pechando os ollos ás opresións sempre presentes nun determinado estado de cousas..." Os probes, recordábao hai Pouco Helder Cámara, oprimidos e marxinados, son os únicos capaces de evanxelizar o mundo por estar sedentos e non satisfeitos coa xusticia; e Galicia, e a maior parte da súa xente, é un clamor de xusticia. ¿Chegará a convertirse a Eirexa galega ao Evanxelio dos probes, o de Xesús de Nazaret o crucificado, non o outro? Entón tería unha "Palabra" que anunciar. Do contrario, como sinala o autor: "As incitacións, as chamadas, os movimentos non se miden coa Palabra de Deus e as necesidades do pobo, sinón que son etiquetas como patrimonio dun grupo ou tendencia determinados, e, como tais, defendidos e atacados. Entón a enerxía da que tan necesitada anda o servicio do Evanxelio pérdese miserablemente en disputas "clericáis", en intrigas de partido, ou en ostracismos oficiáis. Os resultados págaos sempre a Eirexa e o pobo".

Este libro é un motivo máis, para esperar que non sexa así. E eu quero facelo constar.

XOSÉ M. R. PAMPÍN.

O "NOBILIARIO" DO CONDE DE BARCELOS

Os "Bibliófilos Gallegos" tiveron a feliz idea de editar o famoso *Nobiliario* de don Pedro, Conde de Barcelos; é decir, o *Livro das Linhagens*, escrito polo quezáis máis amado dos fillos bastardos do rei poeta e construtor, "El Rei Lavrador", Don Denís de Portugal [1]. Foron moitos os bastardos do rei, e deles, nove, "o sempre namorado don Denís", deullos a criar á súa esposa, a Raíña Santa, a "Rainha" por escelencia.

En Santiago, perto de Fonseca e paralela á Rua do Vilar, hai unha rua que se chama así, "da Raíña", nunha de cuias tabernas eu bebía, algunhas tardes, unhas cuncas de ribeiro tinto; curtas tardes de inverno, e ao saír da tasca, na fría, venteada, estreita rua, preguntábame cómo era posible que xa nin un poeta mozo coma min, que andaba estrenando na súa boca cancións

[1] "Nobiliario de D. Pedro Conde de Bracelos hijo del rey D. Dionis de Portugal. Ordenado y ilustrado con notas y indices por Ivan Bavtista Lavaña Coronista Mayor del Reyno de Portugal". Edición facsímile, con Introducción de J. Filgueira Valverde. Editorial de los Bibliófilos Gallegos. Santiago, 1974.

de amor e de amigo, reconocese no ar vespertino o recendo co que veu arrecendente dende Portugal a Compostela a Serenísima Señora dona Isabel, "a dama viuda", que na rua "da Raíña" morou. A nai do bastardo de Barcelos era unha tal dona Gracia, da que pouco ou nada se sabe. O rei Denís cazaríaa nunha daquelas primaveras nas que se lle puña a ferver o sangue, pedía cabalo e saía a agallopar. Veleiquí o que el mesmo cantaba:

> Vede a fror do piñeiro / valla Deus! / Ensillade o baiociño / e dispoñede de andar!

Don Denís foi un dos máis fecundos poetas nosos, na hora mesma na que desaparecen os grandes troveiros dos Cancioneiros, cos avelaneiros froridos e as cervas, as ondas do mar e as pastoras "ben ensinhadas". Pero de don Denís son algunhas das máis belidas "cantigas de alba", como a 172 do Cancioneiro da Vaticana, a amiga perseguindo polo campo as súas delgadas camisas, que ten lavado, posto a secar, e agora o vento, súpeto e irado, esparéxeas: "o vento llas desvía / meteuse alba en ira / en o alto!".

Ás veces, o rei namorado quere facernos conocer que sabe o oficio de troveiro; mais non son as súas horas millores aquelas nas que nos anuncia que quere "en maneira de proenzal", ao xeito provenzal, facer agora un cantar de amor. Pero deixemos ao rei e vaiamos ao bastardo.

O rei fixo rico ao fillo, deulle tíduos, casouno ben duas veces. Don Pedro, morto o pai, terá problemas co seu irmanastro o rei, e coa súa segunda muller, unha aragonesa. E de diñeiro. Escribíu cantigas de escarño e de mal dicer. Tiña a lingua afiada. Parece seguro que compilóu o "Cancioneiro" que leva o seu nome, i é autor da chamada *Crónica General* do 1344. Pero, diranos o profesor Filgueira Valverde na introducción a esta edición do *Nobiliario* ou *Livro de Linhagens*, foi esta obra a que lle ten dado sona a Barcelos. O propio autor infórmanos que se dispón a contar a liñaxe dos bos fillosdalgo de Portugal, dos que deben "armas e criar e andar á guerra na compaña do rei de Portugal".

Medio milleiro de liñaxes estuda don Pedro, cunhas duas mil cincocentas noticias de persoas. Pero destas persoas conta don Pedro con verdade e liberdade. "Non é un apoloxético de reis nin de dinastías", diranos Filgueira Valverde, quen engade: "Crudamente relata, en poucas e moi espresivas palabras, crimes de magnates, treicións de señores, acceso de plebeios á nobleza... Hai páxinas increibles... Unha palabra abonda pra descobrir un incesto".

Además, o *Nobiliario* é un saco de historias, dende a do rei Lear á sirea dos Mariños, dende a Raíña Pé de Cabra ate dona Estefanía a desditada. "Sin dúbida, aínda a traveso desta serodia refundición da edición de Roma do 1640, teredes podido achegarvos ao esprito da Edade Media". Xa o suliñóu o gran Herculano no que chama Filgueira "un eloxio romántico": "Nas súas páxinas síntese vivir a Edade Media, escóitase a anécdota cortesá, de amor, de venganza ou de luxuria, como a contaban escudeiros e paxes polas salas de armas, e as lendas, como corrían de boca en boca, narradas polas vellas amas, ao amor do lume, no inverno". E Costa Pimpão, citado por Filgueira, engadirá: "É, en verdade, unha crónica viva da alma da nosa Edade Media".

Este libro do Conde de Barcelos tense citado moito máis que lído. A edición de "Bibliófilos Gallegos" é reproducción facsímile da edición romana de Esteban Paolinio, do ano 1640. O ano da restauración do reino de Portugal. Esta edición foi ordeada e ilustrada con notas e índices —o texto de Barcelos en portugués, as notas en castelán—, por don Xoán Bautista Lavaña, Cronista Maior de Portugal.

Verdadeiramente, nas páxinas do *Nobiliario* está o reino de Portugal, e pra un galego, moita xente con solar na antiga Galicia, dende o Ortegal ao Douro. Páxinas súas lénse coma un "fabliau", e noutras moitas atopamos esas novas que as historias calan, e que foron rumor pasado ás escusas, de amores segredos, de treicións, de violencias por herdos... En fin, o máis sorprendente ¿Quén é quén? en Portugal, Galicia, Castela e León do século XIV.

ÁLVARO CUNQUEIRO.

MEMENTOS DE VIVOS, por Alfredo Conde *

"¿Podemos xa decir que esista hoxe unha narrativa galega?", pergúntase Torrente Ballester no prólogo a este primeiro libro de narracións do poeta Alfredo Conde. E máis adiante, contéstase: "Non embargantes, a novelística galega, como tal, non esiste, aínda".

¿Tén razón o Torrente? Cecais a teña no senso de que esisten novelas, ensaios de novela, en galego, pero non hai un corpo novelístico, unha tradición novelística galega. Pero esta nova narrativa, esta novela esperimental que temos, ¿non é xa indicio da vitalidade da nosa cultura? Ao meu ver o feito de que cada vez se publique máis prosa en galego é do máis espranzador, e máis aínda cando o fan poetas, que, como no caso de Alfredo Conde, traen á narrativa un dominio do idioma que vai deixando os cimentos a escritores futuros mentras vai educando ao mesmo tempo a sensibilidade do leitor galego, afeito até fai ben pouco a ler esclusivamente poesía. Logo a narrativa galega xa esiste.

O galego do Conde é ricaz, ourensán, cunha migalla de hiperenxebrismo no ortografía. Este galego sáelle ao autor da lembranza garimosa do abó (que marca a unidade do libro) e a súa "vitrina chea de forceps, de bisturis, de pinzas...". Estes retallos da memoria van numerados do I ao VI, i entre eles aboian outras narracións ou contos independentes que, nembargantes, dalgún xeito fican vencellados á narración principal na mente do leitor.

Nestes "mementos de vivos" ("O cinguidoiro", "O cagadiño"...) Alfredo Conde luce o seu arte da palabra: esterrícaa i encóllea na frase asegún lle queira zugar espresión, esperimenta co sonido, como compre nun poeta, e chega a un xeito de realidá esistencialista abraiante ("O famento"). Os dibuxos de Vázquez Diéguez que ilustran o libro resaltan un certo caráiter surrealista, figurando corpos mutilados ou deformes de mulleres, con moito sangue a xorrar...

A derradeira historia ("O conserxe") é, ao meu ver, a millor. Nela esculca o Conde os resortes sicolóxicos da persoalidade desta especie de home, por desgracia tan abundante no planeta. Trátase do tipo miserábel que todos coñecemos, co fedor a coartel metido na alma, a quen lle acaen tan ben esas funcións de cancerbeiro de sistemas que semellan inventadas pra el: conserxe, porteiro, garda de aparcamento, vendedor de billetes de andén... "Oiga Vd., ahí no se puede. Cada vez que correxía unha infracción cobraba sentido o seu vivir", dinos o Conde. ¡Ben certo é! ¿E il será posíbel endexamais construir un sistema social onde estoupen de insatisfacción estes ratos noxentos? Quén sabe.

Tomado en conxunto o libro é un relato evocador, cheo de ademiración polo vello e de confianza naquel mundo sólido e maravilloso que somente os nenos poden percibir e lembrar, e que se convirte logo na base mais firme da súa persoalidade de homes.

CARLOS DURAN

A POESÍA DE ROSALÍA DE CASTRO

Marina Mayoral publicóu na Biblioteca Románica Hispánica, e cun prólogo de Rafael Lapesa, un amplio traballo sobre a poesía de Rosalía de Castro[1].

Lapesa dícenos que o seu amor a Galicia e a Rosalía non lle non impiden a Marina Mayoral, afondar en aspectos que non responden á imaxe da "san-

* Col. Illa Nova, Galaxia, Vigo, 1974.

[1] MARINA MAYORAL, *La poesía de Rosalía de Castro*. Prólogo de Rafael Lapesa. Biblioteca Románica Hispánica. Editorial Gredos. Madrid, 1974.

tiña", calibrar acertos poéticos e caídas, e tratar de explicarse a qué obedecen os uns e as outras. "Xurde así, dinos Lapesa, unha Rosalía vigorosamente humán, contradictoria, enigmática e muito máis atractiva, que se esforza por crer e nono consigue, síntese víctima do destino e revólvese decontra el, abrázase coa dór e odia aos ditosos; compasiva e chea de resentimentos; intimista e comprometida en poesía social; ás vegadas ilumiadora das máis fondas cavernas da alma, e outras moralista e retórica, con ouro i escorias nos seus versos". Decíndonos esto o mestre Lapesa, quere decir deica que punto comparte a interpretación que Marina Mayoral dá de Rosalía. reproducindo no seu breve prólogo uns fragmentos de conferencias dadas fora de España, deica agora inéditos.

Que o libro de Marina Mayoral marca un fito nos estudos rosalianos, non cabe dúbida algunha. Trátase dunha lectura a fondo, e dunha interpretación da súa obra, atendendo "á radical unidade do autor, e non á diversidade do instrumento lingüístico empregado". Todos os temas rosalianos pasan polo bortel, e veleiquí que temos unha Rosalía, unha muller, un poeta, máis complexa figura, corpo e alma, da que nos fora amosada por intérpretes i estudosos anteriores. Marina Mayoral estuda as sombras, a relixiosidade, "os Tristes", a dór e as penas, a negra sombra "i a sombra tristísima"; o amor, tempo i esperanza, "ladraban contra min", Rosalía moralista, "¡Odio, fillo do inferno!", "Saudade, en busca do ben perdido, a vivencia do absurdo, a natureza, a poesía social, o costumismo, alegría e humor, o complexo de Polícatres, a morte..., son tantos capiduos do traballo da Mayoral, así como outros que se refiren á naturalidade diante do extraordinario, alusións misteriosas, descripcións, a imitación da linguaxe popular, a perspectiva lírica, o tono... Tamén Marina Mayoral estuda as comparacións —entre termos abstractos e concretos, entre persona e ser inanimado, personas con animáis ou vexetáis—, metáforas, o símbolo, reiteracións, contrastes, etc.

A obxetividade do seu estudo, na que Marina Mayoral insiste, non lle non quita apaixoamento. Ao final do traballo— que merecerá sin dúbida moitos comentarios, i en cuia importancia volvemos a insistir— dinos a Mayoral que Rosalía non era fermosa: non soio eso, senón que era fea, e dunha fealdade pouco aristocrática. O autor desta breve nota atopóu sempre unha especial fermosura en Rosalía, pro se non trata agora de discutir a cousa. A fealdade de Rosalía, según Marina Mayoral, "condenóu a súa efixie a un discreto segundo plano, ou a un idealismo absolutamente desrealizador... O seu rostro espritual sofréu un proceso semellante. Asimiláronse a ela os tópicos seculares atribuidos á muller galega, suavidade, dozura, lingua armoniosa e agarimosa... a segunda fase consistíu en prescindir dos rasgos que desentonaban do conxunto: ¿odio en Rosalía?, ¿resentimento?, ¿violencia?, ¿rudeza? ¡Imposible! Soio restaba xa esquencer aquela parte da súa obra que daba testimoño claro e da súa maneira de enfrentarse á realidade. Movidos polo desexo de ofrecer unha imaxe o máis fermosa posible do poeta, chegóuse a enmendar as súas edicións. A segunda de "En las orillas del Sar", sae enmarcada por dous poemas de tono relixioso, un ao comenzo e outro ao final, que non figuraban na edición que publicóu en vida Rosalía. E o tópico foise consolidando".

E remata Marina Mayoral: "Así é Rosalía: máis fea que a imaxe oficial, pro muito máis humán, profunda, entrañable. Nin xiquer, tantas veces, unha muller; soio un ser humán lanzado i enfrentado ao feito de existir: isolado, doorido, desconcertado, desgarrado entre a fe e a dúbida, procurando unha saída, e desesperándose. Intuie altísimas realidades, presinte e acada cimas de serenidade dende as que volve a cair no abismo da dor, do odio, da rebeldía, do rencor e da amargura. Verdadeira e auténtica deica a contradición. Así, e non fermosa, era Rosalía".

S. SEOANE

INTRODUCIÓN AO XÉNESIS, por Xosé Chao Rego[1]

O libro do Señor Chao Rego ten o gran mérito de ser o primeiro traballo serio de introdución aos libros da Biblia, que se fai na lingua de Curros e Rosalía. I excelente axuda pra unha lectura crítica e afondada do primeiro libro da Biblia, coa largura dun libro, que nin quere ser comentario, nin se cingue ás indicacións xeneráis das traducións anotadas da Biblia.

O seu mérito maior está no colleitar unha ringleira de aspectos e notas críticos, que abondan nos comentarios e literatura bíblica de hoxe, e facer de todo este material unha boa guía pra levar ao lector ao coñecemento do pensamento bíblico arredor dunha xeira de pasaxes e temas bíblicos.

Merece unha especial lembranza o feito de comentar a creación do mundo nun sentido de creación da actualidade: Deus non creóu as primeiras cousas, senón que crea estas cousas que temos á vista. Tamén, o insistir na unicidade do home, frente ao noso dualismo teolóxico de costume, de alma e corpo: alude aos tres vocablos hebreos (p. 34-35): *ruah, nefex, basar,* cos que se expresa a realidade da vida do home, fai logo referimento á tradución deraxia ou interpretativa dos LXX e da Vulgata, que é a que deu orixen á teoloxía dicotómica do home, pero non nos presenta as miudanzas semánticas das tres verbas en hebreo[2]. Coido moi axeitado o insistir niste sentido unitario do home, pero pode quedar para o lector que percure nestas lecturas bíblicas máis novedades das xustas, coma unha impresión de que o autor suprime da consideración bíblica do home a alma con todo o que dela todos sabemos: espiritualidade, inmortalidade..., etc. Certo que non é este o senso do autor, con todo, pero que poida ter esta impresión, penso que o pode facer repensar o feito de que os cananeos creían na inmortalidade e vida futura do home, e a revisión crítico-filolóxica do Vello Testamento vai polo camiño dun reafirmar a inmortalidade e a resurreción do home despóis da morte.

Atopo a falta dun desenrolo paralelo ao do pecado orixinal no tema da fé de Abraham: o autor insiste no xeito salvífico que teñen pra o autor sagrado as unidades negativas de queda e pecado en desenrolo, pero ao chegar a estas unidades netamente salvíficas esquéncese do que antes nos dixo e deixa a un lado aspectos salvíficos fundamentáis.

Como puntos negativos noto unha forte percura polo aspecto crítico-histórico, que chega a pór toda a historia no segundo milenio antes de Cristo sen máis precisións, cousa que creo moi hipercrítica e moi pouco axeitada pra un libro de divulgación; cando menos debéranos presentar as opinións de algúns especialistas.

Este xeito de hipercriticismo histórico é o que lle estorba ao autor pra presentar o libro nunha perspectiva máis longa de libro inspirado cara a plenitude de revelación no Novo Testamento. Cecáis esta perspectiva poida parecer pouco crítica, pero no fondo é a única que lle pode interesar a un cristián, e a que xustifica o interés dos cristiáns polo Vello Testamento.

Ao falar do mito, nas pp. 15 e 16, mantense o autor nunha postura tamén negativa: certo que os axiógrafos purifican os mitos ambientáis liberándoos do politeismo que levaban dentro, pero é ben certo que os retén e que son pra eles a única forma posíbel de espor realidades, de outro xeito imposíbeles de expresar. Outro dos espallos bíblicos cos mitos e o espallo do culto da fertilidade, no que tiña a súa función creadora: o mito no culto era a forma de asegurar a continuación do ciclo natural da vexetación e da vida. O autor sagrado arrinca os mitos deste contexto e inxértaos na historia da acción de Deus: Deus fíxoo, faino, e seguirao facendo; deste xeito o mito cobra a súa actualidade no proceso salvífico, no hoxe noso e na escatoloxía futura.

É verdade que aos eséxetas non lles gosta moito esta verba, pero a razón

---

[1] Colección "Xeira Nova". Editorial SEPT. 1974. Santiago.

[2] Véxase: M. Dahood, Psalms III, II. Garden City. New York, 1970, pp. XLII ss. A xustificación crítica desta visión novedosa atópase espallada, ciquí e alá, nos tres volumes do comentario aos Salmos do grande filólogo americán.

é o senso cativo e inxusto de falsedade, que o vocablo trai dende o século pasado. O senso que hoxe se lle dá á palabra mito non quer decir falsedade ou mentira, senón unha forma concreta de decir unha verdade moi afincada na sicoloxía e relixiosidade profunda do home e que este intuie i esprime nun relato [3].

Advírtese no libro do señor Chao Rego que a parte sobor do pecado orixinal ven ser excursus demáis, de xeito que o cinguimento co texto bíblico *case non esiste; aconsellaríalle que ollase o relato bíblico sobor do que é o* pecado (que de outro xeito, foi a visión máis tradicional na predicación de anos atrás), como a intuición profunda mítica encol do que é o pecado visto dende o home: a desconfianza do home cara o benquerer de Deus; a lei moral non é apercibida polo home coma un sinal e proba do amor de Deus, que lle indica o camiño da súa felicidade, senón que esta felicidade vea o home no que a el lle parece máis seguro e máis directo. Esta mesma é a idea fonda do pecado que se advirte en todo o encadeamento de pecados que o libro do Xénesis fai seguir ao primeiro pecado. Baixo este punto de mira mítico a felicidade paradísiaca preséntase como a aspiración profunda do home a ver a súa felicidade libre das angurias que nesta vida a cinguen e a afogan: a morte, a door, e a falta de trato familiar con Deus (o Deus que nos está lonxe). Se non fora co mito ningún xudéu podía falar de Deus deste xeito: a Deus non se lle pode ver a cara e seguir vivindo (Is. 45, 15; I Tim. 6, 16; 1, 17; I Xo. 4, 12...).

Algunha que outra inesactitude advírtese no libro, pero hai unha que é xusto que a fagamos notar: confunde o autor a fonte D coa fonte Dtr. A fonte D é do século VIII e temos referencias a ela en II Reis 22-23. Comprende estes escritos: Deut 4, 44-26, 19; 28, 1-44, que ven do reino do Norte, e cando chega ás maus de Xosías i é convertido no programa da súa reforma relixiosa, ano 622; xa o reino do Norte non esiste como tal reino, é soio a provincia Samerina dos asirios. Despóis desta data é cando se forma a escola deuteronomista (Dtr) que abraza todo o período do esilio no século VI. Hai que decir a favor do noso amigo Chao, que a confusión non é solo del, senón que se encontra en libros traducidos de linguas estranxeiras i en libros de moito prestixio.

FRANCISCO PÉREZ SANTALICES

[3] Vexáse: Enciclopedia de la Biblia V. 1965, Barcelona, os artigos "Sentido Mítico" e "Mito"; Mircea Eliade, Traité d'Histoire des Religions, 1964, París, e Mythes, Rêves et Mystéres, 1957, París (hai dos dous libros tradución castelán).

MAIS ACTOS CONMEMORATIVOS DO XXV ANIVERSARIO DA MORTE DE CASTELAO

Además dos actos que reseñamos no noso número anterior, damos hoxe noticia de algúns máis que chegaron a realizarse, xa que non todolos programados se poideron levar a cabo. Sin dúbida que a noticia que damos é incompleta, por falta da información necesaria para podéremos incluir todolos celebrados.

Compre sinalar os organizados en Barcelona polo Departamento de Cultura Galega da "Asociación de Amigos de las Naciones Unidas", nos que además dunha exposición de dibuxos de Castelao e dunha conferencia do escritor catalán Félix Cucurull, o poeta Manuel María pronunciou duas conferencias e deu un recital poético. Tamén en Barcelona, o "Centro Gallego" organizóu unha exposición bibliográfica de Castelao e outra das estampas do album "Nós", unha conferencia de R. Piñeiro, un recital de poemas e cancións baixo a dirección de Xosé M. Río e, como remate, unha mesa redonda a cárrego de Blanco Amor, Ricard Salvat, Basilio Losada e máis Xosé Luis Vázquez Sotelo como moderador.

Además destes actos barceloneses, outros semellantes tiveron lugar na sociedade "Meigas e Trasgos" de Sarria, na "Ciudad de los Muchachos" de Bemposta, no Centro Cultural de Lalín, no Centro Gallego de Baracaldo, no Instituto de Carballo e noutras entidades culturáis de dentro e de fora de Galicia.

Simultáneamente coa aparición do número 47 de "Grial", íntegramente dedicado a Castelao, apareceu tamén un *Suplemento* de "Cuadernos para el Diálogo" —o número 58— igualmente consagrado ao gran rianxeiro. E, máis recentemente, apareceu a "Antoloxía" popular patrocinada polo Ateneo de Ourense.

LUGO BIMILENARIA

Recentemente, Narciso Peinado falóu das súas precaucións por fixar documentalmente a data da formación da cidade de Lugo por Octavio César Augusto. A guerra contra cántabros, astures e vacceos, que tería comezado o 29 a. de C., foi dirixida persoalmente por Augusto nos anos 26 e 25. Peinado teima en que se atopa documentada a presencia de Augusto na Hispania neses anos, dirixindo as operacións bélicas "en toda a liña dende Burgos a Tui".

O coartel imperial andivo a se desprazar dende Sasamón a Astorga, e deste lugar "probablemente deica Lugo, onde sobre do seu castro botóu Augusto os cimentos da futura urbe, capital que había ser do Conventus Juridicus Lucensis, coa edificación da primeira *urbe cuadrata*, xa documentada polo profesor García Bellido". Despóis do 25 a. de C., considérase a Hispania pacificada, e Augusto regresa a Roma. Esta é a data da fundación das "civitae" Emérita Augusta, Astúrica Augusta, Brácara Augusta e Lucus Augusta. "Nin antes, nin despóis", afirma Peinado. Esta é a data, sin dúbida, e, polo tanto, neste ano 1975 pode Lugo celebrar os dous mil anos da sua fundación. É decir, no 1975 podemos celebrar os galegos a romanización de Galicia, un dos ingredentes esenciáis —abonda sumar a lingua— do galego.

Antre os séculos XI e XII pódese

decir que esto que chamamos agora o galego, éstes que arestora nos chamamos galegos, quedamos feitos en ben tres longas cartas partes. Pero, o incorporado á nosa peripecia persoal no 25 a. de C. é de escecional entidade, e por elo hai que pensar que toda Galicia —a provincia romana dende a Estaca de Bares deica o Douro— ten de asistir ás festas que os lugueses van celebrar co gallo do bimilenario da sua urbe, tan alta centinela, tan podentemente amurada.

Na ocasión, moitos han facer o inventario román de Galicia, dende as pedras que recibiron as letras latinas deica as vías e o romance. Todo o román galego será contado, medido e pesado, i esquecidos os días de guerra, a ferocidade e a dureza colonizadora, poderemos, con boa conciencia, facer o que o lucense Peinado suxire: erguer en Lugo un Monumento a Augusto, "frente ao Capitolio lugués, cuia torre ostenta un perfil tan somellante ao román". E unha vez ergueito o monumento, télo ben coidado, e acudir con algunha frecuencia a saudar a Octavio César Augusto.

O importante é contribuir todos ao bimilenario da fundación de Lugo, e por ende da romanización de Galicia, nesta primavera do 1975.

C.

A CULTURA GALEGA EN CUBA

O día 15 do mes de nadal do 1969 creóuse na Habana a "Sección galega do Instituto de Literatura e Lingüística da Academia de Ciencias de Cuba", dirixida dende entón polo escritor Xosé Neira Vilas. Ao encetar as súas actividades fixo públicos os seus postulados, que mantén e son os seguintes:

1.— Acrecentar a Biblioteca Galega con obras de interés galego de procedencia diversa: entidadas galegas que foron esmorecendo; donacións voluntarias de coleccións particulares de residentes galegos ou dos seus descendentes; materiáis de contido galego esistentes noutras bibliotecas oficiáis; obtención dos libros que se editen en Galicia e noutras partes.

2.— Asesorar aos estudantes de Letras das Universidades cubanas que así o requiran, e aos estudantes de Lingua portuguesa dos Institutos de Idiomas, nas tareas de pescuda literaria e lingüística.

3.— Esparexar a cultura galega meiante: esposicións de libros e de artes plásticas; colaboración en revistas culturáis cubanas i en emisións de radio e televisión; programación de ciclos de conferencias sobre temas de Galicia, etc.

4.— Promover a investigación literaria relacionada con autores galegos que teñan realizado, total ou parcialmente, a súa obra en Cuba, así como a pescuda lingüística arredor dos influxos da lingua galega na fala de Cuba, de xeito especial naquelas zonas onde tradicionalmente existiron, ou aínda existen, núcleos importantes de residentes galegos.

5.— Manter contacto con entidades semellantes da Europa e América e con intelectuáis galegos interesados nestes problemas.

Estes postulados viñéronse cumplindo cabalmente. En apenas seis anos de laboura multiplicouse o quefacer alén do previsto. Traballóuse a eito na catalogación de libros e publicacións periódicas. Déronse moitas conferencias. Fixéronse esposicións de diverso orde. Completóuse o índice de publicacións galegas de Cuba. E realizáronse dez pescudas encol da obra dos galegos na illa e das obras e libros alí efeituadas ou publicados.

PRESENCIA DE GALICIA EN MADRID

Inauguróuse en Madrid a esposición "Presencia de Galicia", deica agora a máis importante mostra de cultura galega alí celebrada. A esposición, que ten por escenario a nova galería de arte Sargadelos, foi orgaizada polo Laboratorio de Formas de Galicia, coa colaboración do Arquivo do Reino de Galicia, Universidade de Santiago. Academia Galega, Fundación Penzol, Instituto P. Sarmiento e outras entidades e particulares.

En vinte vitrinas e nas paredes da Galería ofrécese ao público unha visión dos diferentes aspectos da cultura histórica do país e da sua realidade ac-

tual: Obxetos prehistóricos e libros que estudan este tema. Libros, facsímiles, documentos e fotografías da obra literaria e artística da Edade Media; unha eshibición ricaz do nacimento da imprenta en Galicia, mostras espresivas da época barroca, e a produción dos ilustrados galegos; representación do modernismo, do fenómeno Castelao, da xeneración "Nós" e do Seminario de Estudos Galegos; as publicacións galegas realizadas en América e as producidas en Galicia dende o ano 50.

A esposición que outivo un sonado éxito, completóuse cunha serie de conferencias sobre da nosa cultura, na que participaron Ramón Piñeiro, García-Sabell, Rof Carballo, Rafael Dieste i Eduardo Blanco-Amor.

TORRENTE BALLESTER, ACADÉMICO DA ESPAÑOLA

A figura de Torrente Ballester é ben conocida nos eidos das letras españolas. Pero tamén no ambente galego, onde durante os derradeiros anos fixo unha labor viva i eficaz. A súa carreira literaria tense movido dende sempre nunha triple vertente: a crítica e o ensaio, o teatro e a novela. No primeiro campo ten publicado *Panorama de la literatura española contemporánea, Teatro español contemporáneo* e *Siete ensayos*. Como dramaturgo destaca, antre outras, a súa primeira obra, *El viaje del joven Tobías*. E na novela, *Farruqiño*, a trilogía: "*El señor llega*", "*Donde la vuelta el aire, La Pascua triste*, a tiduada *Don Juan*, e, sobre todo, *La saga-fuga de J. B.*, unha das narracións máis vigorosas e intelixentes do noso tempo.

Por todos estes merecementos e por moitos máis, Torrente Ballester accede agora a un sillón de numerario na Academia Española. Como galegos celebramos este reconocemento oficial que se lle fai ao escritor ferrolano. Sobre todo, porque Torrente Ballester é un sentidor das esencias do seu país, reflexadas en moitas das súas obras. E dun xeito particular, porque non escusa a súa devoción pola lingua e a cultura da súa terra orixinaria. Delo deu proba recente no limiar que lle puxo ao libro de Alfredo Conde *Mementos de vivos*, e no agudo ensaio que encol de *Un ollo de vidro* publicóu no derradeiro número de "Grial" adicado a Castelao.

O TEATRO GALEGO, HOXE

A Agrupación Cultural "O Facho" organizóu na Coruña, con este tíduo, un interesante ciclo adicado á creación dramática na nosa língua. Varios conferenciantes das xeneracións novas trataron o tema do teatro galego actual dende diferentes ángulos. Celebróuse tamén unha mesa redonda encol do tema, na que participaron Rafael Dieste, Mariñas del Valle, Antonio Concheiro e Manuel Lorenzo.

Tamén se fixeron diversas representacións teatráis, antre as que figuraron: *Zardigot*, de Euloxio Ruibal, *O mendiño e o can morto*, de Bertolt Brecht, *O cantar dos cantares ou Galicia* 1948, de Eduardo Blanco-Amor, e *A noite vai como un río*, de Álvaro Cunqueiro

Os actos celebráronse na Sala de Exposicións da Casa da Cultura e no teatro da Caixa de Aforros.

O CLIMA E A PAISAXE GALEGOS

Encol deste tema ten publicado o ilustre botánico D. Francisco Bellot un interesante estudo. Veleiquí o que escribe sobre del:

Hoxe admítese na Ecoloxía humá que cada clima tende a producir efeitos psíquicos propios, innatos, nos naturáis dunha rexión, inda que non sempre esta acción é aparente. Noustante, en Galicia maniféstase dun xeito evidente onde a paisaxe, chea de matices verdes, é a resultante dunha abondosidade de precipitacións con ceo bretemoso, que son a causa, co pouco estremoso das temperaturas, desa plenitude de vida vexetal que dá xeito e fai cambeante á paisaxe galega.

Por eso non é de estrañar que a hipersensible Rosalía amosase na sua produción poética toda unha gama de fenómenos meteorolóxicos, co feitizo que só ela sabía poñer.

Cinco son as paisaxes vexetáis de Galicia, que corresponden a grandes

rasgos a outros tantos tipos de clima.

O máis característico, propio dos fondos de val e altitudes medias de 500 a 1.000 metros non alonxados demáis da costa, está representado polas carballeiras e a abidueira.

Outra paisaxe considerada típica en Galicia, pero que na realidade nono é, é a dos piñeiráis que corresponde a un tipo de clima que beirea sensiblemente a costa, deica altitudes non superiores aos 500 metros con vrans máis quentes e invernos temperados, ás veces con sequedade estival moi apreciable. É a paisaxe, por non citar máis exemplos, de Bergantiños, a que inspiróu a Pondal a súa "Queixa amorosa", tan primitiva, rouca, salvaxe, pero que tan maxitralmente describe o poeta de Ponteceso. Paisaxe pechada e sombriza no inverno, onde son temerosos os encontros pra as "rapazas gaiteiras" que se alonxan da aldea, tan medoñentas que o poeta quere tranquilizalas.

Pero a paisaxe que ocupa meirande estensión é o breixo, que mancha case o trinta por cento da superficie galega, chegando deica os 1.300 metros de altitude máis ou menos. É unha paisaxe sombriza, neboenta, na que o vento, ceibe de obstáculos, corre veloz a facela máis aspra. Forma os lombos e os cumes de case toda Galicia.

Menor estensión ocupa o chamado clima de montaña, porque Galicia non ten grandes zonas con altitudes superiores aos 1.200-1.300 metros. A este clima corresponde a paisaxe montaña típica. Paisaxes de lendas, onde aínda persiste nalgunha aldea o culto á aurora e ao lume. Esta paisaxe de montaña corresponde ao clima de longos e fríos invernos, non tanto polo descenso da temperatura como pola sensación de friaxe, pois non hai que esquecer que estamos nun clima temperado.

Queda algo por decir da paisaxe ridente de Galicia, de clima asollado, quente e seco no vran. Na súa paisaxe, cabo dos piñeiros, medra abondosamento o sobreiro; nos vales meridionáis da provincia de Ourense, e nalgunhas rexións do sur de Lugo, nas ladeiras que miran ao sur, asoman tímidas, típicas prantas mediterráneas. Esta paisaxe é a dos cultivos da vid, como ocurre no Ribeiro, Larouco, Valdeorras, onde a laboriosidade dos paisanos amósase nos espléndidos viñedos, que gracias a prosperar en zonas onde a media das temperaturas é superior aos 25 grados, permite o madurecimento da uva, dando deliciosos caldos suaves...

NOTAS

NO MES de xulio que ven, coincidindo coas festas maiores de Compostela, abrirase ao público nesta cidade unha exposición-homenaxe adicada a Castelao no vintecinco cabodano do seu pasamento. A exposición terá como marco o "Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento", organizador da mesma. Figurarán nela dibuxos, ensaios e óleos do autor de *Cousas*, así como recordos personáis cedidos pola súa irmá Xosefina pra esta mostra.

O NORTEAMERICANO Jack Kerouac ten sido o persoeiro da xeneración "beat", nos fíns da década do corenta e comezos da seguinte. Derradeiramente publicouse *Visións of Cody*, escrito antre 1951 e 1952, despóis da súa esparexida obra *On the Road*, que soio se conocía parcialmente. Un crítico do Suplemento do "Times", de Londres, dí que *Visións of Cody* é un epítafio e unha celebración rapsódica do mundo "beat" norteamericano. Na introdución, Allen Ginsberg proclama a Kerouac como un profeta do conocimento psicodélico que se manifesta case dúas décadas máis tarde.

A REVISTA "Signos", do Consello Nacional de Cultura de Cuba, dirixida polo escritor, poeta e investigador folklórico Samuel Feijóo, publicóu un número —o de xaneiro-abril 1974— adicado ao refraneiro universal. Inxírinse nel refráns dos cinco continentes, antre eles os de Galicia. O noso país está moi axeitadamente representado con cincoenta e nove refráns, en versión bilingüe. Compilounos e traduciunos o escritor galego Xosé Neira Vilas. A edición da revista ten máis de duascentas páxinas. Como subtíduo nesta ocasión leva o de "El saber de Juan sin nada".

GUNNAR Ekelöf (1907-1968) está considerado como o máis orixinal poeta sueco deste século. Recentemente editóu Gallimard, en París, *Diwan sur le prince d'Emgion*, que lle foi literalmente ditada en Estambul, unha noite de marzo do 1965. O héroe e autor fic-

ticio é un príncipe armenio-curdo do século XI, que foi feito prisioneiro e cegado polos bizantinos. Atribúenselle vintenove poemas, e outros tantos son lendas e trenos que espresan a súa disgracia. Na súa prisión o príncipe invoca a unha virxe que non é a virxe cristiá, sinón a Gran Nai Virxe do Oriente cercán, cuios fillos son todos os homes.

A ASOCIACION do corpo de topógrafos ven de reeditar o Mapa de Galicia de Fontán. A edición consta de 565 exemplares numerados, cun prólogo de don Ramón Otero Pedrayo e 16 follas. Este mapa foi obra de don Domingo Fontán, catedrático de "matemáticas sublimes" na Universidade de Santiago e membro da Real Academia da Historia, quen a realizóu percorrendo Galicia a cabalo polos camiños, xa que no 1834 —ano da sua realización— as carreteiras non existían na nosa terra. A primeira edición fíxose en París no 1845. Nesta Carta xeométrica, Galicia aparece dividida en partidos xudiciáis ou alcaldías maiores, además de sinalar numerosas eirexas e pobos, algúns deles conservando o topónimo orixinal i escritos a pluma polo autor.

CO TÍDUO *Os oito pecados capitáis da nosa civilización* publicóu Konrad Lorenz, Premio Nobel de Meiciña, xunto con outros dous homes de ciencia, un libro no que se sinalan as amenazas que se cernen sobre da humanidade. O menos grave deses pecados constitúeno —según el— as armas nucleares, mentras que a superpoboación, que provoca a agresión, a devastación do meio ambente, a competición desenfrenada, o apoltroamento, consecuencia do progreso, a degradación xenética, por falla de toda selección, a rotura da tradición e crecente receitividade da humanidade ao adoutriñamento dos "mass media", van preparando de a pouco e fondamente males quezáis irreparables.

ORGAIZADO pola Universidade, celebrouse en Santiago un concerto de música de Edade Meia, interpretada polo conxunto "Atrium Musicae". Antre as composicións máis xustamente interpretadas, figuraron as cantigas de Martín Códax, as de Santa María de Alfonso o Sabio e algunhas pezas do Códex Calixtinus. Foi un interesante concerto. E, por outra banda, un verdadeiro estreno en Galicia, xa que foi a primeira vez que se interpretaron, dende hai séculos, pezas como as que se ofreceron na audición de "Atrium Musicae".

AS OBRAS de Henry James, que foron medrando no plano internacional gracias á súa tradución —lenta noustante— a outros idiomas, veñen sendo ouxeto de estudios arreo. Tres libros apareceron recentemente sobre deste autor norteamericano, de longa residencia na Gran Bretaña: *The Air of Reality*, de John Goode, quen axuntóu ensaios de diversos autores: *Workable Design. Action and situation in the Fiction of Henry James;* e *Henry James and the Occult*, de Martha Banta.

NA CASA da Cultural da Coruña, e orgaizada pola Agrupación "O Facho", eelcbróuse unha "Mostra de comic galego". Durante o acto de clausura fíxose a presentación do libro *2 Viaxes*, de Reimundo Patiño e Xaquín Marín, no que figuran os dous primeiros comics galegos publicados en España; e a seguido tivo lugar unha Mesa redonda coa intervención de varios participantes, que se ocupóu das orixes do comic, do por qué dun comic galego, da importancia déste, e da oportunidade dunha mostra itinerante do mesmo.

FINOUSE en México Bosch Gimpera, primeirísima figura das ciencias prehistóricas, e fundador da chamada "Escola catalana de arqueoloxía". Persoalidade de prestixio internacional, exercía como profesor da Universidade Autónoma de México e da Escola Nacional de Antropoloxía da Universidade dende hai abondos anos. Autor de ducias e ducias de traballos e libros, a derradeira obra que deixóu escrita foi a tiduada *Las raíces de Europa. Una aproximación a la Prehistoria europea.*

VENSE publicando dende hai meses, con rigurosa puntualidade, a revista infantil e xuvenil *Vagalume*. A súa finalidade é doble, según se esplicaba na presentación editorial do primeiro número: Como ferramenta educativa pra os educadores, ten seicións de historia, xeografía, ciencias naturáis, matemáticas. Pra aguilloar aos nenos inclúe temas de iniciación literaria, contos, historietas educativas e moreas de dibuxos. Coa presencia de *Vagalume*, os mestres i educadores galegos comezan a dispoñer dun axeitado material didáctico pra o ensino da língua e da cultura nosas.

NO DIA DAS LETRAS GALEGAS

A festa das nosas letras —na súa décimoterceira edición: esta vez adicada, como se sabe, ao renacentista galego Xoan Pintos Villar— celebróuse arredor do 17 de maio; como acontece cada ano respecto do anterior, con intensidade e interés decote anovados e amedrados.

Concursos literarios, conferencias, recitáis, mesas redondas de discusión, esposición e venda de libros mesmo polas rúas adiante, páxinas na prensa, espacios na televisión e na radio, representacións de teatro, discursos académicos, veladas escolares... faise imposible dar noticia comprida da chea de actos culturáis que son convocados ao engado desta data, resulta irrealizable a relación de entidades e localidades onde tiveron eles lugar, e non digamos xa a nómina de persoas que os teñen protagonizado.

Ben sabemos que non fallan negativas e as incomprensións son aínda desmedidamente grandes. Mais, tal e como vai o lerio, que diría calisquera paisán, o non festexar as Letras Galegas vai camiño de se convertir en signo acreditativo de teimuda antigaleguidade. Esto polo menos.

CONCURSOS LITERARIOS

O día 17 de maio, según se tiña previsto nas bases correspondientes, fixéronse públicos os fallos de diversos concursos literarios en lingua galega. Eis a información que temos arrecadado verbo dos máis sonados.

O de Editorial Galaxia

Foi convocado con motivo de se cumpliren 25 anos da fundación desta editora.

Na súa modalidade de novela foille otorgado o premio —200.000 pesetas— por unanimidade do xurado que compoñían don Gonzalo Torrente Ballester como presidente, don Alvaro Cunqueiro, don Celestino Fernández de la Vega, don Basilio Losada Castro e don Xavier Carro como vocáis, á obra tiduada *Xoguetes pra un tempo prohibido* da que resultóu autor Carlos Casares. Este mesmo xurado recomenda a edición da obra *No Cadeixo,* que firma Paco Martín.

Na modalidade de teatro, o xurado composto por don Ricardo Carballo Calero como presidente, don Rafael Dieste, don Fernando Pérez Barreiro, don Víctor F. Freijanes e don Lois Alvarez Pousa como vocáis entendéu que "aínda esistindo obras das que se someteron á súa consideración que reúnen acertos estimables de xogo dramático e de execución literaria, ningunha acada a plenitude que parece desexada pra ser galardonada cun premio da significación do convocado", e decidíu deixar o premio deserto.

Na modalidade de ensaio sobre a lingua galega, o xurado que estivo formado por don Ricardo Carballo Calero como presidente, don José Luis Pensado Tomé e don Ramón Martínez López como vocáis, non otorgóu o premio correspondiente por considerar que a obra presentada non se axusta ás bases establecidas. Noustante, recomenda a edición do estudo tiduado *Algunhas suxerencias pra a normalización da lingua galega como lingua de cultura.*

E na modalidade de ensaio sobor dun tema en relación coa sociedade galega, o xurado que se compuxo con don Xosé Manuel Beiras como presidente, don Antonio Meijide Pardo, don Xaime García Lombardero, doña María Teresa Barro e don Xosé Manteiga Pedrares como vocáis, decraróu o premio deserto, recomendando a edición da obra *Estrutura de colonialismo interior no sistema de ensino primario en Galicia,* da que é autor Xosé Pérez Vilariño.

O de contos infantís "O Facho"

Na súa oitava convocatoria xa, foi fallado por un xurado que integraban don Marino Dónega Rozas como presidente, dona Pilar Rodríguez Varela, don Ramón Fraga García, don Xosé Fernández Ferreiro e don Xosé L. Rodríguez Pardo, e resultaron premiados: na modalidade *pra nenos,* con 12.000 pesetas o conto *O cataventos* de M.ª Victoria Moreno Márquez, con 6.000 pesetas o conto *O cabaliño que fuxira do curro* de Eliseo Alonso, con 4.000 pesetas o conto *A estrela e a frol* de Xavier Rodríguez Barrio, e con mención honorífica os contos *O enano e o xigante* de Félix Vergara Vilariño, *Anduriña branca* de Xosé Dono Iglesias, *O castelo das tres adiviñanzas* de Xosé A. Martínez Oca, *O conto das miñas pitas* de Ana María Fernández Martínez e *O Roxón* de Roberto Blanco Valdés; na modalidade *de nenos,* de dez a quince anos, con 2.000 pesetas o conto *A estreliña no mar* de Carlos Canosa Lorenzo, e de menos de dez anos, o conto *As aventuras de Xoán, Miguel e Marcos, os tres curmáns* de Marcos Arias Castaño, con mencións honoríficas pra a Escola de Muxía, Graduada de Sárdoma en Vigo e o colexio Ponte do Pasaxe na Cruña.

O de teatro "Abrente"

Convocado por terceira vez. Fallóuno un xurado que integraban don Carlos Casares, Manuel Lourenzo, Alves Costa, Xoaquín García Ramos e Xosé Vilas Nogueira, otorgándolle o premio —40.000 pesetas— á obra *O cabodano* da que resultóu autor Euloxio Rodríguez Ruibal e concedéndolle mención honorífica a *A revolución de* 1846.

O da Universidade de Compostela

Pra o estudo encol de Pintos Villar con motivo de adicarlle este ano o Día das Letras Galegas.

Decraróuse deserto o primeiro premio e adxudicóuselle un accesit —5.000 pesetas— ao traballo *Xohán Manuel Pintos e A gaita galega* do que é autor don Andrés Pouso Díaz.

CARLOS CASARES, PREMIO "GALAXIA" DE NOVELA



O concurso literario que "Galaxia" tiña convocado pra conmemorar os seus vintecinco anos de existencia, tivo como gañador, no premio pra novela, a Carlos Casares. O seu nome é ben conocido de todos. Trátase, como tamén é sabido, dun dos nosos escritores novos con máis obra; dun dos nosos escritores que con máis regularidade veñen servindo ás letras galegas; dun escritor que, aínda en plena mocedade, vai camiño de se convertir nun dos nosos clásicos. Un escritor, además, que xa leva posto a proba a súa capacidade en moi diversos eidos da actividade literaria: narración breve, contos infantiles, novela, teatro infantil, crítica e investigación literaria... Unha actividade que, aos trinta e tres anos, de certo que non é nada común. Este importante premio de agora, pois, ven confirmar unha vez máis a importancia de Carlos Casares nas nosas letras de hoxe.

A persoalidade literaria de Carlos Casares, dentro da mocedade creadora galega de hoxe en día, vense afirmando e arrequecendo dende que, alá no ano 1967, aparecera o seu inesquecible libro de narracións, *Vento Ferido*. Un libro nacido na primeira mocedade do autor, que non chegara cheo da frescura da mocedade, mais tamén no que xa se botaba de ver o que sempre serían características deste singular escritor: craridade, equilibrio, o traballado artellamento da súa expresión literaria.

E despóis dese libro xa clásico da moderna narrativa galega, *A Galiña Azul*, un dos máis fermosos da nosa recén nada literatura infantil, literatura que Carlos Casares contribuíu a iniciar dunha maneira ben decisiva, aportando a ela dúas pezas tamén clásicas xa, como sin dúbida o son ese libro e máis *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, singular peza de teatro infantil que pode ser honra de calquera literatura culta. E, no ano seguinte, aparece a súa primeira novela, *Cambio en tres*, unha orixinal narración na que novas técnicas do arte de novelar atopan aclimatación galega. Un relato do que se ten dito "traduce as reflexións críticas dun mozo encol das vivencias da súa infancia. Nel fai gala o autor de axilidade e imaxinación, e conta nun idioma de grande expresividade, apoiándose nunha técnica variegada e particular". Ben se pode decir, pois, que todo o que Carlos Casares tocóu soupo convertilo en xoia literaria. E así o acreditan tamén tres importantes premios literarios concedidos en intres moi diversos e noutras tantas alonxadas xustas, e baixo o xuicio de moi diferentes xueces, que deron ás nosas letras tres libros singulares —o derradeiro deles, a novela *Xoguetes pra un tempo prohibido*, que ven sinalar un novo acontecemento literario en Galicia.

Pero, ademáis do Carlos Casares creador, temos o investigador e crítico posto de manifesto na edición crítica de *Aires da miña Terra*, de Curros Enríquez, que "Galaxia" ten no prelo. Dono o Casares dunha sólida cultura humanística e dispoñendo dunha información ao día, e dotado tamén da fina sensibilidade que xa en tantas ocasións nos tiña revelado —lembremos a súa fermosa traducción galega de *Le Petit Prince*, de Saint-Exupéry—, é natural que fixera desta primeira edición crítica do libro de Curros unha obra indispensable pra o estudo e conocemento do poeta de Celanova, á par que reporta unha grande utilidade e seguridade pra calquera lector que queira dispoñer de textos críticos do noso gran poeta. Un demorado traballo de investigación e crítica, que máis de manifesto se pón cánto máis nos achegamos ás súas páxinas, aos xuicios que formula, ás notas que contén. Os estudos sobre Curros Enríquez —tan desnortados ás veces e tan lonxe de seren crarificadores—, arrequéntanse neste libro que será sempre peza fundamental pra a fixación dos textos, polos xuicios críticos, pra a situación da persoalidade histórica de Curros, polas notas que crarexan os textos do poeta. E ben merecía éste que outro importante escritor galego acometera o labor de dispoñer a edición crítica de *Aires da miña Terra*, libro no que veñen coincidir dous escritores galegos ben siñificativos de tan diversos intres da nosa cultura —o Curros precursor e o Casares porvirista—; dous escritores de tan distantes sensibilidades —o alporizado Curros e o sempre medido Casares—; dous escritores que tan ben representan o seu tempo —o progresista Curros e o cosmopolita Casares—, que xuntan os seus nomes nun libro que, hai anos xa, levaba agardando a cultura galega.

O importante premio que agora se lle concede á novela de Carlos Casares, ven poñer de manifesto —diríamos que unha vez máis— a real importancia deste escritor noso que, en plena mocedade aínda, ten aportado xa ás nosas letras unha obra feita, diversa e orixinal, reveladora da presencia dun escritor verdadeiro. E coidamos que a millor proba desta afirmación será a novela mesma, *Xoguetes pra un tempo prohibido*, que tamén "Galaxia" vai editar.

GRIAL

REVISTA GALEGA DE CULTURA

Precios de venta e suscripción

Número solto	100 ptas.
Estranxeiro	150 "
Suscripción anual, 4 números	360 "
Estranxeiro	540 "

Redacción e Administración

Editorial Galaxia — Reconquista, 1 — V i g o

Impreso nos talleres de ARTES GRAFICAS GALICIA, S. A.
Segovia, 15 — V i g o — Dep. Legal: VG - 99 - 1963


EDITORIAL
GALAXIA, SA